



**IES EDUARDO BLANCO AMOR
(OURENSE)**



**PROGRAMACIÓN
XERAL ANUAL 2022-23**

ÍNDICE

CAPÍTULO I	3
1 Características máis relevantes do Centro.....	6
1.1 Contexto socio-cultural e evolución.....	6
1.2 Profesorado.....	6
1.3 Persoal non docente	6
1.4 Equipo directivo	6
1.5 Alumnado	7
2. Resultados académicos	8
3. Obxectivos para o curso académico	10
Plan de mellora das instalacións do Centro	17
4. Horario xeral do Instituto.....	18
4.1 Horario Lectivo	18
4.2 Servizos complementarios e instalacións do Centro	18
4.3 Horario de verán.....	19
4.4 EOI.....	19
CAPÍTULO II	21
ANEXO I.- PEC.....	22
ANEXO II.- PCC.....	22
CAPÍTULO III	23
ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E HORARIO DA BIBLIOTECA	24
PLAN ANUAL DE LECTURA	35
PROGRAMACIÓN EDLG	42
PROGRAMA DE EDUCACIÓN RESPONSABLE	50
PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO	57
CONTRATOS-PROGRAMA.....	63
ESCOLA DE NAIS E PAIS.....	64
Convive-T	65
Inclúe-T.....	66
Emociónna-T	68
EDUinnova	71

EDUsaúde. O centro como dinamizador de hábitos de vida	72
EDUsostibilidade	78
EDUexcelencia	80
Obradoiro de Matemáticas (Estimulación do talento matemático).....	80
Obradoiro de Economía	80
PROGRAMA REFÓRZA-T	81
CAPÍTULO IV	82
PLAN DE SECCIÓN BILINGÜES E PLURIBACH	83
PROGRAMA STEMbach	86
PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN	88
PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	89
PROTOCOLO COVID	111
PLAN DE IGUALDADE	112
ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS	127
Programa EduExchanges.....	128
Actividades dos Departamentos	131

documentos**CAPÍTULO I****2022-2023****IES EDUARDO BLANCO AMOR****Rúa Vicente Risco (Ourense)**

A Programación Xeral Anual é un instrumento de planificación das actividades dun curso escolar. A súa función é a de garantir a actuación coordinada de tódalas estruturas organizativas e dos equipos de coordinación docente, proporcionar a participación e colaboración de tódolos sectores da comunidade educativa e definir a distribución responsable das tarefas e actividades, para acadar os obxectivos do Centro.

- Aprobada polo C.E.
- Aprobada polo claustro nos aspectos docentes (art. 47 b) Decreto 324/96).

Art.104 Decreto 324/96 e C.I Orde de 1 de agosto de 1997

O presente índice documental baséase nas instrucións marcadas na *Orde do 1 de agosto de 1997 con instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 que aproba o Regulamento orgánico dos IES.*

INDICE DOCUMENTAL :

Documento nº 1 Plan anual.

Documento nº 2 Programacións por Departamentos.

Os restantes documentos pertencentes a este 1º capítulo serán remitidos á Inspección.

O Director



Carlos Ferreiro García

PLAN ANUAL

DOCUMENTO 1:

PLAN ANUAL 2022-2023

1 Características máis relevantes do Centro

1.1 Contexto socio-cultural e evolución

O Instituto Eduardo Blanco Amor foi inaugurado o ano 1966, sendo o segundo instituto de Ourense sostido con fondos públicos. Ofrece estudos de ESO e Bacharelato diúrno e de Adultos, nas especialidades de Ciencias, Humanidades e Ciencias Sociais. Está situado na localidade de A Ponte en Ourense, e comparte zona co IES 12 de Outubro. O barrio de A Ponte é o que ten máis poboación e máis nenos da cidade de Ourense, cun 12,9% dos nacementos na cidade, pero tamén é o que ten o menor índice de nivel cultural (expresa a porcentaxe de poboación con estudos secundarios ou universitarios), cun un 59,1% da poboación.

A gran maioría do alumnado de ESO procede dos colexios adscritos: o CEIP de Prácticas, o CEIP Albino Núñez, CPR Cardenal Cisneros (1º Bach), CPR María Auxiliadora (1º Bach) e CPR Maristas Santa María (1º Bach).

1.2 Profesorado

O claustro de profesores está actualmente composto por 72 membros, 60 (84%) deles con destino definitivo no Centro e un con xornada reducida. Contamos coa colaboración de 1 auxiliar de conversa na modalidade de centro PluriBach.

Do total de profesorado, 53 son Profesores de Educación Secundaria, 10 Catedráticos, 7 mestres (2 especialistas en pedagogía terapéutica e 1 a media xornada e 1 especialista en audición e linguaxe) e 2 profesores de Relixión.

1.3 Persoal non docente

Actualmente o Centro dispón de 2 administrativas, 3 conserxes, dous de horario de mañá e 1 de tarde, e 5 limpadoras/es. O servizo de cafetería faise por concurso público.

O persoal non docente constitúe un colectivo moi importante para o Instituto, pois eles son os que proxectan a primeira imaxe do Centro. A xestión administrativa, a limpeza e a información e atención ó público son aspectos necesarios na organización dun centro e fundamentais para facilitar a convivencia. Por iso cómpre apoiar o traballo dos que realizan estas tarefas e ter en conta a súa opinión, experiencia e coñecemento para que se impliquen na súa organización e funcionamento.

1.4 Equipo directivo

O equipo directivo está composto de cinco membros:

Director: Carlos Ferreiro García

Secretario: Luis Civeira Rodríguez

Xefa de Estudos: María Asunción de la Fuente Cid

Vicedirectora: María de la Concepción Álvarez Torres

1.5 Alumnado

No actual curso 2022-23 hai 627 estudantes, que cursan ensinanzas de ESO e Bacharelato. Este curso non se impartirá o Bacharelato de Adultos

O alumnado está distribuído da seguinte forma:

N I V E L E D U C A T I V O		MODALIDADE	CURSO	Nº DE GRUPOS	Nº DE ESTUDANTES
	ESO			1º	5
			2º	5	123
			2º PMAR	1	9
			3º	4	100
			4º	4	89
BACHARELATO		CC. SOCIAIS E HUMANIDADES	1º	5	44
		CIENCIAS E TECNOLOXÍA			62
		CC. SOCIAIS E HUMANIDADES	2º	4	57
		CIENCIAS E TECNOLOXÍA			37

2. Resultados académicos

Os resultados do curso 2021-22 melloraron todos os niveis con respecto ó anterior, menos en 2º e 3º de ESO.

DATOS DE TITULACIÓN E PROMOCIÓN

PROMOCIONARON

1º ESO	77,04%
2º ESO	80%
3º ESO	82,82%
1º BAC	70,08%
1º BAC Ad	16,67%

TITULARON

4º ESO	84,70%
2º BAC	90,15%
2º BAC Ad	57,14%

5 matrículas de honra en 2º Bacharelato con nota de corte de 9,7.

4 matrículas de honra en 4º de ESO con nota de corte de 9,47.

20 alumnos promocionaron por imperativo legal.

Preocupa especialmente a actitude do alumnado repetidor que non adoita acadar a promoción. Moitos deles ampáranse na PIL e iso fai complexo establecer un programa de actuación que resulte eficaz.

Nos pendentos, en xeral, houbo bos resultados, aínda que unha minoría desentendeuse deste tipo de probas. A atención ás pendentos faise máis destacada canto maior é a idade dos alumnos e máis alto o nivel educativo no que se atopan. Insistir en que preparen e se presenten ós exames é fundamental. Ofreceráse 6 horas de clases pola tarde ao alumnado con Matemáticas pendentos de 1º, 2º, 3º da ESO e 1º de bac. A Xefatura de Estudos coordina e avalía o proceso para este alumnado.

ANÁLISE DOS RESULTADOS DAS PROBAS EXTERNAS

ABAU: os resultados deste curso no bacharelato ordinario melloraron de maneira notoria. Na convocatoria de xuño presentáronse 67 estudantes ás probas ABAU e aprobou o 96%; na convocatoria de setembro presentáronse 11 e a porcentaxe de aprobados é do 82%.

8 estudantes obtiveron o Diploma de Excelencia que outorga a Universidade de Santiago por ter 9 ou máis puntos na fase xeral das probas.

No Bacharelato de Adultos presentáronse na convocatoria de xuño 2 estudantes e aprobou o 100%.

PREMIOS EXTRAORDINARIOS: un alumno de bacharelato e máis unha alumna de ESO.

PROBAS EXTERNAS EN INGLÉS E FRANCÉS

Este curso, o Instituto será, de novo, sede para a realización dos exames convocados pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia co fin de obter a acreditación dos niveis B1, B2 e C1 en Inglés e Francés. Os Departamentos implicados coordinasen a participación do alumnado. As probas diríxense ao alumnado dos Centros Plurilingües 4º da ESO e bacharelato.

Na convocatoria do ano 2022, 157 alumnas/os que se presentaron ás probas 108 deles certificaron nivel (B1, B2 e C1):

- 52 alumnas/os certificaron ISE I (B1).
- 39 alumnas/os certificaron ISE II (B2).
- 17 alumnas/os certificaron ISE III (C1).

3. Obxectivos para o curso académico

Os obxectivos que se presentan nesta Programación Xeral parten de propostas de mellora que se recollen na memoria de fin de curso así como da necesidade de adaptar a nosa oferta educativa á realidade actual e ós cambios normativos que se están producindo.

No presente curso 2022-2023 as actuacións centraranse nos seguintes aspectos:

1) Revisión e actualización das NOF.

- a) Precisar a normativa ao abeiro da ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- b) Procedemento de reclamación das cualificacións obtidas ao abeiro da ORDE do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

2) Plan de convivencia. A Aula de Convivencia é una estratexia organizativa de xestión pacífica dos conflitos ou problemas persoais, ofrecendo ao alumnado a oportunidade para a reflexión e mellora persoal. A súa finalidade é a atención do alumnado con condutas disruptivas, alumnado causante dun conflito puntual ou alumnado con problemas emocionais. No noso Centro esta aula leva xa creada moitos anos cun traballo en conxunto entre os titores, o Departamento de Orientación e a Xefatura de Estudos. Fomentar a colaboración e a comprensión das familias na procura de solucións conxuntas aos conflitos.

A actividade correspondente á aula de convivencia recaerá na Xefatura de Estudos, que asume as funcións da mencionada aula con vocación integradora e inclusiva. Con todo, e en función das necesidades que se foron observando neste comezo de curso, cremos necesaria a colaboración de máis persoal, polo que se procederá a un reaxuste das gardas buscando a colaboración do profesorado do que se poida dispor para a atención dunha aula de convivencia que permita reconducir por medio dun traballo continuado o comportamento de determinados alumnos.

Para este curso e os seguintes integraremos todo este labor dentro do programa de Educación Responsable referido no Capítulo III desta PXA.

3) Atención á diversidade. Seguimento pola Xefatura de Estudos e a Dirección dos alumnos de agrupamento específico:

- Formarase un grupo de Adquisición de Linguas para o alumnado (7) procedente do estranxeiro, que descoñeza as dúas linguas oficiais de Galicia. Estes grupos teñen por

finalidade o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino, de xeito que se posibilite, canto antes, a súa incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso en que estea escolarizado.

- Tamén formarase sete grupos de reforzo en Lingua Galega e Castelá e en Matemáticas para os alumnos con exención de Francés.
- Tamén se ampliará as horas de clases fóra do horario lectivo para o alumnado con materias pendentes. Ofreceranse, semanalmente, sete horas de Matemáticas.
- Debido ao aumento do alumnado proveniente doutros países que solicitan a exención regulamentaria de Lingua Galega, ou Departamento de Lingua Galega impartirá catro horas semanais de iniciación a esta lingua, dentro do período lectivo correspondente á devandita materia. Así mesmo, contribuirase á integración na cultura galega.
- Control sobre o paso de alumnos desde o grupo de referencia ós agrupamentos (reforzo). O titor e o Orientador acordarán sobre a viabilidade ou non de realizar os cambios.
- Colaborar co departamento de Orientación na atención ós alumnos con NEE, na súa integración e desenvolvemento no ámbito académico e humano.
- Comunicación cos Centros adscritos e análise conxunta dos procedementos instrumentais básicos para o paso desde a primaria á secundaria.

4) Mellora do ámbito científico e tecnolóxico. Pretendemos que o noso alumnado cultive a curiosidade e desenvolva habilidades para a indagación e a investigación.

MEDIDAS/INICIATIVAS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
Bacharelato STEMBach	1º e 2º Bacharelato	Departamentos de Matemáticas, Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía, e Inglés	Todo o curso
Proxecto Investiga	4º ESO	Departamento de Bioloxía e Xeoloxía	2º e 3º avaliación
Premio Stephen Hawking de xoves investigadores	2º de Bacharelato	Departamentos de Matemáticas e Bioloxía e Xeoloxía	Marzo 2023
Visita ao CERN	1º de Bacharelato	Equipo STEMBach	Xuño 2023
Rally Matemático, Canguro Matemático, Pangea, Olimpíada Científica Xuvenil e Olimpíadas de	ESO e Bacharelato	Departamento de Matemáticas	Todo o curso

Matemática			
Obradoiro de Matemáticas	ESO e Bacharelato. Tamén alumnado doutros centros	Departamento de Matemáticas	Todo o curso
Obradoiro de Economía	4º ESO e Bacharelato	Departamento de Economía	Todo o curso

- 5) **Mellora das linguas estranxeiras.** Como centro PluriBach consideramos que é importante continuar impulsando o proxecto de mellora da aprendizaxe das linguas estranxeiras.

MEDIDAS/INICIATIVAS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
Viaxe a Londres ou Intercambio cultural a Inglaterra	Alumnado PluriBach	Vicedirección	Maio
DELF Scolaire. B1, B2 e C1	ESO e Bacharelato	Departamento de Francés	Abril
Bacharelato PluriBach	Bacharelato	Departamento de Filosofía	Todo o curso
Certificacións B1, B2 e C1	ESO e Bacharelato	Departamento de Inglés e Francés	Abril
Intercambios culturais Inglés e Francés	ESO e Bacharelato	Departamento de Inglés e Francés	Maio - xuño

- 6) **Mellorar a comunicación, a capacidade crítica e de análise.** Pretendemos que o alumnado se exprese con confianza e creatividade nas dúas linguas propias de Galicia. E que desenvolva unha apreciación crítica da súa propia cultura, así coma dos valores e tradicións dos demais.

MEDIDAS/INICIATIVAS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
Premio de narrativa San Clemente	1º e 2º Bacharelato	Departamentos de Lingua Castelá e Lingua Galega	Xuño: entrega ao xurado das obras por modalidade. Novembro: Resolución do xurado de

			estudantes. Marzo: Entrega dos premios a escritores gañadores.
Teatro	ESO e Bacharelato	Profesora de Teatro	Outubro a maio
Clubs de Lectura	ESO e Bacharelato	Departamentos de Lingua Castelá e Lingua Galega	Todo o curso
European Youth Parliament	ESO e Bacharelato	Departamento de Filosofía	Novembro a maio
Torneo de Debate Académico de Galicia	ESO e Bacharelato	Departamento de Filosofía	Novembro a maio
Certame Literario Rosa Gómez e Premios Minerva	ESO e Bacharelato	Departamentos de Lingua Castelá e Lingua Galega	Todo o curso

7) Promover a motivación e o interese dos alumnos e orientar o seu proceso de aprendizaxe.

- a) Levar a cabo un programa de "Resolución de conflitos" e "Xestión de emocións" para os alumnos da ESO de tres sesións de titoría, coordinado pola Xefatura de Estudos.
- b) Proporcionar os recursos e condicións precisas para facilitar as aprendizaxes: Manter e actualizar a dotación de TIC'S nas aulas, fomentar o uso da aula virtual como ferramenta educativa e actualizar a páxina web con maior frecuencia.
- c) Informar os pais sobre as cualificacións e faltas de asistencia mediante mensaxes a través do Abalar. É a nosa intención seguir insistindo no control do absentismo dos alumnos, xa que cremos na utilidade desta medida como un factor preventivo do fracaso e o abandono escolar.
- d) Fomentar o uso das instalacións, tanto dentro como fóra do horario lectivo, que convertan ao centro nun lugar de encontro para o desenvolvemento de actividades culturais, académicas e deportivas que lle confiran unha identidade propia á nosa institución, co fin de fortalecer o espírito de pertenza entre os nosos alumnos.
- e) Informar ás familias sobre a traxectoria dos alumnos e facilitarlles estratexias de apoio no proceso de ensino-aprendizaxe mediante, polo menos, unha entrevista individual co titor, e unha reunión xeral cos pais do grupo. Para realizar o control

sobre o número de entrevistas mantidas polos titores cos pais ou nais dos alumnos, utilizarase o documento existente para iso.

8) Inculcar nos nosos alumnos hábitos de vida saudable a través da Educación Física e a práctica de deportes.

- a) Club de Baloncesto. Escolas deportivas de Patinaxe, Bádminton e Hockey.
- b) Carreira Pedestre do San Martiño (Departamento de Educación Física).
- c) Actividades deportivas e lúdicas nos recreos, organizadas polo Departamento de Educación Física.

9) Mellora da xestión de espazos e recursos materiais e tecnolóxicos.

10) Revisión e elaboración da oferta educativa no marco da nova lei. A oferta deberá ser revisada cara ó curso 2023/24, tendo en conta a nova lexislación e a formulación curricular que dentro das marxes legais queira promover o IES.

11) Educación dixital. Procuraremos promover, un ano máis, a inclusión do IES en proxectos dixitais que pensamos supoñen unha ferramenta fundamental para complementar a metodoloxía de traballo no proceso de ensino aprendizaxe, facilitando un maior desenvolvemento das competencias clave e que supón, ademais, unha vantaxe económica para as familias. Pensamos que a estabilidade do equipo docente pode permitir incorporarse a esta proposta.

12) Plan de Igualdade. O Plan de Igualdade do Centro é un documento no que se recolle un conxunto de actuacións, medidas e accións cuxo principal obxectivo é implementar a coeducación na práctica pedagóxica do noso centro educativo. É un documento realista e operativo que debe contemplar o compromiso público da comunidade educativa, accesible para todos e todas, con obxectivos afíns aos establecidos no plan de igualdade e prevención da violencia de xénero, cuxa concreción é responsabilidade do programa de igualdade e educación afectivo-sexual da Consellería de Educación. Este Plan de Igualdade é unha estratexia planificada, flexible e revisable, comezado no curso 2020-21 e que actualizaremos no presente curso.

13) Plan Dixital do Centro. Elaboración dun plan dixital de implementación efectiva no curso 2022-23 coa participación maioritaria do claustro, cuxos obxectivos son facilitar a integración e o desenvolvemento das tecnoloxías dixitais nos procesos formativos e optimice a xestión dos recursos humanos e materiais do centro, promover o uso das ferramentas de avaliación e diagnose dos centros educativos respecto á competencia dixital e mellorar a competencia dixital dos membros da comunidade educativa para transformar os centros en organizacións educativas dixitalmente competentes nos procesos de ensino-aprendizaxe, de xestión e de relación

14) Continuidade:

12.1 Organización, funcionamento da biblioteca e Plan de Lectura.

Seguiremos as instrucións marcadas o 6 de setembro de 2022 pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos en relación co organización e funcionamento da biblioteca no curso 2022-23. Así mesmo no decreto 86/2015 do 25 de xuño, artigo 38, a biblioteca é considerada como un programa educativo e ten como obxectivos ser un centro de recursos e oportunidades para a lectura, a aprendizaxe e a información; un punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, a adquisición de competencias claves, as metodoloxías activas e o traballo colaborativo, e ademais que estimule os intercambios culturais no centro docente.

Na ESO remárcase que debe dedicarse un tempo á lectura na práctica docente de todas as materias. Así mesmo establece que o alumnado de bacharelato debe adquirir, ademais, un manexo adecuado da información en diferentes soportes e procedente de distintas fontes, incluída a biblioteca escolar, en liña co concepto de alfabetizacións múltiples.

A “**alfabetización múltiple**” entendida como a comprensión, utilización e avaliación crítica de diferentes formas de información, incluídos os textos e imaxes escritos, impresos ou en versión electrónica.

A organización da biblioteca conta cun coordinador e cun equipo de apoio e xestión da mesma. Conta tamén cunha comisión integrada por membros do CE.

12.2 Impulso da aplicación Abalar, moi especialmente de AbalarMóbil, para comunicar faltas de asistencia e outras informacións, ademais da incorporación das novas funcionalidades.

Insistencia ante as familias para que se poida xeneralizar o uso desta ferramenta. Tanto na folla de matrícula como a través da comunicación dos titores cos pais. Informarase e darase uso das novas funcionalidades incorporadas na devandita aplicación para este curso

12.3 Plan de autoprotección.

Levaranse a cabo 2 simulacros.

Centrarase a actuación en:

- Información a alumnos e profesores.
- Reforzo da información nas titorías. Especialmente 1º e 2º ESO.
- Colocación nos tableiros das aulas do cadro de actuacións.

Contamos coa colaboración do profesor Francisco Boán que asumirá este labor así como o de revisar e modificar o plan naqueles aspectos que deben adaptarse á distribución de espazos que actualmente ten o IES.

Doutra banda, está a supervisarse o Plan de Autoprotección do Centro por parte da Consellería e promovendo a participación en cursos de intervención en incendios e evacuación e de primeiros auxilios e asistencia de emerxencia.

15) Limpeza , respecto ás instalacións, aforro de enerxía.

Semanalmente pásaselle un documento ó servizo de limpeza para que indique as posibles incidencias que se rexistran cada día nas aulas. Todos debemos de insistir na necesidade de manter limpo o contorno e indicarlles ós alumnos que debe respectarse o espazo da aula e do IES, así como o seu mobiliario. Especialmente os profesores de última hora, que poden indicarlle ós alumnos que deixen as cadeiras recollidas enriba das mesas. E conveniente tamén que as luces e os ordenadores das aulas queden apagados.

16) Acordar medidas na CCP para mellorar os resultados nas probas ABAU.**17) Plan director para a convivencia e a mellora da seguridade no Centro e no seu contorno.**

Dirixido a ESO e Bacharelato sobre temas de Novas tecnoloxías, Drogas e Alcol, Delitos de odio, Violencia de Xénero e Acoso escolar.

Plan de mellora das instalacións do Centro

Proposta de reparacións e melloras no IES Blanco Amor durante o curso 2022/23.

Traballos previstos para o curso dentro da rehabilitación integral do IES Eduardo Blanco Amor centrándose na mellora da eficiencia enerxética e funcional do centro:

- Substitución das caldeiras de calefacción actuais por outras de gas natural e renovación de toda a sala de caldeiras.
- Substitución da cuberta actual de chapa metálica por outra con illamento interno.
- Recubrimiento externo das fachadas con SATE para mellorar o illamento térmico.
- Instalación de falso teito en todas as dependencias para mellorar o illamento térmico e acústico.
- Substitución das luminarias actuais por led nas aulas e corredores.
- Substitución das fiestras que aínda non contan con rotura de ponte térmica.
- Substitución das portas exteriores, sen illamento, por outras de aluminio con rotura da ponte térmica.
- Ampliación da superficie da Biblioteca e Cafetería. (Prevista para o verano do 2023).

4. Horario xeral do Instituto

Durante o curso 2022-2023 o horario lectivo do IES Eduardo Blanco Amor será o seguinte:

4.1 Horario Lectivo

Réxime diúrno: todos os días de 8:30 a 14:10 e os luns de 16 a 17:40.

Réxime vespertino:

Bacharelato PluriBach, martes e xoves de 16 a 17:40.

Bacharelato STEMbach, martes e xoves de 16 a 19:00.

Obradoiro de talento matemático: mércores de 16 a 18:00.

Materias pendentes: martes, mércores e xoves de 16 a 17:40.

4.2 Servizos complementarios e instalacións do Centro

- Transporte escolar (alumnado transportado: 26).
- Comedor escolar (xestión indirecta da Consellería de Cultura, Educación e Universidade).

Alumnado: 43

- Biblioteca: 10:10 a 10:30 e de 12:10 a 12:30 de luns a venres.
 - ✓ Luns: 9:20 a 10:30 / 11:20 a 13:20.
 - ✓ Martes: 10:10 a 10:30 / 12:10 a 12:30.
 - ✓ Mércores: 9:20 a 10:30 / 11:20 a 13:20.
 - ✓ Xoves: 10:00 a 13:20.
 - ✓ Venres: 9:20 a 11:20 / 12:10 a 13:20.
- Pavillón e pistas deportivas:

Luns de 18:00 a 22:00 e de martes a venres de 16:00 a 22:00, para actividades programadas polas diferentes escolas deportivas de Baloncesto, Patinaxe e Bádminton.

Sábados e domingos pola mañá de 9:00 a 14:00 para actividades de Baloncesto e Patinaxe.

- Oficinas: o horario de atención ao público é de 7:45 a 14:30 de luns a venres.

Horario fóra do horario lectivo: o Centro permanecerá aberto, a disposición da comunidade escolar, de 8:15 a 14:30 e de 16:00 a 22:30 de luns a xoves. Os venres a xornada de tarde é de 16:00 a 21:45.

4.3 Horario de verán

Mes de xullo: de 9:00 a 14:00.

Mes de agosto: de 10:00 a 13:00.

Os restantes días de verán, o horario é igual ao do curso.

4.4 EOI

ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS SECCIÓN: A PONTE**INGLÉS****CURSO 2022-2023**

PROFESORA: Nieves Honrado Juan - XEFATURA DE SECCIÓN						
Horario	LUNS	MARTES	MÉR.	XOVES	VENRES	AULA
18:00-20:00		IN-FOR-1ºB1-60A-1/ IN-FOR-B1-60B-1		IN-FOR-1ºB1-60A-1/ IN-FOR-B1-60B-1		A

PROFESORA: Reyes Pérez Rodríguez						
Horario	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	AULA
17:00-19:00		IN-A1-1		IN-A1-1		B
19:00-21:00		IN-A1-2		IN-A1-2		

PROFESORA: Sonia Carcacía Aparicio						
Horario	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	AULA
16:00-17:00						C
17:00-18:00			IN-B1-1		IN-B1-1	
18:00-19:00	IN-PUB-XER- B1-60C-2	IN-B1-2		IN-B1-2		
19:00-20:00					IN-PUB-XER- A2-60C-1	
20:00-21:00		IN-B1-3		IN-B1-3		
21:00-22:00						

PROFESORA: Elisa Blanco Fernández						
Horario	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	AULA
16:00-17:00			IN-A2-1		IN-A2-1	D
17:00-18:00		IN-A1-A2-1		IN-A1-A2-1		
18:00-19:00	IN-A2-2		IN-A2-2			
19:00-20:00						
20:00-21:00		IN-A1-A2-2		IN-A1-A2-2		
21:00-22:00						

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

documentos

CAPÍTULO II

2022-2023

IES EDUARDO BLANCO AMOR

Rúa Vicente Risco (Ourense)



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL
INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA "E. BLANCO AMOR"
Vicente Risco 13 -32001- OURENSE – Tfno.:988219843 –FAX:988219845
<http://www.edu.xunta.es/centros/ieseduardoblancoamor>



ANEXO I.- PEC

O PEC, así como os documentos que del deriven, tentarán reformarse neste ano á luz do que establece o decreto 86/2015 do 25 de xuño.

ANEXO II.- PCC

Envíanse como anexo a programación para o presente curso 2022-23.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

documentos

CAPÍTULO III

2022-2023

IES EDUARDO BLANCO AMOR

Rúa Vicente Risco (Ourense)

ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E HORARIO DA BIBLIOTECA



PLAN ANUAL da BIBLIOTECA ESCOLAR



BIBLIOTECA
IES BLANCO AMOR
o u r e n s e

Bibliotecas
escolares
de Galicia



**IES EDUARDO BLANCO AMOR
OURENSE**

Curso 2022/2023

CONSTITUCIÓN E FUNCIÓNS DO EQUIPO DA BIBLIOTECA

Manuel Ruido Bouzas

COORDINADOR da Biblioteca

EQUIPO	Xestión. Dinamización da Biblioteca e do Plan de lectura	Gardas de hora (Préstamo, xestión e dinamización)	Gardas recreo (préstamo)
<i>Álvarez Álvarez, María José</i>	X		
<i>Baladrón Zeeh, María Magalí</i>		X	
<i>Castro Rocha, Paula</i>	X	X	
<i>Civeira Rodríguez, Luis</i>	X		
<i>de la Fuente Cid, María Asunción</i>	X		
<i>Domínguez Pérez, Ángel</i>	X	X	
<i>Estévez Araújo, Esperanza</i>		X	
<i>Fernández Fariñas, María Luisa</i>		X	
<i>González Gil, Avelina</i>		X	
<i>González Rodríguez, Sira</i>	X		
<i>Linares López, María Victoria</i>	X	X	
<i>López Nóvoa, Milagros</i>		X	
<i>Menéndez Llorente, Adriángela</i>			X
<i>Poveda Rodríguez, María Stella</i>		X	X
<i>Prada Prada, María José</i>			X
<i>Rodríguez Valcarce, María Josefa</i>	X	X	
<i>Romero González, María</i>		X	
<i>Ruido Bouzas, Manuel</i>	X	X	X
<i>Seara Pazo, Margarita</i>			X
<i>Varela Núñez, M^a de las Mercedes</i>		X	

INTRODUCCIÓN

Un considerable número de estudos mostran unha relación positiva entre a Biblioteca Escolar e o logro cuantificable do alumnado en comprensión lectora, nivel de alfabetización e a aprendizaxe en xeral.

Unha biblioteca escolar que funcione ben debe:

- ✓ Ser accesible para toda a comunidade educativa
- ✓ Ofrecer unha ampla gama de materiais e recursos.
- ✓ Contar cun fondo que abarque diferentes niveis de lectura
- ✓ Apoiar o " aprender a ler" e o " ler para aprender", con textos informativos e didácticos e imaxinativos.
- ✓ Agregar novos recursos durante todo o ano, o que permite manter coleccións dinámicas.

A adquisición, organización e difusión de recursos para apoiar o **plan lector** do centro a través da Biblioteca supón un beneficio para todos, posto que o feito de proporcionar oportunidades e libros para ler é crucial para que ningún alumno poida quedar marxinado por motivos socioeconómicos.

A biblioteca escolar debe estar concibida como centro de recursos para a ensinanza e a aprendizaxe, contribuíndo ao desenvolvemento das competencias básicas e facilitando accións transversais e transdisciplinares. Non existe ningunha área ou materia que permaneza á marxe da competencia lectora, e a Biblioteca escolar deberá servir para xestionar e coordinar todos os recursos que a comunidade educativa requira para acadar estas competencias.

No momento de elaborar o novo proxecto para este curso, o punto de partida debe ser unha análise detallada da situación real da Biblioteca, é dicir, avaliar todos aqueles aspectos que teñan unha incidencia determinada sobre os que deben ser os eixes fundamentais do Plan de mellora:

1. Xestión da parte técnica da Biblioteca
2. Dinamización do uso da Biblioteca e dos seus recursos
3. Fomento do hábito lector

Todas as actividades e actuacións deberán estar dirixidas a acercarnos cada vez máis a estes obxectivos xerais.

CADRO DE GARDAS E HORARIO DE TRABAJO DO EQUIPO

Temos un horario de gardas de biblioteca que non cubre todas as horas lectivas, por non ter suficiente profesorado. Nos recreos segue habendo, non obstante, profesorado de garda. Habilitamos, tamén, un equipo con alumnado voluntario que apoia nos recreos ao profesorado de garda. E queremos crear outro equipo de voluntarios para colaborar en distintas tarefas. No seguinte horario incluímos tamen as horas de dinamización (coordinación e reunións do grupo de dinamización e do grupo encargado do plan lector).

GARDAS BIBLIOTECA 2022-2023

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:30 9:20					
9:20 10:10	VICTORIA LINARES		MERCEDES VARELA	FINA RODRÍGUEZ	
RECREO	STELLA POVEDA	MANUEL RUIDO	ADRIÁNGELA MENÉNDEZ	STELLA POVEDA	STELLA POVEDA
10:30 11:20		MARÍA ROMERO	MILAGROS LÓPEZ	MARÍA ROMERO	
11:20 12:10	MARISA FERNÁNDEZ	STELLA POVEDA	ESPERANZA ESTÉVEZ	PAULA CASTRO AVELINA GONZÁLEZ	MAGALÍ BALADRÓN
RECREO	M ^a JOSÉ PRADA	STELLA POVEDA	M ^a JOSÉ PRADA	MANUEL RUIDO	MARGA SEARA
12:30 13:20	ANXO DOMÍNGUEZ				STELLA POVEDA
13:20 14:10					

ALUMNADO AXUDANTE DA BIBLIOTECA. SERVIZO DE VOLUNTARIADO

Dende o curso 2013-14 a Biblioteca ten en marcha un programa de voluntariado:

Hai cinco anos adherímonos ao Plan da Consellería, *Bibliotecas solidarias*. Este curso volvemos a adherímonos ao citado Plan da Consellería, *Bibliotecas solidarias*. Fixemos unha campaña de captación para animar a alumnado novo e veterano a participar en tarefas de voluntariado na Biblioteca escolar. No curso pasado notamos un descenso considerable na participación do alumnado, que trataremos de resolver este curso.

Nesta momento estamos elaborando o plan que permita a formación dun pequeno grupo de colaboradores para axudar ao profesorado que fai garda de recreo. Proximamente trataremos de formar outro grupo con alumnado que poidan traballar na Biblioteca cando sexan requiridos por un profesor do equipo en horas fóra do recreo, sempre que sexa posible.

PLAN DE ACTUACIÓNS E ACTIVIDADES

A Biblioteca do noso centro xestiona unha cantidade extraordinaria de fondo bibliográfico: actualmente hai mais de **dezasete mil rexistros** informatizados co programa KOHA.

Neste espazo "conviven" cunha boa parte do fondo antigo, as seccións de Literatura Clásica, Actual e Xuvenil, que van ser reformadas, así como outras seccións máis pequenas: Cómic, Divulgación científica, Non ficción, Dicionarios, Enciclopedias, Biografías, Inglés, Francés, Latín, Grego, Ciencias, Sociais, ...

Ao longo dos catro últimos cursos os departamentos retiraron da Biblioteca libros e manuais para uso interno do propio departamento; debemos dicir que este proceso está practicamente finalizado.

Continuamos actualizando o expositor de **Novidades**.

Xa temos un moble adecuado para o Cómic e a Novela gráfica. Creemos que estes formatos deben de estar en caixóns descubertos por riba e máis ao alcance da man.

Seguirase incidindo na **optimización de espazos**: Un dos obxectivos deste curso é continuar traballando para que a nosa Biblioteca sexa un lugar máis acolledor e cálido. Pretendemos incrementar a súa utilización, por exemplo, aloxando algunhas reunións dos clubs de lectura e algunha actividade máis de animación. Continuaremos traballando na mellora do mobiliario: conseguir algunha librería móbil, máis mesas e cadeiras, etc.

Aparte destas tarefas, seguiremos con aquelas que deben facerse durante todos os cursos, e que son: *a formación de novos usuarios*, *o servizo de empréstitos* e *a adquisición e catalogación de novos fondos*.

Formación de novos usuarios

Ao principio do curso quedan rexistrados no programa KOHA todo o alumnado, todo o profesorado e os traballadores non docentes que se incorporan novos ao centro, fundamentalmente a través do XADE, polo que os **carnés de lector** que utilizabamos antes xa non estarán operativos.

Durante o mes de outubro se levarán a cabo unhas "**Visitas de recoñecemento**" á Biblioteca.

Esta actividade vai dirixida ao alumnado de 1º de ESO e supón un primeiro acercamento xeral ao espazo, os fondos e os recursos da Biblioteca. O calendario de visitas adecuarase ás clases de Titoría de cada grupo e as visitas serán dirixidas polo coordinador e os membros do equipo técnico.

De forma paralela, o **documento-guía** coas **normas de funcionamento da Biblioteca**, será exposto coincidindo co *Día das Bibliotecas Escolares*, o **24 de outubro**.

A formación de usuarios deberá traballarse máis alá da visita á biblioteca a principio do curso. As enquisas ao alumnado realizadas ó longo do curso anterior, demostran que hai que programar actividades que incidan na **aprendizaxe de busca de información documental**, de maneira que o alumnado acabe sendo autónomo nesta competencia básica. Será un dos obxectivos do equipo de Dinamización e Plan Lector; evidentemente, buscarase a colaboración do profesorado e dos Departamentos didácticos.

Servizo de empréstitos e devolucións

Este curso o horario de empréstitos e devolucións de libros continúa a ser nos dous recreos, de luns a venres, para o alumnado.

O resto da comunidade escolar poderá facelo nas horas de garda da Biblioteca. O cartel de garda de Biblioteca está exposto na entrada da mesma e tamén pode ser consultado na sala de profesores e na conserxería.

Adquisición de novos fondos

A Biblioteca Escolar debe estar claramente conectada con toda a comunidade educativa na maior cantidade de ámbitos posible. Unha función importante é a de servir de apoio, comunicación e asesoramento aos Departamentos. Polo tanto, o primeiro paso para a adquisición de novos recursos será atender ás demandas e peticións que cheguen desde os distintos Departamentos do Centro.

O coordinador transmitirá aos xefes de Departamento que apliquen como principal criterio das súas propostas a importancia de contar cun banco de recursos dirixido a satisfacer as inquiredanzas lectoras e necesidades educativas do noso alumnado.

A medida que se vaian incorporando as novas adquisicións, catalogaranse e serán rexistradas en KOHA.

Promoción e difusión dos fondos

Tan importante como a adquisición de novos fondos bibliográficos e demais soportes é, sen dúbida, a **promoción e difusión** deles.

O equipo da Biblioteca empregará os seguintes medios para desenvolver esta tarefa:

- Colocación das **novidades** nun expositor vertical, dentro da Biblioteca.
- Xestión do **espazo fixo** na entrada do Centro, onde se colocarán ao longo do curso "posts" relacionados coa Biblioteca: recomendacións de libros, noticias de prensa relacionadas coa literatura e a cultura, novidades de fondos, anuncios de actividades da Biblioteca...
- Xestión do **buzón de recomendacións**, onde sexan o propio alumnado o que recomende aos compañeiros, mediante breves reseñas, aqueles libros que lles gustaron. Estas suxestións colocaranse no taboleiro da entrada.
- Elaboración de **guías de lectura** sobre xéneros literarios ou áreas de especial interese para o alumnado, e que poidan axudar a atopar libros próximos ás súas preferencias persoais.
- Elaboración de guías de **lectura por eixos temáticos ou boletíns**. Parécenos importante á hora de orientar a aqueles alumnos que chegan á biblioteca sen ter nada claro que libro ler.
- Realización de **encontros e tertulias con autores** e novas presentacións de libros, en colaboración cos departamentos de Lingua Galega e Lingua Castelá.
- Elaboración de **suxestións lectoras** ao longo do curso.
- **Montaxe de exposicións especiais e xincanas literarias** en torno a un eixo temático (por exemplo, os libros de contido histórico).
- Posta en marcha de **cinco grupos de lectura**, un en 1º de ESO, outro en 2º de ESO, un en 3º de ESO, un de Filosofía para toda a ESO, e un para adultos (profesorado, pais, nais,...). Ademais en 4º de ESO teremos un grupo chamado Faladoiro, para practicar a oralidade. O alumnado de 4º de ESO e 1º de BACHARELATO terán a oportunidade de asistir ás Tertulias Literarias que organiza o Concello de Ourense, nas que participamos desde hai bastantes anos.

ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DOS CLUBS DE LECTURA

COMPOSICIÓN E PARTICIPANTES

- Grupo de 1º da ESO. Coordinadora: Milagros López Nóvoa (Profesora de Lingua Galega).
- Grupo de 2º da ESO. Coordinadora: Milagros López Nóvoa (Profesora de Lingua Galega).
- Grupo de 3º da ESO. Coordinadora: Carmen Trigo Estévez (Profesora de Lingua Galega).
- Faladoiro. Alumnado de 4º de ESO. Coordinadora: M^a Josefa Rodríguez Valcárcel (Profesora de Lingua Galega e Coordinadora de Dinamización Lingüística)
- Alumnado de ESO. Club de Lectura de Filosofía. Coordinador: José Manuel Domínguez de la Fuente (Profesor de Filosofía).
- Grupo de ADULTOS. Coordinadora: Ana Pita Castro (Profesora de Lingua Castela e Literatura).
- Tertulias Literarias do Concello de OURENSE. Alumnado de Literatura Universal. Coordinadora: Avelina González Gil (profesora de Lingua Castelá e Literatura).

HORARIO E CALENDARIO

- ✓ **Reunións informativas:** Os clubs reúnenos nos recreos entre dúas e catro veces o mes, dependendo do club e do coordinador ou coordinadora.
- ✓ **Reunións de traballo e actividades:** Unha ou dúas veces ao mes en horario non lectivo (tardes)

PLAN ANUAL DE LECTURA

O decreto 133/2007 no seu anexo 5 sinala que

*Os centros educativos deberán elaborar e incluír nos seus proxectos educativos de centro, **proxectos lectores** que integren todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura e da escritura e á adquisición das competencias básicas.*

No noso Centro o proxecto lector inclúe media hora de lectura libre e diaria para o alumnado. Cada semana lemos a unha hora distinta: primeira semana, á primeira hora, segunda semana, á segunda hora, e así sucesivamente. O alumnado debe traer o material de lectura da súa casa.

A continuación detallamos o horario pormenorizado.

MES	L	M	M	X	V	HORA	ROLDA
Outubro	3	4	5	6	7	Lemos a primeira hora	Primeira rolda
	10	11	12	13	14	Lemos a segunda hora	
	17	18	19	20	21	Lemos a terceira hora	
	24	25	26	27	28	Lemos a cuarta hora	
Novembro	31	1	2	3	4	Lemos a quinta hora	Segunda rolda
	7	8	9	10	11	Lemos a sexta hora	
	14	15	16	17	18	Lemos a primeira hora	
	21	22	23	24	25	Lemos a segunda hora	
Decembro	28	29	30	1	2	Lemos a terceira hora	Segunda rolda
	5	6	7	8	9	Lemos a cuarta hora	
	12	13	14	15	16	Lemos a quinta hora	
	19	20	21	22	23	Lemos a sexta hora	
Xaneiro	9	10	11	12	13	Lemos a primeira hora	Terceira rolda
	16	17	18	19	20	Lemos a segunda hora	
	23	24	25	26	27	Lemos a terceira hora	
Febreiro	30	31	1	2	3	Lemos a cuarta hora	Terceira rolda
	6	7	8	9	10	Lemos a quinta hora	
	13	14	15	16	17	Lemos a sexta hora	
	20	21	22	23	24	Lemos a primeira hora	
Marzo	27	28	1	2	3	Lemos a segunda hora	Cuarta rolda
	6	7	8	9	10	Lemos a terceira hora	
	13	14	15	16	17	Lemos a cuarta hora	
	20	21	22	23	24	Lemos a quinta hora	
	27	28	29	30	31	Lemos a sexta hora	
Abril	10	11	12	13	14	Lemos a primeira hora	Quinta rolda
	17	18	19	20	21	Lemos a segunda hora	
	24	25	26	27	28	Lemos a terceira hora	
Maio	1	2	3	4	5	Lemos a cuarta hora	Quinta rolda
	8	9	10	11	12	Lemos a quinta hora	
	15	16	17	18	19	Lemos a sexta hora	

MEDIOS DE DIFUSIÓN. VISIBILIDADE DA NOSA BIBLIOTECA

DIXITAL

- ✚ O catálogo da Biblioteca do Centro poderá ser consultado dende a web do instituto: <http://www.edu.xunta.es/centros/ieseduardoblancoamor/>
- ✚ O programa KOHA permite acceder á información dos fondos da Biblioteca desde calquera ordenador, podendo mesmo reservar exemplares dun libro desde a casa.
- ✚ O Club Lector e o resto das actividades que se xeren dende a Biblioteca do Centro farán uso do escaparate informático que lles brinda o blog *Lecturas* enlazado tamén dende a web do Instituto; o enderezo é, <http://verbasdecores.blogspot.com.es/?view=classic> ou, no seu formato dinámico, <http://verbasdecores.blogspot.com.es/?view=flipcard>.
- ✚ Por medio do foro de correo que a Asesoría de Bibliotecas Escolares coordina plambe@googlegroups.com; a nosa Biblioteca accede por medio da súa conta, biblioteca@iesblanco.com ao escaparate das outras Bibliotecas no que tamén comparte as súas actividades; outro lugar onde o labor de Dinamización da nosa Biblioteca é visible é o blog de Bibliotecas escolares: <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/>

OUTROS MEDIOS

- ✚ Taboleiro na entrada do Instituto.
- ✚ Anuncios de actividades na *Sala de profesorado*.
- ✚ Os profesorado e o alumnado do Centro coñecen tamén os servizos e as actividades do grupo Dinamizador da Biblioteca e do Club Lector por medio de carteis, exposicións nos corredores, actividades na Biblioteca, charlas de autores,...
- ✚ Dinamizacións compartidas con centros culturais da entorna: Biblioteca da Ponte, CEIPs da zona, Outros centros de Secundaria, Concello, Asociacións de Veciños do barrio, etc.

AXENDA DE ACTIVIDADES

ACTIVIDADE	TEMPORALIZACIÓN	RESPONSABLE
▪ Recolocación dalgunhas seccións dos fondos na Biblioteca	Ao longo do curso	➤ Coordinador ➤ Equipo técnico
▪ Renovación da Sinalética (Sinais)	Mes de novembro	➤ Coordinador ➤ Equipo técnico
▪ Rexistro do novo alumnado e do persoal adulto, se fíxese falta	Mes de outubro	➤ Coordinador ➤ Equipo técnico
▪ Visitas de recoñecemento á Biblioteca	Mes de outubro	➤ Coordinador ➤ Equipo técnico
▪ Difundir e explicar as normas de funcionamento da Biblioteca	Mes de outubro	➤ Coordinador ➤ Equipo de dinamización
▪ Servizo de empréstitos e devolucións ▪ Informatización	Ao longo do curso	➤ Coordinador ➤ Equipo técnico
▪ Adquisición de novos fondos a proposta dos departamentos	Ao longo do curso	➤ Coordinador ➤ Equipo de dinamización ➤ Xefes de Departamento
▪ Rexistro e catalogación de fondos dos departamentos e novas adquisicións	Ao longo do curso	➤ Coordinador ➤ Equipo técnico
▪ Actualización do taboleiro con informacións variadas sobre a Biblioteca	Ao longo do curso	➤ Coordinador ➤ Equipo de dinamización
▪ Xestión da caixa de correos de recomendacións lectoras feitas polo propio alumnado	Ao longo do curso	➤ Coordinador ➤ Equipo de dinamización
▪ Elaboración de guías de libros ou boletíns da biblioteca sobre xéneros ou eixos temáticos	Ao longo do curso	➤ Coordinador ➤ Equipo de dinamización
▪ Encontros e tertulias con autores de literatura.	Ao longo do curso	➤ Coordinador ➤ Equipo de dinamización ➤ Departamentos Didácticos
▪ Suxerencias lectoras	Ao longo do curso	➤ Coordinador ➤ Equipo de dinamización
▪ Montaxe de exposicións e xincanas literarias	Ao longo do curso	➤ Coordinador ➤ Equipo de dinamización
▪ Posta en marcha dos clubs de	Ao longo do curso	➤ Coordinador

lectura		<ul style="list-style-type: none"> ➤ Equipo de dinamización ➤ Profesorado colaborador
---------	--	---

PLAN DE AUTOAVALIACIÓN

Para avaliar o proxecto do plan é conveniente establecer unha serie de indicadores fixos, relacionados de maneira directa coas actividades previstas e os obxectivos fundamentais citados ao principio deste documento.

Para medir os indicadores, empregaranse instrumentos sinxelos e directos, como enquisas dirixidas sobre todo aos usuarios da biblioteca, por unha banda, e por outra, a aqueles que non son usuarios.

As ferramentas que acostumaremos a empregar son: os cuestionarios subministrados dende a plataforma de Bibliotecas Escolares, **Situación da Biblioteca Escolar**, e a enquisa **Bibliotecas Escolares e hábitos de lectura**.

Este curso, continuamos a xestionar on-line a realización das enquisas, tanto para alumnado como para profesorado. O soporte será a Aula virtual do Instituto no *curso* Plan Lector: <http://www.edu.xunta.es/centros/ieseduardoblancoamor/aulavirtual/course/category.php?id=35>

Tamén se recadarán datos obxectivos a través de datos estatísticos sobre a xestión e a través de listaxes que nos informen sobre o uso da Biblioteca.

Os resultados destas enquisas incluíranse na memoria final do curso e servirán de reflexión para futuros proxectos.

Manuel RUIDO BOUZAS

Coordinador da Biblioteca escolar e dos Clubs de Lectura

Ourense, 25 de outubro de 2022

PLAN ANUAL DE LECTURA



PLAN ANUAL DE LECTURA

2022 – 2023

1. PLAN ANUAL DE LECTURA: PRESENTACIÓN CRONOGRÁFICA

CAMPO DE INTERÉS	ACTIVIDADE
<p>DESENVOLVEMENTO E DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA</p>	<p>Organización e funcionamento da biblioteca. Organización do préstamo. Horario de préstamos.</p> <p>Campaña de voluntariado 2022-2023. Posta en marcha do equipo de alumnado voluntario de Biblioteca.</p> <p>Visita á biblioteca do centro para alumnos de 1º ESO. Formación de usuarios.</p> <p>Exposicións informativas sobre a Biblioteca do IES, a da Ponte e a Nodal (visitas guiadas para alumnos de 1º da ESO á Biblioteca do instituto). DÍA DAS BIBLIOTECAS (24 de outubro)</p> <p>Comunicación cos departamentos didácticos: Recollida de suxestións de lectura. Reposición de fondos. Novos lugares de colocación.</p> <p>Coordinación trimestral cos departamentos de Lingua Galega e Lingua Castelá: Actualización de fondos e préstamo das Lecturas obrigatorias. Comunicación trimestral coa Biblioteca do barrio.</p> <p>Comemoración de efemérides: <i>Día das Bibliotecas, Día da paz; Semana dos Dereitos Humanos; Nadal; Día Internacional da Muller, Día do libro, Semana das Letras Galegas, Semana da prensa, Días dedicados a diferentes escritores (Blanco Amor, Rosalía de Castro, Xeración NOS...).</i></p>

CAMPO DE INTERÉS	ACTIVIDADE
<p>ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN Á LECTURA</p>	<p>Coordinación de cinco clubs de Lectura (1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, Filosofía, Adultos). Faladoiro. Colaboración dos clubs en animación fóra do centro: Biblioteca do barrio, outros institutos, Centro cívico, Asociacións de veciños...</p> <p>Información das novidades adquiridas pola Biblioteca aos Departamentos. Suxestións dos Departamentos á Biblioteca. Publicidade das novas adquisicións entre o alumnado.</p> <p>Exposicións guiadas: <i>Día das bibliotecas: Biblioteca escolar, territorio das artes!, ... , Exposición de traballos de Plástica e Debuxo artístico, Semana das Letras Galegas, etc.</i></p> <p>Cuestionarios / Xincanas</p> <p>Certames Literarios: Apúntate unha idea (C. Saúde), Círculo poético-ourensán, Concurso Minerva, Coca-cola, Rosa Gómez, Poeta tiñas que ser, Microrrelatos</p> <p><i>Tertulias literarias do Concello de Ourense</i></p>

	<p>Encontros con escritores e persoas do mundo da cultura e do deporte</p> <p>✓ ctividades relacionadas co control e valoración das lecturas feitas na media hora de ler dende a Aula virtual.</p> <p>Publicacións de novidades e Novos Cómics na Biblioteca</p> <p>Estimular con premios (libros) aos mellores lectores e aos participantes nos clubs de lectura, os voluntarios da Biblioteca.</p>
--	--

CAMPO DE INTERÉS	ACTIVIDADE
TEMPO DE LECTURA NA CLASE: MEDIA HORA DIARIA DE LECTURA LIBRE	<p>✓ Dixitalización dos procesos ligados á media hora de lectura:</p> <p>Novo sistema de control (avaliación na Aula virtual). A cada nivel da ESO se lle preparou un curso na Aula Virtual do centro. A enquisa da situación lectora inicial (1º ESO), os calendarios lectores trimestrais, o foro de novas para intercambiar ideas e suxestións e, a avaliación da lectura ó cabo do trimestre, realizarase neste espazo dixital coa colaboración cos titores.</p> <p>✓ A análise das roldas de lectura realizaránse a partir dos datos obtidos nos cursos da Aula virtual.</p> <p>✓ Explicar nas clases de PEMAR o Plan lector propio do ámbito.</p> <p>Control das roldas de lectura (xaneiro)</p> <p>Control das roldas de lectura (maio)</p>
LECTURA NA CASA	<p>✓ Información bibliográfica aos pais nun espazo do grupo lector na páxina Web: http://www.edu.xunta.es/centros/ieseduardoblancoamor/taxonomy/term/271</p>
BIBLIOTECAS DA CONTORNA E VIRTUAIS	<p>✓ Información na páxina Web do instituto.</p>
ANÁLISE E AVALIACIÓN DA S.L. DOS ALUMNOS	<p>✓ Enquisa sobre a situación lectora inicial do alumnado de 1º da ESO (Aula virtual). Valoración e análise comparativa con cursos anteriores.</p>
AVALIACIÓN DO RITMO E DOS GUSTOS DO LECTOR	<p>✓ A análise das preferencias de lectura por nivel realízase a partir dos datos que, ata o final do trimestre, os propios alumnos aporten sobre os libros que len. Cubrirán no momento indicado un cuestionario dixital sobre o lido na media hora diaria e terán opción a intervir activamente no foro de seu curso virtual. Este sistema acolle a todo o alumnado da ESO e a todos os profesores usuarios da Aula.</p>

AVALIACIÓN DO PLAN DE LECTURA	Avaliación de xaneiro Avaliación final
--	---

2. METODOLOXÍA PARA AS SESIÓNS DE LECTURA LIBRE NA ESO

- 1) Dedicarase **media hora diaria de lectura libre en todos os cursos da E.S.O.**
- 2) O **aporte de horas das distintas materias** terá **relación coa súa carga horaria semanal**, polo que a contribución anual necesaria para acadar esa media hora diaria de lectura será como se indica:
 - ☀ *Materias de 1 hora semanal: 5 sesións de 30 minutos (dúas horas e media por curso).*
 - ☀ *Materias de 2 horas semanais: 10 sesións de 30 minutos (cinco horas por curso)*
 - ☀ *Materias de 3 horas semanais: 15 sesións de 30 minutos (sete horas e media por curso)*
 - ☀ *Materias de 4 horas semanais: 20 sesións de 30 minutos (dez horas por curso)*

Estas horas serán de lectura libre, é dicir o alumnado elixirá o libro de lectura que le (obrigatorios ou non obrigatorios) sen máis límite que o sentido común e sen obriga de realizar ningunha outra actividade sobre o lido. Os 20 minutos restantes, trala media hora de lectura, dedicaranse as actividades propias da materia que cede o tempo e que o profesorado responsable determine.
- 3) O aporte horario ao proxecto de lectura libre será a contribución mínima das materias ao proxecto lector do Centro. Ademais, cada materia poderá ter un programa lector propio, con actividades relacionadas coa natureza da propia materia e que serán deseñadas polos departamentos para os cursos ou as materias que consideren oportuno.
- 4) Nos ámbitos de PEMAR o tempo lector poderá organizar a súa axenda lectora semanal segundo os modelos que seguen:
 - Dedicar á lectura dúas horas semanais en cada ámbito. E, ademais, engadir unha hora quincenal á lectura de xornais.
 - Seguir o calendario xeral de lectura do centro (media hora de ler diaria).
 - Outra opción sería que o profesorado dos ámbitos elaborara un plan lector alternativo.

En calquera caso, e dada a especial idiosincrasia nas ensinanzas de PEMAR, aconséllase informar á Xefa de Estudos da resolución que o profesorado dos ámbitos adoite en cada curso con respecto ó Plan anual de lectura. Nas materias que non sexan ámbitos o alumnado seguirá o programa xeral de lectura libre.

5) O sistema de **organización da media hora diaria de lectura libre** será o que segue:

- ▶ A media hora de lectura será a mesma para toda secundaria. (Todos len a 1ª ou a 2ª , etc...)
- ▶ Para evitar a concentración do tempo de lectura libre nalgunhas materias, a hora de lectura modificarase cada semana: unha semana a 1ª hora, a seguinte á 2ª hora, a seguinte a 3ª hora, etc. Non haberá hora de lectura o luns pola tarde, polo que, loxicamente, cada quenda terá unha duración de 6 semanas. En principio, as quendas repetiranse 5 veces no decurso do ano escolar salvo que se determine no futuro algunha variación no calendario.
- ▶ Continuaremos co sistema de avaliación iniciado o curso 2015-16 que ofrece estas particularidades:
 - En cada clase haberá dous calendarios, un deles marcará a orde das semanas de lectura por trimestre, noutro anotaremos o número de alumnos que non traen diariamente libro de lectura á clase.
 - O alumnado da ESO realizará unha avaliación, ao cabo do trimestre, no espazo da Aula virtual habilitado para eles nun curso titulado *Plan lector*. Este sistema integrará tamén cuestións relativas á frecuencia lectora e as preferencias bibliográficas do alumnado. Ademais dará cabida as súas suxestións e comentarios.
 - Do mesmo xeito, o profesorado reflectirá nunha enquisa dixital, que fará dúas veces no curso, os datos relativos á media hora de lectura libre, co obxectivo de avaliar o proxecto lector, tal como esixe o Anexo V do decreto regulador da ESO.

3. CALENDARIO DA MEDIA HORA DE LER

Publicado na Aula virtual. Figura en papel en cada unha das aulas da ESO e mantense dende outubro ata maio.

MES	L	M	M	X	V	HORA	ROLDA
Outubro	3	4	5	6	7	Lemos a primeira hora	Primeira rolda
	10	11	12	13	14	Lemos a segunda hora	
	17	18	19	20	21	Lemos a terceira hora	
	24	25	26	27	28	Lemos a cuarta hora	
Novembro	31	1	2	3	4	Lemos a quinta hora	Segunda rolda
	7	8	9	10	11	Lemos a sexta hora	
	14	15	16	17	18	Lemos a primeira hora	
	21	22	23	24	25	Lemos a segunda hora	
Decembro	28	29	30	1	2	Lemos a terceira hora	Segunda rolda
	5	6	7	8	9	Lemos a cuarta hora	

	12	13	14	15	16	Lemos a quinta hora	
	19	20	21	22	23	Lemos a sexta hora	
Xaneiro	9	10	11	12	13	Lemos a primeira hora	Terceira rolda
	16	17	18	19	20	Lemos a segunda hora	
	23	24	25	26	27	Lemos a terceira hora	
Febreiro	30	31	1	2	3	Lemos a cuarta hora	
	6	7	8	9	10	Lemos a quinta hora	
	13	14	15	16	17	Lemos a sexta hora	
	20	21	22	23	24	Lemos a primeira hora	Cuarta rolda
Marzo	27	28	1	2	3	Lemos a segunda hora	
	6	7	8	9	10	Lemos a terceira hora	
	13	14	15	16	17	Lemos a cuarta hora	
	20	21	22	23	24	Lemos a quinta hora	
	27	28	29	30	31	Lemos a sexta hora	
Abril	10	11	12	13	14	Lemos a primeira hora	Quinta rolda
	17	18	19	20	21	Lemos a segunda hora	
	24	25	26	27	28	Lemos a terceira hora	
Maio	1	2	3	4	5	Lemos a cuarta hora	
	8	9	10	11	12	Lemos a quinta hora	
	15	16	17	18	19	Lemos a sexta hora	

AVALIACIÓN DO TEMPO DE LECTURA LIBRE

MEDIDORES	INSTRUMENTO	PERIODICIDADE
SESIÓNS REALIZADAS	Enquisa <i>Avaliación da media hora de ler</i> que se fará na aula virtual ao alumnado dos grupos-guía da ESO e ao profesorado	Dúas avaliacións no curso, unha despois das tres primeiras roldas de ler (finais de febreiro) e outra ao final do ciclo lector.
HÁBITO DE TRAER O LIBRO A CLASE	Calendario trimestral de aula no que se recolle o número de alumnos que non traen libro de lectura.	Diario

NÚMERO E TÍTULOS DE LIBROS LIDOS

Enquisa *Control das lecturas* realizadas que se fará na aula virtual ao alumnado dos grupos-guía da ESO.

Dúas avaliacións no curso, unha despois das tres primeiras roldas de ler (finais de febreiro) e outra ao final do ciclo lector.

VARIACIÓNS NOS HÁBITOS LECTORES DOS ALUMNOS

- Enquisa *Situación lectora inicial* a todo o alumnado de 1º ESO.

En outubro

- Enquisa *Control das lecturas realizadas* que se fará nos grupos-guía da ESO.

Dúas veces no curso. Faremos coincidir estas enquisas coas de Avaliación da media hora de ler.

- Enquisa Uso da biblioteca

Ao final do ciclo lector

GRAO SATISFACCIÓN DO PROFESORADO

Medirase a través das enquisas Avaliación da media hora de ler e Uso da Biblioteca.

Dúas veces no curso

Dúas veces no curso faremos unha análise da media hora de ler partindo das enquisas que os usuarios do Plan lector realicen na Aula virtual.

O profesorado fará, alomenos, dúas enquisas sobre a marcha da media hora de ler. Recibirá vía correo electrónico, un informe completo da avaliación do tempo de lectura libre do xeito máis rigoroso posible. No espazo oportuno nos Claustros ordinarios comentaranse os resultados deste informe.

PROGRAMACIÓN EDLG

**PROGRAMACIÓN
DO EQUIPO DE
DINAMIZACIÓN
LINGÜÍSTICA**

CURSO 2022-2023

PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES PARA A POTENCIACIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA.

CURSO 2022-2023

PLAN XERAL PARA O USO DO IDIOMA:

Os obxectivos do plan xeral para o uso do idioma son:

- a) Seguir a impulsa-lo uso do galego.
- b) Potencia-la competencia lingüística da comunidade escolar.

Medidas para acadar los obxectivos mencionados:

Constitución do Equipo de Dinamización Lingüística integrado por:

Profesores:

- M^a Josefa Rodríguez Valcarce
- Milagros López
- Pilar López
- Pilar Sevillano

Alumnos:

- Alba Quintas Núñez (1º BAC-A)
- Ánxela Ansias González (1º BAC-C)
- Antía Fdez Santiago (2º BAC-C)
- Uxía Sande González (2º BAC-C)

Persoal non docente:

- Consuelo González Cortiñas

b) Medidas adoptadas e actividades que se van organizar para a dinamización da lingua galega.

MEDIDAS ADOPTADAS:

1. As comunicacións administrativas redactaranse en galego, agás aquelas que se dirixan á administración central.
2. Tódalas comunicacións a profesores, alumnos, pais de alumnos e á comunidade educativa faranse en lingua galega.
3. As comunicacións do centro co seu entorno(concello, empresas, medios de comunicación, etc..) seguirán realizándose no idioma galego.
4. Os comunicados, anuncios, letreiros e informacións en xeral, que se coloquen nos taboleiros informativos do centro, estarán redactados en galego, salvo que sexan carteis ou outro tipo de impresos que cheguen ó centro redactados noutro idioma e sexan de interese educativo ou cultural.
5. As actividades complementarias ou extraescolares (conferencias, coloquios, mesas redondas) ou actos conmemorativos e celebracións desenvolveranse en lingua galega.
6. O centro facilitará información a profesores e persoal da administración sobre cursos ou proxectos de formación sobre a lingua galega que organicen a Consellería ou outras entidades, e facilitará a asistencia ós mesmos.
7. O centro, mediante o EDLG, divulgará as actividades culturais (teatro, conferencias, cursos, congresos, exposicións,...) que se relacionen coa lingua e a literatura ou coa realidade galega.
8. Así mesmo, informará sobre as novidades editoriais, libros de texto, vídeos e outros materiais didácticos en galego que poidan ser de interese para os diferentes departamentos.
9. O EDLG participará na preparación dos materiais didácticos das materias que se imparten en galego no que se refire á corrección lingüística dos mesmos, se é requerido polo profesor ou departamento correspondente.
10. Proporase a adquisición de materiais didácticos informativos ou divulgativos de aplicación interdisciplinar. O centro está suscrito a Nós Diario.
11. Participarase e promoverase a participación da comunidade educativa nas distintas festas que se celebrarán ó longo do curso (agosto, Nadal, día da Paz, Entroido, Maíos, Letras Galegas,...)

ACTIVIDADES:

O plano de actividades do curso académico 2022/2023 resulta un compendio de actividades tendente a conseguir un grao de normalización lingüística axeitado para a nosa comunidade educativa. Estas actividades insisten en aspectos destacados en anos anteriores.

Sinalados estes puntos de partida pasamos a desenvolver as actividades programadas para o ano escolar en curso:

A) Actividades dirixidas ós diferentes departamentos do instituto Eduardo Blanco Amor. Pretendemos sobre todo a incorporación do profesorado ás novas tecnoloxías informáticas que aportan un material importante vía internet a través de portais e páxinas web que ofrecen información, recursos, recomendacións, solucións...etc, usando como lingua vehicular o galego. Aquí encontraremos referencias literarias, lingüísticas, proxectos para a posta en marcha de empresas como a recuperación da literatura popular ou a tradución de programas informáticos á lingua galega, información válida para as diversas materias que conforman o currículo e por suposto que non se deixa de lado a información de carácter máis xeral.

B) Dinamización lingüística do alumnado do centro a través de diversas actuacións entre as que destacamos:

b.1. CONCURSOS.- Participación do alumnado nos diferentes concursos literarios, gráficos e musicais que se convocan desde distintas entidades educativas e culturais coa finalidade de potenciar a capacidade creativa dos escolares. Resulta unha experiencia gratificante e moi positiva na que sempre atopamos unha boa resposta por parte do alumnado.

b.2. REPRESENTACIÓNS TEATRAIS.- Como experiencia normalizadora resulta ser tremendamente atractiva para o alumnado. Non só se busca a asistencia ás representacións que en galego se fagan na cidade patrocinadas polas distintas institucións implicadas na promoción cultural, que, por suposto, trataremos de aproveitar; senón que ademais procúrase unha actividade teatral continuada que facilite unha colaboración con outros centros educativos e un intercambio de alumnado que acode a representacións teatrais en galego, feitas por alumnos de secundaria e para alumnos de secundaria. Nesta edición de MOTECES, que será a XXI edición, contamos coa colaboración de diferentes entidades e institucións.

b.3. ROTEIROS LITERARIOS.- Achegamento ós roteiros literarios ourensáns que permiten un coñecemento da propia cidade. No “Ourense literario” preténdese que o alumnado de 3º ESO descubra os costumes, vida, ambiente... dos literatos galegos. Na “Ruta da Esmorga” procúrase un maior achegamento dos alumnos de 1º BAC á obra de Eduardo Blanco Amor. Este curso tamén se inclúe o Roteiro Castelao para os alumnos de 2º BAC.

b.4 ASISTENCIA A ACTOS CULTURAIS.- Asistencia a diversos actos culturais e exposicións así como a conferencias que teñan como núcleo vertebrador un maior e mellor coñecemento do idioma e a cultura galegas.

- b.5. EXCURSIÓNS.- Actividades que vinculan o alumnado co medio xeográfico, histórico e cultural para que coñezan , valoren e respecten a importancia do patrimonio da cidade e dos seus arredores. Colaboración interdisciplinar, moi especialmente co departamento de xeografía e historia a fin de elaborar visitas nas que se combine a información lingüística, etnográfica e histórica que permiten inserir ó alumnado no medio cultural galego: visita casa-museo de Otero Pedrayo, Casa dos poetas de Celanova...
- b.6. COLABORACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES.- Colaboración con entidades e institucións que solicitan a nosa presenza e a participación dos alumnos en actividades culturais diversas: homenaxe do IES Eduardo Blanco Amor en colaboración co PEN club ao escritor Eduardo Blanco Amor coa lectura de semblanzas sobre o escritor escritas por alumnos do noso centro. Con estas actividades preténdese que o alumnado coñeza e utilice a poesía e a narrativa como forma de expresión.
- b.7. CONCURSO LETRAS GALEGAS 2023. Convocatoria do concurso literario e gráfico “Día das letras Galegas”. Unha convocatoria que se vén repetindo desde hai varios anos e na que atopamos unha alta participación do alumnado. Ademais de fomentar o uso do galego e de potenciar a capacidade creativa dos escolares preténdese dar a coñecer a obra do escritor homenaxeado, Francisco Fernández del Riego.
- b.8. CONCURSOS GRÁFICOS.- Convocatoria de concursos gráficos (pegatinas, carteis, postais) conmemorativos de diferentes actos relevantes no panorama cultural e social galego durante o presente curso 2022-2023. Igual que nas convocatorias presentadas en anos anteriores o que se pretende é a participación, a motivación e a extensión da lingua galega cara á novos ámbitos nos que ten pouca presenza, ou a que ten é frouxa de abondo como para que precise dun maior labor de promoción, non só na sociedade en xeral senón, especialmente, entre as xeracións máis novas que á fin e ó cabo son as depositarias de ilusións que acertarán a converterse en realidade no futuro.
- b.9. CORRELINGUA.- Propiciar a reflexión sobre a situación da lingua e a importancia de activar as accións en prol dela. Para acadar tal finalidade participaremos co alumnado de 1º ESO no Correlingua, actividade lúdica, amena e interdisciplinar. Tamén se participará naqueles concursos que o Correlingua propoña, como por exemplo o concurso musical, de pancartas...
- b.10. OUTRAS ACTIVIDADES.- Participación activa do EDLG en todas as actividades que integran a pais, alumnos e profesores, especialmente en festivais de fin de curso. Téntase que o idioma forme parte neste tipo de actividade.
- b.11. ASESORAMENTO LINGÜÍSTICO.- Cómpre tamén indicar que o Equipo de Dinamización Lingüística está aberto a calquera tipo de proposta que incremente o uso normalizado do idioma, así como a colaborar e asesorar lingüísticamente a tódolos departamentos, estamentos e persoas que nolo soliciten.
- b.12. POTENCIACIÓN DA LECTURA.- Potenciarase a lectura en lingua galega organizando exposicións de libros no Centro (Día do Libro, Letras Galegas) e campañas de animación á lectura para as vacacións de Nadal e de verán, creando clubs de lectura, participando nos faladoiros, nas tertulias literarias no Liceo e nas charlas-coloquio cos autores dos libros de lectura obrigatoria, convocando concursos como por exemplo “O mellor lector”, “Poeta tiñas que ser”..., e aumentando o número de volumes, tanto da

biblioteca como dos diferentes departamentos. A este material hai que engadir o de carácter audiovisual, dividido en fonográfico e videográfico que teña especial interese para seguir constituíndo a videoteca do centro.

Todas estas actividades realizaranse en colaboración cos departamentos de lingua castelá, lingua galega e biblioteca

b.13. OS XOGOS POPULARES.- O EDLG aproveitará todas aquelas actividades relacionadas coa realidade galega ofrecidas por outras entidades: xogos populares ofertada polo centro de cultura popular Xaquín Lorenzo. Esta actividade está dirixida aos alumnos de 2º ESO.

b.14. INTERCAMBIO ENTRE CENTROS.- Intentaremos realizar o intercambio de dous días co centro portugués de Vila Real. A correspondencia, a través de carta ou correo electrónico, serán actividades previas ó encontro físico. Neste curso imos comezar o contacto desde o comezo do curso escolar e tamén imos engadir unha serie de actividades que iremos pondo en práctica ao longo do curso e antes do encontro físico entre os dous centros.

b.15. DÍAS DE....- Conmemoración dos Día de... que se presenten ao longo do curso: Biblioteca, Violencia de xénero, A Paz, A muller, Rosalía... O noso IES converterá O Día de... en Semana de... para que toda a comunidade educativa se achegue á actividade realizada.

b.16. “ 21 DÍAS CO GALEGO E MÁIS...”.- Este curso participaremos con varios niveis neste programa que ten como primeiro obxectivo o aumento e perfeccionamento do emprego do galego oral, tan esquecido no noso centro. O alumno participante comprométese a usar o idioma de maneira permanente durante 21 días e máis.

b.17. COLABORACIÓN COA COORDINADORA AUREA.- Colaboración coa Coordinadora Áurea na que nos encontramos integrados varios centros da nosa cidade.

Ourense, 6 de outubro do 2023.

A coordinadora do EDLG.

Asdo: M^a Josefa Rodríguez Valcarce

CADRO RESUMO

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

DATA	ACTIVIDADE	COLABORACIÓN	CURSOS
TODO O CURSO	CONCURSOS LITERARIOS	EDL, Dep. Gal., Bibliot., Outras entidades.	TODOS
TODO O CURSO ABRIL	REPRESENTACIÓNS TEATRAIS. MOTECES	EDL, VICED., DEP DE GAL. CONCELLO	TODOS
2º-3º TRIMESTRE	ROTEIROS: .A ESMORGA .OURENSE LITERARIO. .CASTELAO	EDL, DEP GAL.	1º-2º BAC 3º ou 4º ESO
TODO O CURSO	ASISTENCIA A ACTOS CULTURAI	EDL, VICED., DEP. GAL.	TODOS
TODO O CURSO	EXCURSIÓNS: TRASALBA, CASA ROSALÍA...	EDL, DEP. GAL. DEPUTACIÓN.	POR DETERMINAR
1 DECEMBRO	HOMENAXE A BLANCO AMOR	EDL, DEP. GAL, PEN CLUB	1º BAC
TODO O CURSO	CONCURSOS GRAFICOS	EDL, DEP. PLÁSTICA...	TODOS
ABRIL	CORRELINGUA	EDL	1º ESO
TODO O CURSO:	POTENCIACION DA LECTURA: .CAMPAÑAS DE	EDL, DEP. GAL, DEP. CAST., BIBLIOTECA	TODOS OS

	ANIMACION A LECTURA. .CLUBS DE LECTURA/ TERTULIAS LITERARIAS		NIVEIS.
MAIO	CONCURSO LETRAS GALEGAS	EDL. DEP. DE GALEGO	TODOS OS ALUMNOS
SEN DETERMINAR	XOGOS POPULARES	EDL DEP. EDUCACIÓN D	2º ESO
2º-3º TRIMESTRE	INTERCAMBIO	EDL, DEP. GAL.	2º ou 3º ESO
TODO O CURSO	DÍAS DE... Biblioteca, violencia de xénero, a paz, a muller, Rosalía, poesía, libro...	EDL, VICED, GL, DEP. GAL, DEP. CAST.	TODOS OS ALUMNOS
XANEIRO-FEBREIRO	21 DÍAS CO GALEGO	EDL, DEP. GALEGO	VARIOS NIVEIS.

PROGRAMA DE EDUCACIÓN RESPONSABLE

EDUCACIÓN RESPONSABLE: PROGRAMA PARA O DESENVOLVEMENTO DA EDUCACIÓN EMOCIONAL, SOCIAL E DA CREATIVIDADE

MOTIVACIÓNS:

A motivación que nos leva a querer desenvolver este programa é que o programa concorda coa liña na que xa ven traballando activamente o Centro, tal y como temos recollido no PEC e como queda reflectido nas actuacións realizadas durante estes derradeiros cursos.

Ademais, consideramos que é especialmente importante o proceso de integración de alumnos/as procedentes doutras latitudes, o respecto por outras culturas, así como o compromiso que o ensino debe ter coa sociedade e cos procesos de cambio que nela se producen. Contar neste momento cunha presenza de alumnado de variada procedencia é unha oportunidade para que o noso alumnado reflexione, aporte e tome conciencia da realidade na que vive.

Neste sentido debemos potenciar condutas (en tódolos membros da comunidade educativa) de protección do entorno e promover unha actitude responsable no uso dos recursos, que son limitados.

Tamén é prioritario para nós a promoción do respecto polo entorno natural.

Queremos, ao solicitar este programa, favorecer unha real “volta á normalidade” social e afectiva, unha nova inclusión social e emocional tras meses de illamento.

O alumnado e mailo profesorado, ao igual que toda a sociedade, estamos nun momento biográfico delicado, ao estar vivindo unha situación tan excepcional. Con este programa queremos paliar o impacto social e emocional da pandemia neles e promover a resiliencia a través da mellora da convivencia como soporte emocional. Partimos do feito de que o alumnado ten que enfrontarse a situacións como a distancia social, a falta de comunicación non verbal (por emprego exclusivo de tecnoloxías informáticas), a dificultades académicas sobrevidas, a dificultades para recuperar o diálogo cos iguais,...

OBXECTIVOS:

- Favorecer a inclusión social, relacional e afectiva do alumnado especialmente dos máis desfavorecidos (alumnado sen recursos, falta de familiares próximos, familias con COVID ou algún familiar falecido).
- Promover medidas que xeren e visualicen a importancia da educación social e emocional dende unha perspectiva integral.
- Promover a resiliencia emocional en toda a comunidade educativa mediante o desenvolvemento da educación emocional e social.
- Incentivar as condutas de protección do medio ambiente como un aspecto máis da educación con unha evidente repercusión social.

Para iso propoñemos

- Ofrecer un espazo de diálogo e escoita mutua para o desenvolvemento persoal, emocional e social no Centro.
- Ofrecer unha cobertura emocional e persoal aos nosos alumnos a través dunha preparación axeitada en escoita activa e acompañamento. Escoitaranse as súas opinións e emocións, axudarlle a compartir as súas vivencias e preocupacións.
- Promover actividades de promoción da intelixencia intra e interpersoal, así como a creatividade persoal e comunitaria de modo transversal.

Este labor levarase a cabo con:

- **O alumnado:** na titoría e as áreas que favorezan habilidades e competencias sociais e emocionais.
- **Pais/nais:** mediante programas de formación *ad hoc* e de encontro que se promovan dende o Centro e que se encamiñen a favorecer a nova realidade.

- **O profesorado:** elaborando proxectos de educación na nova realidade e promovendo iniciativas e medidas de atención educativa que favorezan a integración de todos os alumnos/as.

Queremos brindar este espazo mediante os encontros de pais-nais e profesorado, momentos de encontro, formación e reflexión de educación.

Así mesmo, queremos mellorar o clima de convivencia no Centro á vez que creamos estes espazos para a reflexión e o diálogo entre a comunidade educativa.

Por outra banda, tamén queremos reflexionar sobre cómo lograr na educación dos alumnos/filos a madurez persoal e intelectual sobre un dos aspectos menos traballados en xeral na educación: INTELIXENCIA EMOCIONAL. Dende a mellora da intelixencia intra e interpersonal propomos mellorar as competencias sociais e cívicas de toda a comunidade educativa.

Desexamos impulsar a participación colaborativa das familias e doutras entidades ou institucións na mellora da convivencia escolar e atender o alumnado e amosarlle o camiño para que descubran a intelixencia emocional.

PROGRAMAS REALIZADOS NESTA MESMA LIÑA

Contratos programa:

- **Escolas de nais e pais**, centrada preferentemente no desenvolvemento da intelixencia emocional e na promoción das habilidades sociais.
- **IGUÁLA-T,**
- **INCLÚE-T,**
- **EDUEMOCIONA**

Os obxectivos que desenvolveron estes programas xa realizados foron:

- Desenvolver unhas relacións positivas entre os diversos membros da comunidade educativa.

- Mellorar a convivencia, reducir as taxas de abandono escolar temperán, promover a igualdade de xénero e a inclusión.
- Mellorar a competencia socio-emocional.
- Promover a *igualdade de oportunidades* entre mulleres e homes, prevención e tratamento da **violencia de xénero**.
- Atención á diversidade, á inclusión educativa e social de todo o alumnado, á colaboración con asociacións que traballan na diversidade funcional.
- A mellora da *competencia socioemocional* de toda a comunidade educativa así como para o desenvolvemento de estratexias que favorezan o *aumento da autoestima e a empatía*, a mellora das habilidades comunicativas, o incremento do autocontrol emocional, a superación, a identificación das emocións dos demais e o coñecemento das propias.

No noso Centro tamén existe un Curso de habilidades sociais, como materia extracurricular para alumnado de bacharelato.

PEC

No Proxecto educativo de Centro temos recollidos os seguintes obxectivos preferentes:

Promover a formación integral do alumnado, é dicir, o seu desenvolvemento en tódolos eidos que os conforman como persoas: humanos, culturais, científicos, artísticos, de habilidades sociais, creatividade,...

Promover nos nosos estudantes **comportamentos responsables** ante as obrigacións asociadas á súa condición de alumno.

Potenciar **a creatividade** dos nosos estudantes.

Promover no alumnado a autoestima co desenvolvemento de acción docentes para o autoconhecimento e a autoreflexión que conduzan a unha autovaloración positiva.

Desenvolvemento do espírito crítico.

Promoción da tolerancia e do dereito ás diferenzas, así como actitudes de respecto e mutua aceptación.

Promoción de actitudes de respecto cara ós bens comúns.

Hábitos de comportamento democrático.

PLAN DE CONVIVENCIA

No noso PLAN DE CONVIVENCIA insistimos en promover a boa convivencia entre as persoas que formamos parte da comunidade educativa. Asumindo que nunha convivencia axeitada os responsables somos todos os membros da comunidade educativa, recoñecemos que, de xeito especial, os adultos (pais e profesores) somos quen temos a responsabilidade de formar e establecer pautas de actuación coherentes, maduras e de sentido común.

Familias

A colaboración da familia resulta fundamental na aplicación do plan de convivencia.

A través fundamentalmente dos titores e profesores, así como nas reunións e contactos co equipo directivo debe quedar claro que precisamos da colaboración das familias.

Departamentos didácticos

Os departamentos incorporarán nas súas programacións competencias cuxo contido leve ó alumno a reflexionar sobre as actitudes de respecto ós demais, á aceptación da diferenza, ó respecto ás persoas e ó medio físico no que se atopa.

Deberán formular propostas na CCP para mellorar a convivencia no centro e detectar posibles condutas problemáticas

Aula de Convivencia

A finalidade esencial da Aula de Convivencia que temos posta en marcha dende hai dez anos é dar un tratamento personalizado aos chamados “alumnos obxectores” e

aos alumnos que presentan comportamentos disruptivos resolver os conflitos que causan.

Moitos dos problemas de convivencia proceden de carecer ou non ter suficientemente desenvolvidas as habilidades na de relación social cos demais. Isto pode afectar ao alumnado pero tamén ao profesorado. A quen carece de habilidades sociais cóstalle unha relación fluída cos demais: cóstalle falar aos outros, pedirles un favor ou pedir desculpas, disentir deles sen enfadarse, aceptar críticas, resolver tensións con compañeiros, ser asertivos, defenderse sen agresividade, expresar sentimentos sen ameazar ou facerse a vítima. Frecuentemente, estas persoas ou se retraen ou estoupan violentamente. Detectada esta carencia, cómpre o seu afrontamento, pois é moi eficaz para evitar conflitos.

Comité de Medio Ambiente



A motivación que nos leva a querer formar este Comité é o de potenciar condutas (en tódolos membros da comunidade educativa) de protección do entorno e promover unha actitude responsable no uso dos recursos, que son limitados.

Tamén é prioritario para nós a promoción do respecto polo entorno natural e incentivar as condutas de protección do medio ambiente como un aspecto máis da educación con unha evidente repercusión social.

Para iso propoñemos:

A constitución de un Comité de Medio Ambiente no IES BLANCO AMOR:

OBXECTIVOS:

- Impulsar a Educación Ambiental en todos os ámbitos do Centro.
- Impulsar os cambios e melloras de carácter ambiental en nel.

FUNCIÓNS:

- Planificar e coordinar as actividades.
- Apagar luces e pantallas do ordenador.
- Reciclar (papeis, plásticos, libros...).
- Recoller pilas usadas.
- Recibir as propostas e mediar entre os diferentes sectores.

- Realizar o seguimento e maila avaliación das actividades.
- Comprometer e animar á Comunidade educativa.

Pensar LEMA

ALUMNADO

- 1- Laia Lastra Ponce-A
- 2- Dahlia Sulbarán Tomar-A
- 3- Lía Pérez Ruiz-A
- 4- Xisela Malak Alvarado-C
- 5- Aya Laknaiz-C
- 6- Alba Castro-C
- 7- Saleth de Armas Soler-C
- 8- Noa López-C
- 9- Lidia López-C
- 10-Roger Castro-F
- 11-Marcos Aparicio Peña-F
- 12-Marco Antonio Prendes-E
- 13-Nayira Ailin Estela Rodríguez-C

PROFESORADO

- José Ángel Bascoy
- Asunción de la Fuente
- Soedade do Muíño
- Ana María Pita
- María José Prada
- María Romero
- Mercedes Varela
- Javier Vaz
- Marta Acitores
- María Dolores Fernández

PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO

1. Itinerario PFPP STEMBach - Ano 4

Coordinador: Carlos Ferreiro García

Obxectivos do itinerario

- Coñecer os recursos de colaboración e participación dos centros educativos coas universidades no desenvolvemento de proxectos de investigación.
- Coordinar o traballo conxunto de investigación entre o centro e as universidades ou equipos de investigación implicados.
- Coñecer e desenvolver boas prácticas de investigación coparticipadas polo ámbito da educación secundaria e da universidade.
- Ampliación dos proxectos de investigación ao ámbito lingüístico (Filoloxía Inglesa).
- Elaboración de apuntamentos para o alumnado da materia extracurricular de Criptografía e LaTeX.

Contidos

- Introducción ó método científico e ó traballo de investigación para a colaboración con universidades.
- Elaboración e exposición de proxectos de investigación.
- Divulgación científica.
- Boas prácticas no ámbito da investigación en secundaria e na ciencia cidadá.
- Traballo conxunto entre o equipo STEMBach do Centro e o departamento de Filoloxía Inglesa da Universidade.
- Familiarización, por parte do profesorado, co sistema alxébrico de cómputo de código aberto Sagemath e CoCalc, xerando códigos en Python na elaboración dos proxectos de investigación.
- Elaboración de apuntamentos (libro) dunha introdución á Criptografía para o alumnado de bacharelato. Revisión do libro Introducción ao LaTeX.

Actividades do itinerario:

Grupo de Traballo (8 profesores/as)**Título: STEMBach no IES Blanco Amor****Duración:** 30h**Competencias profesionais docentes:**

Investigador/a e innovador/a (Realización e execución de propostas).

Criterios de avaliación

- O profesorado participante é quen de participar nos tribunais que xulgan os proxectos de investigación do STEMBach con unidade e consistencia de criterio.
- Deseño, aplicación e avaliación de propostas didácticas vinculadas ao STEMBach.

Formadores

Profesorado universitario colaborador de STEMBach e profesorado do propio Centro.

Escola de Nais e Pais**Título: STEMBach no Centro****Duración:** Unha sesión de 1h.**Ponente:** Carlos Ferreiro García**Obxetivos:**

- Facilitar ás familias o coñecemento deste Bacharelato de excelencia.

Contidos

- Ordenación e organización do STEMBach.
- Requirimentos e recoñecemento.

Formadores

Profesorado participante no STEMBach no Centro.

Participantes:

Fernández Villanueva, María Dolores (Física e Química)

Boán Fernández, Francisco (Bioloxía)

Civeira Rodríguez, Luis (Matemáticas)
De la Fuente Cid, María Asunción (Filosofía)
Ferreiro García, Carlos (Matemáticas, **Coordinador**)
Macía Fernández, Benjamín (Matemáticas)
Prieto Carneiro, Montserrat (Inglés)
Serén Bouzas, Cristina (Inglés)

2. Itinerario PFPP E-Dixgal - Ano 3

Coordinadora: María José Álvarez Álvarez

Obxectivos do itinerario

- Coñecer e dominar as ferramentas do proxecto E-Dixgal, tanto en hardware como en software.
- Planificar, deseñar, desenvolver e avaliar accións formativas de aula do marco E-Dixgal.
- Fase III do Plan Dixital e deseñar accións específicas encamiñadas á mellora da competencia dixital do centro e da comunidade educativa, cumprindo os obxectivos aprobados en xuño 2022.

Contidos

- Plan Dixital do Centro.
- Xestión do EVA de E-Dixgal.
- Ferramentas de autor H-autor.
- Avaliar en E-Dixgal.
- Recursos dixitais en liña para o emprego no EVA.
- Funcionamento da plataforma Eva Off-line. Acceso ás familias ao EVA.
- Acceso ás familias ao EVA.

Actividades mínimas do itinerario:

Grupo de traballo**Título: Compromisos no Plan Dixital de centro.****Obxectivos:**

- Seguir os obxectivos marcados no noso centro dentro Plan Dixital aprobado en xuño 2022.
- Cumprimentar documentos de verificación.
- Comprobar o logro que os fines marcados dende a Xunta e dende o Centro.

Contidos:

1. Identificar necesidades de formación do profesorado.
2. Comunicación das incidencias informáticas.
3. Comunicación profesorado- familias.

Seminario (15 profesores/as)**Título: Edixgal, mellorando a formación do profesorado.****Obxectivos:**

- Coñecer o entorno de traballo.
- Coñecer e profundar nas editoriais.
- Crear actividades e avaliar dentro da plataforma.

Contidos:

1. Entorno da plataforma: crear materias.
2. Comunicación co alumnado.
3. Aplicación Eva Offline.
4. Tarefas e corrección en Edixgal.
5. Traballando coas Editoriais.
6. Avaliación dentro de Edixgal.

3. Itinerario PFPP Educación Responsable - Ano 2**O programa de Educación Responsable no IES Blanco Amor****Coordinadoras: Asunción de la Fuente Cid e María Soledad do Muíño Cid**

Liñas:

69 - Competencia en educación inclusiva e coeducación

Obxectivos:

- Adquirir o dominio da utilización de técnicas de dinámicas de grupo que faciliten a participación.
- Promover o desenvolvemento da competencia social a través do adestramento das habilidades sociais.
- Aprender a xestionar as emocións e a tomar decisións.

Contidos:

- Os estilos de comunicación que permitan establecer novas relacións sociais.
- Habilidades e destrezas na comunicación oral.
- Formas positivas de resolver conflitos.
- O desenvolvemento social.

Actividades formativas:

Título: O desenvolvemento social

Modalidade: **Curso**

Temporalización: 20/10/2022 - 03/11/2022

Obxectivos:

- Promover o desenvolvemento da competencia social a través do adestramento das habilidades sociais.
- Coñecer o papel do desenvolvemento social no desenvolvemento integral do alumnado, xunto co desenvolvemento afectivo e cognitivo.
- Desenvolver habilidades para a oposición asertiva e de autoafirmación.

Contidos:

1. Os estilos de comunicación que permiten establecer novas relacións sociais.
2. Habilidades para iniciar, manter e rematar conversacións.
3. Habilidades para emitir e recibir mensaxes positivas.
4. Traballo en equipo.
5. Habilidades para recibir e transmitir críticas, queixas e para discrepar.
6. Destrezas para negociar cuestións de índole persoal.
7. Formas positivas para resolver conflitos.
8. Habilidades para amosar a aversión.

9. Destrezas para detectar posibles situacións problemáticas.
10. Recursos para abandonar posibles escenarios de risco.
11. Ferramentas para unha comunicación máis asertiva.

Título: O crecemento socioemocional co programa Educación Responsable

Modalidade: **Seminario**

Temporalización: 14/11/2022 - 31/05/2023

Obxectivos:

- Desenvolvemento da identificación e expresión emocional, incremento da autoestima e capacidade empática.
- Mellora das habilidades de interacción grupal e da asertividade.
- Desenvolver o pensamento creativo a través das actividades realizadas nos distintos recursos.

Contidos:

1. Conciencia e regulación emocional e da conduta, actitude e pensamento positivo, enfrontamento da frustración, autocoñecemento e autoestima, desenvolvemento da empatía e resolución de conflitos, habilidades sociais.
 2. O traballo con diferentes emocións (tristeza, medo, ira, alegría) creando espazos para desenvolver a creatividade.
 3. Utilizar diferentes recursos (contos, arte, música, xogos..) que axuden á xestión emocional e a estimular a creatividade.
-

CONTRATOS-PROGRAMA

CURSO 2022-23

No marco do proxecto de Contratos-Programa, a Consellería de Educación aprobou as seguintes liñas de actuación:



1. PROGRAMA CP-INCLÚE:

- **02. IGUÁLA-T**
- **03. CONVIVE-T**
- **04. INCLÚE-T**
- **05. EMOCIÓN-A-T**

2. PROGRAMA CP-INNOVA

- **01. EDUinnova**
- **02. EDUexcelencia**
- **03. EDUsaúde**
- **04. EDUsostibilidade**
- **05. EDUcalidade**

Encontros de familias e profesorado



DATA:
18, 19, 20 de outubro

HORARIO:
19:30 a 20:30

INTERVENEN
D^a. María Jones
D^a. Inmaculada Gándara
D. Antonio Mosquera (Poliola Nacional)
D. Carlos Ferreiro

Contidos

A túa familia, en positivo.
Ferramentas para conciliar a vida familiar e laboral.
O móbil: úsalo ou che usa?
Redes sociais e adolescentes.

Obxectivos

Procurar un espazo de encontro, formación e reflexión para nais/pais e Educadores.

Metodoloxía

Cada sesión constará de:

- Exposición teórica.
- Análise de caso práctico ou taller.
- Diálogo e preguntas

Convive-T

DESCRIPCIÓN XERAL DA ACTUACIÓN

Coñecer as emocións e xestionalas de forma adecuada é unha parte importante do noso saber vivir e saber convivir.

O noso obxectivo é que, a través dun curso teórico-práctico, o alumnado e os seus pais/nais ou titores, así como aqueles docentes que se queiran sumar, melloren o seu autocoñecemento emocional, que desenvolvan modos de auto xestión emocional e que isto redunde nunha mellor convivencia familiar e escolar.

Así mesmo, queremos mellorar o clima de convivencia no Centro á vez que creamos estes espazos para a reflexión e o diálogo entre a comunidade educativa.

Para iso propoñemos un curso práctico de mellora da convivencia dende unha abordaxe afectiva. O obxectivo último é a mellora da convivencia traballándoa dende o ámbito afectivo, o que supón autocoñecemento afectivo, regulación afectiva, comprensión dos afectos dos outros (empatía) e afrontamento positivo de conflitos interpersoais. Isto terá aplicación tanto no centro educativo como nas familias.

OBXECTIVOS

- Maior autocoñecemento a través dos afectos.
- Nocións para saber interpretar a mensaxe que nos traen os nosos afectos y os dos demais.
- Aprendizaxe de formas eficaces para xestionar, controlar e quitar partido aos nosos afectos.
- Coñecemento práctico das mellores ferramentas para traballar e educar os afectos.

Conseguiremos :

- ✓ Coñecemento da esencia e sentido dos afectos.
- ✓ Coñecemento do mapa emocional.
- ✓ As claves da hermenéutica afectiva cun mesmo e con outros: coñecer a mensaxe dos afectos.
- ✓ Aprendizaxe de técnicas de regulación emocional.

MEDIDAS CONCRETAS QUE SE VAN DESENVOLVER NO CURSO**Co alumnado ou dirixido ao alumnado:**

- ✓ Descrición de afectos
 - ✓ Coñecer e expresar sentimentos
 - ✓ Técnicas de relaxación, silencio e meditación
 - ✓ Técnicas para promover el humor, manexar feridas e medos
 - ✓ *Regulación afectiva*
- Madurar e regular a afectividade
 - Camiños para a maduración afectiva
 - Afrontar conflitos emocionais

Para pais/nais e docentes**Ferramentas para traballar a afectividade**

- Memoria autobiográfica positiva..
- Aceptación emocional.
- Control da ira e o enfado.
- Empatía

METODOLOXÍA

Dependendo das circunstancias, o curso poderá ser presencial (preferible) ou online. Constará de

- Exposición teórica
- Obradoiros prácticos

Diálogo para resolver dúbidas

Inclúe-T**PROPOSTA: PROGRAMA DE ACOMPAÑAMENTO AO ALUMNADO****XUSTIFICACIÓN**

Acompañar ao alumno/para é unha arte, é dicir, un saber facer. Como non se trata dunha tarefa que se poida improvisar, na que vallan só as boas intencións, necesita dunha aprendizaxe continua. Acompañar é unha tarefa sempre complexa que esixe coñecer ben o corazón humano. Pero como todo Acompañamento é concreto, hai que saber como acompañar situacións específicas: Acompañamento persoal, intelectual, titorial, familiar... Neste curso presentamos un método eficaz e unhas ferramentas prácticas para acompañar aos alumnos/as no curso que comezan.

OBXECTIVOS:

- ✓ Descubrir a riqueza persoal dos nosos alumnos/as
- ✓ Coñecer de modo teórico e práctico as principais actitudes que permiten un bo acompañamento.
- ✓ Gañar seguridade á hora de acompañar grazas a un método eficaz de acompañamento.
- ✓ Descubrir e experimentar ferramentas e procedementos eficaces que facilitan o acompañamento.
- ✓ Ter recursos básicos para ofrecer aos alumnos/as para que eles poidan crecer por si mesmos.

Esta labor levarase a cabo con:

- **O alumnado:** na titoría e as áreas que favorezan habilidades e competencias sociais e habilidades sociais.
- **Pais/nais:** mediante programas de formación ad hoc que se promovan dende o Centro e que se encamiñen a favorecer esta capacitación para o acompañado
- **O profesorado:** elaborando proxectos de educación en acompañamento e promovendo iniciativas e medidas de atención educativa que favorezan a integración de todos os alumnos/as.
- **Charlas** con especialistas en acompañamento.

Para iso propoñemos un curso práctico no que se aprenda un método básico de acompañamento, ferramentas e exercicios en torno aos seguintes momentos propios do acompañamento:

1. Como acoller
2. A arte de preguntar. Secuencia de preguntas básicas.

3. A arte de conectar afectivamente
Dificultades para a relación: Análise de claves para afrontar conflitos.

Emocións-T

HABILIDADES SOCIAIS

XUSTIFICACIÓN

Todo o traballo que se promova para mellorar o clima de convivencia no Centro é necesario. Para isto cómpre crear espazos para a reflexión e o diálogo entre a comunidade educativa no que sexa posible a mellora na práctica e aprendizaxe de habilidades sociais, con incidencia especial na capacidade para a comunicación, para favorecer a integración dos colectivos máis desfavorecidos (de xeito especial o alumnado inmigrante e en risco de exclusión social).

Do mesmo xeito, pretendemos a mellora da *competencia socioemocional* de toda a comunidade educativa así como para o desenvolvemento de estratexias que favorezan *o aumento da autoestima e a empatía*, a mellora das habilidades comunicativas, o incremento do autocontrol emocional, a superación, a identificación das emocións dos demais e o coñecemento das propias.

Cómpre destacar que no **noso Centro tamén existe un Curso de habilidades sociais, como materia extracurricular para alumnado de bacharelato.**

OBXECTIVOS

- Promover un axeitado clima de aula e de centro.
- Mellorar as competencias sociais e cívicas de toda a comunidade educativa
- Impulsar a participación colaborativa das familias e doutras entidades ou institucións na mellora da convivencia escolar.
- Atender o alumnado con menor motivación e capacidade para aprender, especialmente a aqueles máis desfavorecidos e vulnerables, de xeito que se lle ofrezan respostas adaptadas ás súas posibilidades e aos seus intereses, para seguir avanzando na súa aprendizaxe e integración, e diminuindo o risco de abandono ou desinterese.

- Promover a formación integral do alumnado, é dicir, o seu desenvolvemento en tódolos eidos que os conforman como persoas: humanos, culturais, científicos, artísticos, de habilidades sociais, creatividade,...
- Promover nos nosos estudantes **comportamentos responsables** ante as obrigacións asociadas á súa condición de alumno.
- Potenciar a **creatividade** dos nosos estudantes

PROPOSTA

A tódolos profesores, nais e pais de alumnos do Centro.

- Proxecto socioeducativo para a igualdade (tres obradoiros lúdicos, organizados por Xarela e avalado pola Xunta de Galicia.
- Actividades promovidas pola biblioteca do Centro
- Traballo nas horas de titoría en torno ao tema de igualdade e habilidades sociais
- Asignatura de *Habilidades sociais* (2º BAC) e traballo sobre estes temas de modo sistemático na asignatura de *Valores éticos* e en *Filosofía*.
- Participación do alumnado en actos académicos e promovidos polo Concello de Ourense en relación á igualdade
- Asistencia á actividade de Cineforum do Concello de Ourense para a promoción de valores de igualdade e integración

Alumnado

- A convivencia é unha aprendizaxe máis dentro do seu curriculum. A súa educación en valores e sensibilización debe realizarse fundamentalmente dentro do ámbito familiar. No Centro implementarase esta tarefa e farase a través de diferentes canles: Orientación, Titoría, Escola de pais/nais.
- Actividades de formación impartidas por profesionais da comunicación e a orientación familiar co obxectivo de favorecer habilidades sociais, actitudes de comunicación fluída que favorezan a convivencia, de escoita mutua, acollida
- Nas programacións traballarase as competencias e habilidades sociais que permitan ao alumnado reflexionar sobre as actitudes que melloren a convivencia.

Profesorado

- Promocionarse no colectivo docente unha actitude coherente e unitaria para evitar transmitir mensaxes contraditorias. A súa actuación debe buscar e propiciar:
 - A mellora na comunicación
 - O diálogo e a escoita mutua
 - A autoestima do alumnado menos integrado
 - Un clima de confianza que evite tanto o comportamento inhibido como o agresivo
 - O reparto igualitario de tarefas e responsabilidades
 - fomento da igualdade entre mulleres e homes

Familias

- Promoción da colaboración co centro na educación dos fillos
- Formación para axudar na educación do diálogo, a comunicación, a asertividade e as actitudes básicas para a convivencia.

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

Posta en marcha da terceira edición dos ENCONTROS DE FAMILIAS E PROFESORADO.

Ditos encontros pretenden ser un espazo de reflexión, formación e encontro de familias do alumnado e do profesorado para traballar conxuntamente no ámbito das habilidades sociais, a comunicación e o diálogo como modo de construír a convivencia e de resolución de conflitos producidos nas relacións.

Consistirá en unha serie de encontros nos que se explicarán algunhas das principais habilidades sociais e ferramentas para a súa práctica.

EDUinnova

Competencias en Matemáticas:

- 1) Dous desdobres en primeiro da ESO e outros dous en segundo da ESO na materia de Matemáticas.
- 2) Exención de Francés segunda lingua e reforzo de Matemáticas nese tempo para o alumnado que ten maiores necesidades.
- 3) Clases de apoio para aqueles que teñen pendente a materia de Matemáticas fóra do horario lectivo. Formaranse sete grupos. Nomear un/unha titor/a para coordinar os grupos.

	MARTES	MARTES	MÉRCORES	MÉRCORES
16,00H-16,50H	1ºESO (Barreira) MATEMÁTICAS AULA 2º ESO A	1ºESO (Linares) MATEMÁTICAS AULA 2º ESO B	2ºESO (Dávila) MATEMÁTICAS AULA 2º ESO E	3ºESO (Rodríguez) MATEMÁTICAS AULA 2º ESO A
16,50 H-18,40H	1ºESO (Barreira) MATEMÁTICAS AULA 2º ESO A	1ºESO (Linares) MATEMÁTICAS AULA 2º ESO B	2ºESO (Dávila) MATEMÁTICAS AULA 2º ESO E	

- 4) Participación e preparación para concursos, como o Rally Matemático, que se traballa en equipo a resolución de problemas de enxeño e se motiva moito ao alumnado. Participación en outros concursos como Canguro Matemático, Pangea, Olimpiada Matemática, etc.

Competencia Lingüística:

- 1) Tres desdobres en primeiro da ESO e dous en 2º da ESO na materia de Lingua Galega.
- 2) Clases de apoio para aqueles que teñen a exención de Lingua Galega, non só para alcanzar o nivel lingüístico, senón para logra unha integración na comunidade (4 h).
- 4) Media hora de ler en todos os cursos de ESO, onde o alumnado le en silencio aqueles libros escollidos por el.

Competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía:

Identidade dixital. Netiqueta. Contraseñas seguras. Respecto dixital. Consellos da privacidade.

IES Blanco Amor (Ourense)

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

PROXECTO DE CONTRATO-PROGRAMA PARA ACTUACIÓN NA MODALIDADE:EDUsaúde. O centro como dinamizador de hábitos de vida**a) MEDIDAS A DESENVOLVER**

Na procura da mellora da calidade de vida do noso alumnado e co fin de que o noso alumnado adopte un estilo de vida saudable incorporando rutinas diarias de actividade física e deportivas, o departamento de educación física propón ao unha actuación para contribuír ao benestar físico e emocional do alumnado impulsando a realización de actividade física así como a adquisición de hábitos saudables co obxectivo de mantelos no futuro.

Esta actuación realizarase en dous frontes:

- *ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS NOS RECREOS*
- *ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES*

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS NOS RECREOS:


O departamento de Educación Física fomentará tempos de lecer activos, con actividades deportivas de interior coa finalidade de incrementar a actividade física efectiva diaria do alumnado ao longo do horario lectivo.

Estas actividades deportivas están dirixidas ao alumnado da ESO e Bacharelato e serán as seguintes: **voleibol (3x3), tenis de mesa e bádminton (dobres e individuais).**

Durante os tempos de lecer o alumnado interesado acudirá, con límite de aforo, o ximnasio do centro a practicar estas actividades e disputar competición delas. A actividade de tenis de mesa será permanente durante o curso escolar e as actividades de voleibol e badminton iranse alternando.

O noso ximnasio dispón dun espazo efectivo de catro canchas de bádminton nas que se practicarán as actividades de voleibol (3x3) e bádminton (dobres e individual).

A disposición sería a seguinte:



ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:

O departamento ofertará ao alumnado interesado da toda a E.S.O. unha hora semanal fora do horario lectivo para realizar actividades físico-deportivas co obxectivo de facilitar o acceso a actividade física deste colectivo e ampliar o seu tempo de práctica semanal.

Por este motivo se ofrecerá os mércores ás 18:00 unha sesión de actividade física (mantemento e mellora da condición física) e práctica deportiva lúdica (judo, ximnasia, bádminton e voleibol de forma alterna)

A actividade será dirixida polo departamento de Educación Física.

b) NÚMERO DE ALUMNADO QUE PARTICIPA

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS NOS RECREOS:

A actividade se oferta de forma voluntaria a todo o alumnado da ESO, a previsión de alumnado cara ao curso 2022-23:

Obviamente non todo o alumnado vai querer participar, a nosa previsión (obtida pola experiencia de ofertas similares) e que en 1º e 2º de ESO aproximadamente o 30% do grupo participe e nos niveles de 3º e 4º de ESO aproximadamente un 20%. Un dos obxectivos principais será promover a participación do maior número posible de alumnado, para iso o departamento buscará a maneira de premiar no apartado actitudinal ao alumnado participante.

01) Número de alumnos que van a participar

1º ESO: 52 alumnos 2º ESO: 47 alumnos 3º ESO: 45 alumnos 4º ESO: 43 alumnos

02) Número de alumnas que van a participar

1º ESO: 49 alumnas 2º ESO: 63 alumnas 3º ESO: 51 alumnas 4º ESO: 43 alumnas

03) Número TOTAL do alumnado que vai participar

Total de alumnos: 206 Total de alumnas: 187 TOTAL DE ALUMNADO: 393

Tendo en conta as previsións por actividades similares previas á pandemia, e esperando mellorar as cifras, o mais aproximado sería esta previsión.

Alumnado 1º ciclo de ESO: 59 (30% do total matriculado)

Alumnado 2º ciclo de ESO: 40 (20% do total matriculado)

PREVISIÓN TOTAL: 99 alumnos/as

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:

Esta actividade é nova no centro, no último trimestre do curso pasado ofertouse unha actividade similar e non houbo gran participación (como un 7% do alumnado), probablemente non fora o mellor período para as características deste alumnado, este curso ao ofertarse dende o inicio calculamos que a participación inicial sexa dun 8-10% (8,5%) nos rapaces e dun 4-6% (5%) nas rapazas.

01) Número de alumnos previstos:

1º ciclo ESO: 9

2º ciclo ESO: 9

Número de alumnas previstas

1º ciclo ESO: 5

2º ciclo ESO: 4

02) Número TOTAL do alumnado previsto para a actividade:

1º ciclo ESO: 14

2º ciclo ESO: 13

Tendo en conta as previsións por actividades similares previas á pandemia, e esperando mellorar as cifras, o mais aproximado sería esta previsión.

PREVISIÓN TOTAL: 27 alumnos/as

c) CURSOS PARTICIPANTES

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS NOS RECREOS:

A actividade está dirixida ao alumnado da ESO e Bacharelato e a previsión de grupos cara ao curso 2021-22 é a seguinte:

1º ESO: 5 grupos 2º ESO: 5 grupos 3º ESO: 4 grupos 4º ESO: 4 grupos
1º Bacharelato: 5 grupos 2º Bacharelato: 4 grupos

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:

A actividade está dirixida ao alumnado da ESO e a previsión de grupos cara ao curso 2022-23 é a seguinte:

1º ESO: 5 grupos 2º ESO: 5 grupos 3º ESO: 4 grupos 4º ESO: 4 grupos

d) HORARIO DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS NOS RECREOS:

Esta actividade se realizara nos períodos de lecer do horario, o departamento establecerá un calendario de acceso con listado dos participantes para facilitar o acceso e a práctica ordenada segundo o protocolo COVID do centro.

O horario semanal dispón dous recreos diarios de 20 minutos de duración, polo tanto dispoñemos de 10 períodos de recreo para realizar o calendario de acceso.

Xa que a previsión de grupos e a seguinte

1º ESO: 5 grupos 2º ESO: 5 grupos 3º ESO: 4 grupos 4º ESO: 4 grupos

Polo tanto 18 grupos en quendas de dous por recreo (9,5 recreos) daría opción a todo o alumnado interesado da ESO a participar na actividade. Segundo sexa a demanda se reorganizará o calendario.

En cada recreo acudirían ao ximnasio (segundo a nosa previsión de aceptación) os alumnos de dous grupos por nivel, uns 30 alumnos/as como máximo para garantir o distanciamento.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:

A actividade terá unha duración duna hora semanal e está programada no horario do ximnasio para os mércores de 18:00 a 19:00

e) INDICADORES DE LOGRO DA ACTIVIDADE

Os indicadores de logro que utilizaremos refírense a aceptación en número de participantes na actividade:

- 1.- Contabilizando o número de inscritos con respecto ao total de alumnado.
2. -No transcurso da actividade:
 - a) contabilizando se na actividade aumenta ou diminúe o número de participantes.
 - b) realizando unha enquisa acerca do grado de satisfacción do alumnado coa actividade e incluíndo propostas do alumnado cara ao resto do curso
- 3.- No remate da actividade:
 - a) contabilizando se na actividade aumenta ou diminúe o número de participantes.
 - b) realizando unha enquisa final acerca da valoración do alumnado acerca da actividade e incluíndo propostas cara ao curso seguinte

f) COMPROMISOS ADQUIRIDOS POLOS PARTICIPANTES NA ACTIVIDADE

O departamento comprométese a poñer todos os medios materiais e persoais do seu parte para levar acabo esta actividade, así como a garantir a seguridade na súa execución, tamén se compromete a facer todo o posible para que a actividade chegue ao maior número de alumnos e alumnas.

g) PROFESORADO IMPLICADO**ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS NOS RECREOS:**

O profesorado implicado inclúe á totalidade do departamento de Educación Física (3 profesores) que tentará cubrir a maior parte dos 10 períodos de recreo do horario semanal do centro, o resto de

recreos que non se puidesen cubrir por este departamento cubrirase con profesorado de garda asignado durante eses recreos.

Profesorado do departamento de Educación Física

- Ernesto Larrea Murueta-Goyena.
- Javier Meruéndano Lira.
- Marta Derungs Criado.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:

Está actividade estará cuberta polo profesor departamento de Educación Física

- Ernesto Larrea Murueta-Goyena.
-

EDUsostibilidade

Generación Eco

Coordinador: José Manuel Domínguez

Generación Eco é unha iniciativa de Ecovidrio dirixida a centros educativos para fomentar unha consciencia sostible. Porque ningunha institución ten tanto poder para cambiar o futuro como unha escola ou un instituto, involucrando ás xeracións máis novas no respecto polo medio.

E este labor levarase a cabo cun verdadeiro traballo en equipo, xa que profesorado e alumnado deberá unirse para superar os distintos Retos cos que reducir o impacto ambiental das súas accións diarias.

Esta aprendizaxe conxunta permitirá a difusión dos principios de concienciación ambiental e conservación dos recursos naturais á contorna máis inmediata (familiares, amigos, veciños, etc.), ademais de coñecer o nivel de sustentabilidade do teu centro a través dunha calculadora ambiental.

Enerxía e auga no IES

Coordinadora: Ana Garrido Rodríguez

INTRODUCCIÓN:

O IES Blanco Amor de Ourense atópase ubicado no barrio da Ponte. Historicamente é o barrio onde se iniciou a industrialización da cidade, determinada pola chegada do camiño de ferro no derradeiro terzo do século XIX. Este foi o que levou a ser considerado como o barrio comercial, industrial e innovador por excelencia da cidade. Ata a década de 1940 permaneceu como concello con personalidade propia, o de Ponte Canedo, ata anexionarse ó de Ourense en plena postguerra.

Nestes derradeiros anos, a Xunta de Galicia, presentou ó barrio da Ponte como barrio ecosostible, sen que ata agora se vira actuación algunha. Polo tanto, poderíamos optar a ser un centro pioneiro no ámbito da sostibilidade, ao albor de dita declaración de principios.

Plantexamos una profunda reflexión que implique a toda a comunidade educativa para camiñar conxuntamente cara a una próxima autonomía enerxética do centro.

Ó mesmo tempo, o estar tan próximos ó principal río da cidade, o Miño, queremos incidir na problemática dun recurso tan sensible, como a auga. Como a meirande parte dos galegos, e pola súa abundancia, non temos a percepción de a súa importancia, no senso de a necesidade do uso enerxético para a potabilización como para a súa depuración.

Esta dobre liña de actuación, levará por un lado:

- A) Enerxía no IES. Cuantificación e alternativas as actuais enerxías fósiles.
- B) Auga no IES . Cuantificación e reflexión sobre os seus custes enerxéticos e medio-ambientais.

O alumnado participante, será os catro grupos de 3º de ESO. O total de alumnado serán 91.

A actividade implementarase na clase de Xeografía e proponse media hora semanal, coincidindo co terceiro día de clase horaria.

Os grupos de traballo serán de seis alumnos e alumnas, distribuíndose as tarefas en rotación que se desenvolverán ó longo do curso.

A transversalidade do proxecto levará a implicación de varios departamentos:

- Matemáticas: control de datos, tantos por cen de gasto enerxético. Electricidade e gas oil.
- Bioloxía: a auga como recurso natural. Aproveitamento e modalidades no IES. Procesos de Potabilización e Depuración.
- Xeografía : localización dos recursos hídricos na cidade e localización no plano de cidade de Ourense, así mesmo localización das áreas de xeotermia ligadas as fallas dos tres ríos importantes da cidade.

Ó longo do curso e secuenciadas por trimestre, levaranse a cabo as actividades relacionadas con os dous ámbitos do proxecto:

A concienciación do aforro enerxético, cun programa a mais longo prazo de substitución das enerxías fósiles por posibles enerxías renovables

O aforro no consumo de auga, para o que se propón a substitución no sistema de cisternas en todos os inodoros do IES, por as que teñen media-carga ou completa.

Comparación no consumo enerxético do curso 2021-2022 e o do presente curso. Facendo una distinción entre a enerxía fósil utilizada na calefacción e a enerxía eléctrica.

Comparación no consumo de auga entre o curso pasado e o presente.

EDUexcelencia

Obradoiro de Matemáticas (Estimulación do talento matemático)

Horario: mércores de 16 a 18.

NIVEIS:

1. **PRIMARIA.** 16 alumnos/as (do CEIP de Prácticas, Rodríguez Barroso e Mestre Vide).

Profesora: Paula Castro Rocha

2. **INICIACIÓN.** 17 alumnos/as (do IES Blanco Amor e As Lagoas).

Profesora: Rosa Gómez Pardo

3. **INTERMEDIO.** 13 alumnos/as.

Profesor: Benjamín Macía Fernández

4. **AVANZADO.** 11 alumnos/as (do IES Blanco Amor, O Couto, Ferro Couselo, As Lagoas e Otero Pedrayo).

Profesor: Carlos Ferreiro García

Obradoiro de Economía

Horario: mércores de 16:00-17:30 (2º Bach) e 17:30 - 18:30 (4º ESO y 1º Bach).

O obradoiro de Economía está pensado para fomentar a independencia financeira do noso alumnado, tan importante como escasa no mundo actual. Comezaremos ofertando dito obradoiro ao alumnado de 4º, 1º e 2º de bacharelato, curse ou non a materia de Economía, que teña interese por aprender esta disciplina, coa idea de poder ir ampliando a oferta a outros cursos nos anos posteriores.

O estudo da economía axuda a percibir e a coñecer o mundo, facilita a comprensión dos conceptos utilizados habitualmente na análise económica e empresarial, serve para potenciar destrezas de razoamento e abstracción, e proporciona ferramentas para examinar de xeito crítico a sociedade. Proporciona importantes coñecementos matemáticos e estatísticos, habilidades de comunicación oral e escrita para explicar e transmitir ideas e conclusións, con argumentos e evidencias empíricas, sentido da ética e respecto polo ser humano, así como unha intensa capacidade de traballo, tanto individual como en equipo.

Alumnado: 8 alumnas e 8 alumnos.

PROGRAMA REFÓRZA-T

- **PROA+**. 20 horas lectivas de apoio dentro e fóra da aula dirixido ao alumnado da ESO por unha profesora da especialidade de pedagogía terapéutica.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

documentos

CAPÍTULO IV

2022-2023

IES EDUARDO BLANCO AMOR

Rúa Vicente Risco (Ourense)

PLAN DE SECCIÓN BILINGÜES E PLURIBACH

CURSO 2022-23

PROXECTO

1. PROXECTO DE PLURIBACH PARA O CURSO 2022-23

Este curso temos matriculados no **Pluribach** dezaioito alumnos que non só estudan a materia de *Filosofía* de 1º de Bacharelato en inglés, senón tamén unha materia extracurricular, cunha carga lectiva semanal de 2 horas, *Cine-fórum*. Ademais hai tres estudantes que finalizan o Pluribach durante este curso e están a cursar outra materia extracurricular pola tarde que leva por nome *Habilidades sociais*. A profesora coordinadora é Mercedes Varela Núñez e a profesora das materias, Inmaculada Gándara Moure.

O programa previsto de actividades complementarias é o seguinte:

- Obradoiro de comunicación oral. (10 horas)
- Viaxe de estudos a Londres. (Aproximadamente 5 días de duración)
- Proxecto de elaboración dun vídeo que recolla os momentos máis salientables das distintas sesións de *Cine-fórum* e de *Habilidades sociais*. (10 horas)

A viaxe levarase a cabo no 1º curso de Bacharelato, mentres que o proxecto e o obradoiro farano no 2º curso.

1.1. RELACIÓN DE MATERIAS

- *Filosofía* en inglés en 1º de Bacharelato

1.2. MATERIAS EXTRACURRICULARES

A materia extracurricular é *Cine-fórum* para 1º de Bach, e *Habilidades sociais* para 2º de Bacharelato. Ámbalas dúas teñen unha carga lectiva semanal de dúas horas.

Xustificación:

- Dado que para a aprendizaxe dun idioma recoméndase a inmersión lingüística dirixida a mellorar as competencias comunicativas en dita lingua, cremos necesario ofertar a posibilidade de facer un visionado de películas en inglés para aqueles alumnos que estean interesados en mellorar as súas habilidades lingüísticas (Listening e Speaking) e enriquecer o seu vocabulario. Do mesmo xeito, os asistentes terán a posibilidade de familiarizarse con diferentes acentos e coñecer aspectos culturais doutras sociedades. Polo que atinxe á materia de *Habilidades sociais*, cremos que pode contribuír moitísimo á mellora da súa competencia lingüística.

Obxectivos xerais:

- Mellorar a capacidade comunicativa en lingua inglesa.
- Concienciar ó alumnado das diferentes variedades do inglés, prestando especial interese ós diferentes acentos, rexistros e aspectos culturais.

Obxectivos específicos:

- Mellorar a comprensión lingüística escoitando a anglofalantes en situacións reais.
- Aumentar o caudal léxico en lingua inglesa, aprendendo novas expresións e xiros.
- Adquirir confianza en canto ó dominio da lingua inglesa.

Contidos xerais:

- Visionado de extractos seleccionados de películas, series, documentais e curtametraxes. O visionado farase en versión orixinal con subtítulos en inglés.
- Práctica de distintas habilidades sociais como: dar e recibir feed-back, presentar unha reclamación ou suxestión, afrontar unha entrevista de traballo, falar en público, etcétera.
- Posta en común, coloquio e debate oral sobre os filmes previamente vistos.

Temporalización:

- As clases teñen lugar os martes pola tarde en horario que abrangue dende as 16:00 ata as 17:40 para a materia de *Habilidades sociais* e os xoves no mesmo horario para a materia de *Cine-fórum*.

2. PROXECTO DE SECCIÓNS BILINGÜES PARA O CURSO 2022-23

Este curso ofertamos tres seccións bilingües: unha para *Valores éticos* en 4º de ESO (18 alumnos), outra para *Filosofía* en 1º de Bacharelato (38 alumnos repartidos en dous grupos), e outra para *Psicoloxía* en 2º de Bacharelato (12 alumnos)

Para as tres seccións a profesora coordinadora é Marta Varela Mosquera, a profesora das materias Inmaculada Gándara Moure e o auxiliar de conversa, Cameron Mills.

A programación é a mesma que se reflicte na programación do Departamento de Filosofía para o resto dos grupos, así como os criterios de cualificación, avaliación e recuperación.

PROGRAMA STEMbach



Proxectos do bienio 2020-22

MICROMUNDO: NA PROCURA DE BACTERIAS DO CHAN PRODUTORAS DE ANTIBIÓTICOS

Titor: Francisco Boán Fernández.

Codirector: María José Pérez Álvarez e Julia Carballo Rodríguez do Departamento de Microbioloxía da Facultas de Ciencias da Universidade de Vigo en Ourense.

GENDER DIFFERENCES IN SPOKEN BRITISH ENGLISH: A CORPUS BASED STUDY

Titoras: Montserrat Prieto Carneiro e Cristina Serén Bouzas.

Codirector: Loli González e Nuria Yáñez do Departamento de Inglés, Facultade de Filoloxía e Tradución, Universidade de Vigo.

FRACTALES CON PYTHON

Titor: Carlos Ferreiro García.

Codirector: Ángel Cid Araújo, Departamento de Matemáticas, Universidade de Vigo.

CONTROL DE ORIENTACIÓN DUN SATÉLITE

Titor: María Dolores Fernández Villanueva.

Codirector: Pedro Orgeira Crespo, Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, Universidade de Vigo.

ALUMNADO: 23 (16 ALUMNAS E 7 ALUMNOS)

MATERIA EXTRACURRICULAR CURSO 2022-23**Horario: martes de 16:00 a 18:00**

1. Módulo de Iniciación al LaTeX, impartido por Luis Civeira Rodríguez.
2. Módulo de Criptografía con SageMath, impartido por Carlos Ferreiro García.
3. Módulo de Estadística, impartido por Benjamín Macía Fernández.
4. Módulo de Inglés Científico, impartido por Montserrat Prieto Carneiro e Cristina Serén Bouzas.

PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN

Neste curso 2022-2023, o centro procederá a implementación efectiva do Plan sometido a un proceso de avaliación e mellora continua.

Para o seguimento dos obxectivos, baseámonos no Plan Dixital aprobado no curso anterior e do grupo de traballo, que está a traballar no seu seguimento, e tamén nas indicacións que dende a Xunta nos comunica, como mentora, Alba Quintas.

Os medios que empregamos para a actualización e revisión por parte do persoal implicado son pola Aula Virtual de centro no enlace que segue:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ieseduardoblancoamor/aulavirtual/enrol/index.php?id=1077#section-3>

E a través da documentación que engadimos na páxina web do centro:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ieseduardoblancoamor/node/444>

Os obxectivos máis destacados para este curso son:

- Obxectivo 6: O traballo interdisciplinar que quedará rexistrado como o traballo que faremos entre varios Departamentos e visualizarase mediante proxectos e traballos.
- Obxectivo 7: A actualización da base de datos dos equipamentos que temos no centro a través dunha plataforma que nos aportarán nestes meses próximos, con previsión de melloras en determinadas áreas de formación, de mantemento e mellora das infraestruturas.

AN

W

PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

I.E.S. EDUARDO BLANCO AMOR

OURENSE
2022 – 2023

ÍNDICE

- 1. INTRODUCCIÓN**
- 2. XUSTIFICACIÓN**
 - 2.1. Marco teórico-práctico
 - 2.2. Detección de necesidades
 - 2.3. Características do centro
 - 2.4. Organización do Departamento de Orientación
- 3. OBXECTIVOS DO PLAN**
- 4. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN**
- 5. ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN**
 - 5.1. Atención á diversidade**
 - 5.2. Acción titorial**
 - 5.3. Orientación académico-profesional**
- 6. CONTRIBUCIÓN DA PROGRAMACIÓN**
 - Ao Proxecto Lector do centro
 - Ao Plan TIC do centro
 - Ao Proxecto Lingüístico do centro
 - Ao Plan de Convivencia
- 7. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN**
- 8. RECURSOS E TEMPORALIZACIÓN**
- 9. AVALIACIÓN DO PLAN**
- 10. BIBLIOGRAFÍA**

INTRODUCCIÓN

ENMARQUE TEÓRICO

1. APROXIMACIÓN CONCEPTUAL Ó TERMO “PLAN DE ORIENTACIÓN EDUCATIVA”

Segundo a **Bisquerra** podemos dicir que un Plan de Orientación Educativa trata de recoller “o proceso de axuda continua, a tódalas persoas, en tódolos aspectos, cunha finalidade de prevención e desenvolvemento, mediante programas de intervención educativa e social baseados en principios científicos e filosóficos”.

Cómpre destacar dúas manifestacións da orientación, na etapa da Educación Primaria:

- A orientación académica.
- A orientación persoal.

1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN

O Plan de Orientación preséntase como unha guía de traballo, aberto e flexible desde o principio de que a orientación educativa é un proceso continuo, sistemático e articulado onde o alumnado é o axente activo do seu propio progreso.

Forma parte da función docente e integra tódalas accións realizadas dende a titoría e o asesoramento especializado. Garante o desenvolvemento de medidas preventivas, habilitadoras e compensadoras dirixidas ó alumnado e ó seu contexto. Concrétase en plans de actuación no Centro.

Segundo o **artigo 6º do decreto 120/1998, do 23 de abril**, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia “os departamentos de orientación terán a competencia de elaborar, de acordo coas directrices establecidas polas comisións de coordinación pedagóxica, as propostas do plan de orientación académica e profesional, e do plan de acción titorial dos centros, así como coordinar ó profesorado e ofrecerlle soporte técnico para o desenvolvemento destes plans”.

1. MARCO LEXISLATIVO

Recompílase, entre outra, a seguinte lexislación:

- Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. (LOMCE).
- Lei Orgánica 2/2006 de 3 de Maio de Educación (LOE).
- Constitución do 27 de decembro de 1978
- Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.
- Resolución do 22 de decembro de 2004 pola que se ditan instrucións para os departamentos de orientación en CEE.
- O. do 6 de outubro de 1995, pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.
- D. 320/1996, do 26 de xullo, de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais.
- Real Decreto 943/2003 polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos sobredotados intelctualmente.
- O. do 28 de outubro de 1996, pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibiliza-la duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual.
- O. do 31 de outubro de 1996, pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais,... e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización.
- O. do 27 de decembro do 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais.
- O. do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro.
- D. 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación.
- O. do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional.
- D. 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

- O. do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento dos CEIP.
- D.229/2011, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- D. 69/1998, do 26 de febreiro, polo que se regula a atención temperá a discapacitados na nosa Comunidade.
- D. 99/2006, do 15 de xuño, polo que se regula a planificación, estrutura, organización e funcionamento da formación permanente do profesorado.
- O 8 setembro do 2021 que desenvolve o decreto 229/2011 que regula a atención á diversidade na comunidade autónoma de Galicia.
- Circular 10/2010, da dirección xeral de educación, formación profesional e innovación educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.
- Circular 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galiza.

Na elaboración deste plan anual de intervención tivéronse en conta, ademais das necesidades do IES, identificadas a través da análise do Proxecto Educativo de Centro (PEC), do Proxecto Curricular de Centro (PCC) e do Plan Xeral Anual (PXA), as directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) e as aportacións e necesidades expresadas pola comunidade a través das diferentes reunións mantidas, logo da sesión de avaliación extraordinaria de setembro dos/as alumnos/as. Ademais contempláronse as funcións e accións prioritarias asignadas ao DO e aos titores nas disposicións legais vixentes anteriormente referidas.

XUSTIFICACIÓN

2.1. MARCO TEÓRICO-PRÁCTICO

A educación supón (entre outros aspectos) facilitar o desenvolvemento persoal, a integración social, garantindo igualdade de oportunidades e procurando o máximo desenvolvemento das potencialidades da persoa. Neste sentido, a orientación educativa é unha actividade complementaria á docente que se ocupa de aspectos que inciden directamente no desenvolvemento educativo e persoal do alumnado.

Actualmente, e de forma xeral, a actividade orientadora concrétese nestas áreas:

- A **acción tutorial** e desenvolvemento persoal do alumnado: con actuacións en educación para a saúde, afectivo-sexual, prevención de adicións e drogodependencias, educación en valores, emocional, prevención de racismo e xenofobia, educación para a paz e non violencia, para a convivencia e prevención de conflitos, prevención de acoso e ciberbullying, educación vial..
- A **orientación vocacional, académica e profesional** do alumnado: axudar as persoas de tódalas idades, informando, asesorando e facilitando as decisións vocacionais, como cara o emprego, autoemprego, adquisición de competencias profesionais, reciclaxe...
- A **atención á diversidade** do alumnado: deseño e desenvolvemento da resposta educativa máis acorde ás necesidades do alumnado, en coordinación cos departamentos didácticos e equipos docentes. Isto inclúe a avaliación psicopedagóxica de casos como altas capacidades, dislexia, TDAH, discapacidade, TEA, dificultades de aprendizaxe (discalculia, disortografías...)..., procurando unha escola inclusiva, dando asesoramento específico a este alumnado e a súa familia sobre a mellor resposta educativa (o que inclúe xestión de becas, axudas específicas, contacto con asociacións e organismos...).

2.2. DETECCIÓN DE NECESIDADES

Respecto da orientación educativa, pódense establecer unha serie de necesidades:

Respecto do centro

- Actualización de documentos e plans do centro.
- Actualización da web do centro, especialmente no referido á orientación educativa.
- Continuar e potenciar a comunicación con outros centros educativos e axentes externos (servizos sociais, sanitarios, de inmigración, e asociacións educativas...).
- Potenciación da comunicación e cooperación coas familias.

Respecto do profesorado

- Asesoramento sobre medidas de atención á diversidade.

- Asesoramento sobre a acción tutorial e orientación académico-profesional.
- Difusión das función da orientación educativa.

Respecto do alumnado

- Integración do alumnado que se incorpora ao centro, tanto ao principio coma ao longo do curso.
- Implementación de medidas de atención á diversidade o antes posible.
- Seguir a mellorar o rendemento académico e reducir o fracaso escolar.
- Fomento da educación en valores, especialmente a igualdade de xénero, así como convivencia, valores democráticos ou resolución de conflitos.
- Avaliación psicopedagóxica daquel alumnado que o precise.
- Revisar as medidas de atención á diversidade que se aplican e seguimento do alumnado que as recibe.
- Autoorientación, autonomía persoal e toma de decisión vocacionais.

Respecto ás familias

- Implicación das familias no proceso educativo.
- Orientación ás familias con fillos/as que reciben medidas de atención á diversidade.
- Información sobre o sistema educativo e itinerarios académico/profesionais.

2.3. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

O IES Eduardo Blanco Amor é un centro de entorno urbano no que se imparten ensinanzas de secundaria obrigatoria, bacharelato. No último curso da secundaria impártense os itinerarios de Ensinanzas Académicas e Aplicadas, mentres que no bacharelato se imparten os itinerarios de Ciencias Sociais, Humanidades e Ciencias. No bacharelato, no centro impleméntanse os programas de STEMBACH e PLURIBACH. Nas ensinanzas para adultos impártense ensinanzas de bacharelato nos seus tres itinerarios.

No curso actual, contamos con un total de 616 alumnos/as.

Nos primeiros cursos da secundaria realízanse reforzos en materias instrumentais para o alumnado exento da segunda lingua estranxeira que cursa 1º e 2º curso. En 2º de secundaria hai un grupo do programa de mellora da aprendizaxe e o rendemento (PMAR), constituído por 9 alumnos/as. Tamén o programa de PROA+.

Respecto do profesorado, trátase dun claustro moi estable, no que a maioría dos seus membros teñen

destino definitivo no centro, aínda que este curso chegaron profesores novos.

ANIZACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

No artigo 3 do Decreto 120/1998 establécese a composición dos Departamentos de Orientación, e no artigo 6 asígnaselles as funcións que deben ser asumidas colexiadamente con carácter xeral por todos os membros. O exercicio destas variadas funcións fai necesario que este departamento conte con profesionais diferentes, dependendo das ensinanzas que se ofertan e das necesidades educativas específicas do alumnado. As responsabilidades específicas dos profesores que compoñen o departamento de orientación relacionadas coa orientación educativa e a atención á diversidade aparecen recollidas no artigo 7.

Composición e reunións

O Departamento de Orientación celebrará unha reunión semanal, e está composto, tal e como está establecido no artigo 3 do Decreto 120/1998, do 23 de abril, polos seguintes membros

Nieves Esther Otero Álvarez	Profesora de pedagogía terapéutica.
Beatriz Pereira Arias	Profesora de pedagogía terapéutica.
Ana Pita	Profesor do ámbito lingüístico.
Ana Parrilla González	Profesora de audición e linguaxe.
José Ángel Bascoy Casas	Profesor do ámbito científico-técnico.
Noelia Alén Barja	Xefe do departamento

OBXECTIVOS DO PLAN

Centro

Colaborar na elaboración e actualizacións dos documentos do centro.

Asesorar en cuestións relativas á atención á diversidade.

Colaborar na planificación e organización de actividades educativas.

Potenciar a colaboración entre o centro e outros membros da comunidade educativa (familias, servizos sociais, sanitarios...)

Profesorado

1. Fomentar o intercambio de información sobre as necesidades do alumnado.
2. Colaborar na detección das necesidades do alumnado.

3. Asesorar sobre medidas de atención á diversidade, tutorías,...
4. Potenciar a colaboración nas actividades do departamento de orientación.
5. Contribuír na colaboración e coordinación entre profesorado e familias.

Alumnado

1. Detectar e avaliar as necesidades educativas do alumnado.
2. Aplicar medidas de atención á diversidade axustadas ás necesidades persoais do alumnado.
3. Fomentar a continuidade educativa en materias, cursos etapas.
4. Favorecer o desenvolvemento persoal (madureza, propia identidade, valores, toma de decisións).
5. Potenciar a convivencia entre alumnos/as e co profesorado.
6. Proporcionar información e asesoramento sobre itinerarios educativos e profesionais.

Familias

1. Asesorar sobre posibles necesidades do alumnado.
2. Cooperar na súa relación cos/as titores/as.
3. Asesorar sobre itinerarios educativos e profesionais.

LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN

A acción orientadora ten un carácter continuo e global e abrangue a formación académica, o desenvolvemento psicosocial e a madurez vocacional dos alumnos, e implica a toda a comunidade educativa. É necesario ter en conta as directrices que a Consellería de Educación explicita cada ano a través de circulares anuais, de carácter continuo non derogable, sen prexuízo do establecido no Decreto 120/1998 e na Orde do 24 de Xullo que o desenvolve.

Actuacións para a atención á diversidade: identificación temperá de NEAE; revisión e modificación se é o caso das medidas de apoio; proposta de iniciativas que supoñan a optimización dos recursos humanos e materiais dos centros no referido aos apoios; asesoramento aos departamentos didácticos para contemplar a resposta á diversidade nas programacións e establecemento de canles de coordinación entre os orientadores de primaria e secundaria, para facilitar o tránsito do alumnado entre as etapas educativas.

Actuacións de desenvolvemento do PAT: colaboración co profesorado titor na análise de necesidades neste eido; asesoramento en aspectos organizativos e de xestión da acción

titorial e incorporación de contidos relacionados coas habilidades sociais, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a dinámica de grupos e a igualdade entre homes e mulleres.

Actuacións de promoción da convivencia e a resolución pacífica de conflitos no marco dunha escola plural: colaboración na diagnose sobre o estado da convivencia no centro e proposta de medidas que redunden na mellora da mesma; asesoramento na elaboración e avaliación de plans de mellora da convivencia; participación na revisión do PEC (atención aos principios de educación democrática e igualitaria, solidariedade, cooperación, xustiza, tolerancia e desenvolvemento sostible); colaboración na revisión e actualización das NOF e elaboración e uso de protocolos para a prevención e control do absentismo escolar.

Actuacións referidas á formación permanente, á investigación, á experimentación e á innovación: colaboración na detección de necesidades de formación permanente do profesorado do centro e dinamización da participación dos equipos docentes en proxectos e programas de innovación.

Actuacións que promovan unha maior participación e implicación das familias na vida do centro: dinamización das canles de comunicación entre familias e escola.

Actuacións relacionadas co fomento da cultura emprendedora e o autoemprego: a través de accións nas diferentes áreas, módulos e materias do currículo cun tratamento transversal e a través da participación dos centros educativos en campañas ou talleres de formación para o fomento do autoemprego.

Actuacións en relación á etapa de transición da formación ao mundo laboral ou viceversa: atención preferente ao alumnado que finaliza formación profesional básica, un ciclo medio ou superior, alumnado con NEAE e colaboración no seguimento da inserción laboral do alumnado.

Actuacións que teñen por obxecto asesorar, informar e difundir entre o alumnado as ensinanzas de réxime especial: acceso, características, titulacións, oferta educativa.

ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN

O desenvolvemento das actividades para o logro dos obxectivos propostos, realizarase a partir de tres vías de actuación diferenciadas, pero ao mesmo tempo moi relacionadas entre si:

- **Atención á diversidade**

- **Acción tutorial**
- **Orientación académico-profesional.**

En cada un destes ámbitos, en función das necesidades detectadas, e seguindo un modelo de programas, marcaranse uns obxectivos específicos, actividades, recursos, temporalización e avaliación, tendo en conta que os tres ámbitos persegue un obxectivo común, como é o desenvolvemento integral do alumnado. O funcionamento do programado para un ámbito probablemente influirá na marcha do programado noutro, e haberá necesidades e intervencións compartidas polos tres ámbitos.

5.1. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Unha escola comprensiva, compensadora e inclusiva fai necesaria complementar a acción educativa co principio de atención á diversidade. As diferenzas entre as persoas deben considerarse coma unha posibilidade de enriquecemento á que o sistema educativo debe dar a resposta máis axeitada, resposta que será diversa e flexible, capaz de adaptarse ás necesidades do grupo e de cada alumno individual, favorecendo o seu desenvolvemento académico, social e persoal.

A finalidade da atención á diversidade será dar unha resposta educativa axustada ás características de todos/as os/as alumnos/as, especialmente a aqueles que en maior ou menor grao presentan necesidades educativas de carácter transitorio ou permanente.

Obxectivos

Coñecer as necesidades do alumnado para o axuste da resposta educativa, indo sempre das medidas menos significativas as máis significativas.

Desenvolver ao máximo as capacidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, colaborando na organización e implementación de medidas de atención á diversidade (reforzo educativo, PMAR, ACS).

Dotar ao alumnado con necesidades educativas específicas dos recursos persoais e materiais necesarios para o seu desenvolvemento autónomo e integración social.

Favorecer a integración académica de alumnos con características concretas como pode ser o caso de alumnos inmigrantes.

Actividades ou actuacións

1º TRIMESTRE

Proporcionar ao profesorado a información relevante en poder do departamento sobre o alumnado que presenta necesidades educativas.

Proporcionar material ao profesorado para a recollida de información sobre o alumnado, co fin de coñecer o seu punto de partida.

Fomentar a avaliación inicial, colaborando coa xefatura de estudos na recollida e intercambio de información.

Realizar as avaliacións psicopedagóxicas que sexan imprescindibles e revisar e, no seu caso, actualizar os informes do alumnado.

Colaborar coa profesora de PT/AL na avaliación, deseño e desenvolvemento de actividades de recuperación daqueles alumnos que presenten dificultades no momento en que xurdan.

Asesorar ao profesorado sobre as MAD e as posibilidades de implantar algunha nova no centro.

Asesorar ao profesorado do PMAR sobre as características do alumnado deses grupos e sobre o funcionamento e características de ditos programas.

Establecer, en coordinación coas especialistas en PT/AL, a xefatura de estudos e o profesorado dos alumnos que precisen algún tipo de reforzo, os horarios de apoio.

Participar no programa de acollida de alumnos e profesores do centro, en colaboración coa dirección. A nosa función será a de participar na recepción e na información ao alumnado e as súas familias e na reunión co profesorado de novo ingreso no centro, sobre todo para informalos das necesidades de apoio educativo que presentan os alumnos.

Proporcionar ás familias, no seu caso, información específica e pautas de desenvolvemento no fogar.

Colaborar na adecuación dos documentos xerais de centro nos aspectos pedagóxicos e organizativos que afecten ás medidas de atención á diversidade que actualmente funcionan se é necesario.

Asesorar na realización da avaliación inicial e da primeira avaliación.

2º TRIMESTRE

Analizar os datos recollidos na primeira avaliación e tomar as medidas necesarias para a mellora da marcha de cada grupo – clase cando sexa preciso.

Seguimento da intervención dos alumnos con RE e doutras medidas que poidan ser adoptadas a partir da 1ª avaliación, en colaboración coas especialistas de PT.

Proporcionar material e información ao profesorado para unha mellor resposta ás necesidades do alumnado.

Proporcionar ás familias, no seu caso, información específica e pautas de desenvolvemento no fogar.

Facer o seguimento do alumnado de PMAR.

Asistir e asesorar na 2ª avaliación.

3º TRIMESTRE

Analizar os datos recollidos na 2ª avaliación e tomar as medidas necesarias para a mellora da marcha de cada grupo – clase ou de cada alumno individualmente nos casos nos que sexa preciso.

Levar a cabo a avaliación xeral das MAD postas en marcha no centro e efectuar posibles modificacións.

Asistir ás avaliacións do terceiro trimestre, asesorando en todo o relativo aos criterios de avaliación e promoción do alumnado.

Colaborar na realización dos informes individualizados dos alumnos.

Colaborar na proposta de alumnado para as posibles medidas de atención á diversidade para o próximo curso.

Metodoloxía

Para levar a cabo a coordinación e o seguimento das medidas de reforzo educativo estableceranse reunións coas especialistas de PT/AL e dinamizaremos a coordinación entre o departamento e o profesorado de aula.

Empregaremos a observación e o intercambio de información cos titores para analizar as situacións do centro que poidan ser obxecto de cambio para unha mellor atención á diversidade e traballaremos con protocolos de información clara para facer chegar as diferentes propostas e medidas existentes sobre o tema ao profesorado, sempre apoiándonos nas reunións prescriptivas do DO e a través da CCP.

Recursos

PERSOAIS: o equipo educativo, especialmente aqueles que imparten docencia a alumnos con dificultades de aprendizaxe, as profesoras de pedagogía terapéutica, responsables da atención directa aos alumnos. Os titores, coordinando algunhas das actuacións. O orientador, asesorando ao longo de todo o proceso de ensino–aprendizaxe, levando a cabo as avaliacións psicopedagóxicas e os deseños de intervención oportunos. Nos casos nos que sexa necesaria a intervención de profesionais de carácter externo (servizos sociais, sanitarios e equipo de orientación específico).

MATERIAIS: protocolos e materiais elaborados no DO, material de reforzo, probas psicopedagóxicas,....

ORGANIZATIVOS: coordinación entre todos os responsables do proceso formativo do alumnado (familias, profesorado, titores, xefatura de estudos, especialistas de PT e orientador).

Avaliación

A avaliación deste ámbito será continua e levarase a cabo durante todo o curso, a través de diferentes reunións dos órganos de coordinación docente. O criterio a ter en conta será a adecuación das medidas para responder ás necesidades dos alumnos. Para este fin analizarase o funcionamento das MAD desenvolvidas no centro, valorando o progreso dos alumnos, a adecuación dos criterios para a selección do alumnado a estas medidas, e as propias programacións didácticas dos profesores, xunto cos proxectos de centro e o desenvolvemento da titoría.

Dentro deste marco de avaliación prestarase atención especial ao papel do DO na atención á diversidade.

As propostas de mellora elaboraranse ao remate do curso, co obxectivo de organizar as MAD para o vindeiro.

5.2. ACCIÓN TITORIAL

A acción titorial considérase un proceso de carácter interno e continuo no eido escolar encamiñado a favorecer o desenvolvemento integral do alumno. Isto implica favorecer a adquisición de aprendizaxes significativas, o proceso de toma de decisións, a socialización e o desenvolvemento da personalidade.

A titoría e orientación está regulada no artigo 16 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, que establece o seguinte:

A acción titorial e a orientación educativa e profesional terán un papel relevante en cada un dos cursos,. Cada grupo de alumnos e alumnas contará cun titor ou unha titora, designado/a polo/a director/a do centro docente entre o profesorado que lle imparta docencia ao grupo.

O profesorado titor terá a responsabilidade de coordinar o equipo docente que imparta clases nese grupo, no relativo tanto á avaliación como aos procesos de ensino e aprendizaxe, e manterá unha relación permanente cos pais, coas nais ou cos titores e coas titoras legais.

A orientación educativa garantirá ao longo da etapa un axeitado asesoramento ao alumnado para favorecer a súa continuidade no sistema educativo, ou se for o caso, unha orientación profesional. En todo caso, a orientación educativa atenderá ao principio de igualdade entre homes e mulleres.

O Plan de Acción Titorial que se implementa no instituto pode lerse no seguinte enlace:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieseduardoblancosamor/taxonomy/term/58>

5.3. ORIENTACIÓN ACADÉMICO-PROFESIONAL

A orientación académico-profesional é un proceso continuo de axuda ás persoas en todos os ámbitos: persoal, social, educativo e laboral, co fin de potenciar o desenvolvemento integral ao longo de toda a vida. Polo tanto a orientación, ademais de informar aos alumnos sobre os itinerarios educativos, formativos e laborais, debe tamén tratar a problemática individual de aptitudes, intereses e capacidades para favorecer a toma de decisións axeitada.

O DO levará a cabo accións encamiñadas á información sobre itinerarios académico-profesionais e apoio ao alumnado nos momentos críticos, fundamentalmente ao rematar as etapas educativas e ao rematar cada etapa educativa, enmarcadas nunha orientación na aprendizaxe ao longo da vida.

Necesidades

Favorecer o proceso de autoconecemento nos alumnos e alumnas.

Responder ante os alumnos a cuestións relacionadas coa súa orientación académico-profesional.

Dar resposta ás inquedanzas das familias.

Dar a coñecer os recursos e itinerarios formativos e laborais.

Colaborar coa administración educativa nas accións encamiñadas a favorecer unha rede integrada de orientación académico-profesional.

Fomentar a igualdade efectiva entre homes e mulleres no momento da toma de decisións vocacionais.

Obxectivos

Respecto ao alumnado

Estimular a toma de conciencia e valoración das propias aptitudes, intereses, motivacións e factores de personalidade e a súa relación con estudos e profesións.

Espertar actitudes e valores dirixidos á procura de información acerca do sistema educativo e laboral.

Coñecer a estrutura do sistema educativo: itinerarios formativos, condicións de acceso, titulacións que se acadan...

Coñecer a oferta da Formación Profesional, as condicións de acceso, e as certificacións que se obteñen, así como a súa vinculación coa FPE.

Desenvolver habilidades e estratexias para a toma de decisións persoais e vocacionais, sen condicionantes de xénero.

Respecto ao profesorado

Asesorar no desenvolvemento da acción orientadora.

Dar a coñecer os recursos cos que conta o DO para a orientación académico – profesional, así como os recursos existentes na rede.

Asesorar na elaboración do Consello Orientador para os alumnos de secundaria.

Coordinar as accións que se leven a cabo neste ámbito, facilitando e promovendo a actuación doutros axentes orientadores externos (EOE, Universidades, Servizo Galego de Colocación...)

Respecto ás familias

Asesorar ás familias sobre os itinerarios educativos e as opcións profesionais.

Implicar ás familias no proceso orientador, concienciándoas da importancia do mesmo.

Contidos

Os contidos deste ámbito organízanse ao redor de catro núcleos temáticos:

- Autoconhecimento.
- Información académica e profesional.
- Proceso de toma de decisións.

Cada un destes bloques traballarase con diferente nivel de profundidade nos diversos cursos.

Actividades respecto ao alumnado

As actividades desenvolveranse preferentemente ao longo do 2º e 3º trimestre xa que son momentos próximos a toma de decisións, aínda que sen rexeitar o desenvolvemento de actividades puntuais de información académica e profesional.

ESO**1º e 2º curso**

Actividades de autoconocemento: habilidades, intereses...

Coñecemento da estrutura da ESO: características de cada curso, criterios de avaliación e de promoción.

Charlas sobre a optatividade en 3º e itinerarios posteriores á ESO.

3º curso

Actividades de autoconocemento.

Actividades de coñecemento da estrutura do curso que están a cursar.

Actividades de coñecemento de itinerarios formativos posteriores: 4ºESO, Bacharelato, Formación Profesional, Universidade.

Actividades de información aos alumnos que esgotan as posibilidades de escolarización: probas de acceso aos ciclos formativos, características da FP Básica, escolas obradoiro, formación ocupacional, INEM e Servizo Galego de Colocación.

Actividades de adestramento en toma de decisións.

4º curso

Actividades de autoconocemento.

Actividades de coñecemento da organización do curso que están a cursar.

Actividades de coñecemento de itinerarios formativos posteriores: 4ºESO, Bacharelato, Formación Profesional, Universidade.

Actividades de información aos alumnos que esgotan as posibilidades de escolarización: probas de acceso aos ciclos formativos, características da FP Básica, escolas obradoiro, formación ocupacional, INEM e Servizo Galego de Colocación.

Actividades de adestramento en toma de decisións.

BACHARELATO

Para todos: elaboración e entrega aos titores dun caderno de información para cada curso, que quedará para a consulta na aula, no que se achegará información sobre o acceso á universidade, notas de corte, carreiras do SUG, FP, oposicións, acceso á corpos e forzas de seguridade do Estado, listado de enderezos web para buscar información... Este curso intentaremos, se o calendario o permite, facer unha visita virtual a algunha universidade galega, ben a de Vigo ou

a de Santiago.

1º BACH: sesión informativa sobre as materias do 2º curso de BACH, as vías de acceso á universidade e o acceso aos diferentes estudos superiores.

2º BACH: charla informativa sobre a USC dun profesor do campus de Santiago de Compostela; sesión informativa sobre as PAAU e o acceso á Universidade; xornadas de orientación dirixidas aos pais e aos alumnos sobre a oferta formativa ao rematar o BACH (FP, estudos universitarios e ensinanzas de réxime especial); entrevistas individualizadas cos alumnos que o demanden.

Actividades respecto ao profesorado

Actividades de asesoramento e provisión de recursos e materiais para o desenvolvemento da acción orientadora.

Participación activa nalgunhas sesións de tutoría e na elaboración do consello orientador.

Actividades respecto ás familias

Charlas informativas acerca do ámbito escolar e académico.

Colaboración en casos particulares cando sexa necesario.

Asesoramento individualizado.

Metodoloxía

A metodoloxía irá encamiñada a facilitar aprendizaxes funcionais e xeneralizables a outras situacións da vida cotiá e que poidan ser postos en práctica ao longo da súa vida. Intentaremos traballar con situacións de aprendizaxe activa onde o alumnado sexa o protagonista da súa propia aprendizaxe.

Traballaremos tamén coordinándonos e colaborando con outros axentes da zona (outros centros educativos e empresas) e co EOE.

Recursos

ORGANIZATIVOS: Empregaremos o tempo fixado para as reunións de departamento, o tempo de reunións cos titores e as reunións da CCP para dinamizar este ámbito, coordinando, facendo o seguimento e aportando materiais para o desenvolvemento das actividades sinaladas.

PERSOAIS: os profesores das distintas áreas dando resposta a cuestións puntuais que lles poidan facer os alumnos sobre os seus estudos e profesións futuras; os titores, nuns casos desenvolvendo o plan de orientación académico e profesional, e noutros servindo de “ponte” entre o alumnado e o DO, deseñando, desenvolvendo, dinamizando e avaliando as actuacións

de orientación académica e profesional no centro e recursos externos ao centro como a especialista neste ámbito do EOE, traballadores dalgún sector, etc.

MATERIAIS: para o alumnado de 3º e 4º ESO se empregará material online e outro elaborado polo departamento para cada alumno/a, no que se recolle información esencial sobre as opcións académicas, cuestionarios de orientación e actividades para a reflexión. Para o alumnado de bacharelato, material online elaborado polo departamento e cadernos con toda a información relevante sobre estudos universitarios e de formación profesional.

Avaliación

A avaliación do POAP levarase a cabo de xeito continuo, durante todo o proceso de desenvolvemento e ao longo do curso. Tamén ao remate na memoria do DO.

Para a valoración continua empregaranse os seguintes instrumentos: a valoración realizada polos alumnos de cada actividade e a valoración dos titores e do propio orientador. Ademais, nas reunións do DO e nas reunións cos titores farase un seguimento do plan, corrixiendo os posibles desaxustes e modificando o que sexa preciso.

Una vez rematado o curso e ao remate de cada actividade realizarase unha avaliación de carácter final, a partir da cal se decidirá o mantemento, modificación ou eliminación das propostas e actividades do plan, tendo en conta os seguintes criterios: o grao de aceptación e participación da comunidade educativa nas accións orientadoras, o cumprimento das accións previstas, a satisfacción dos destinatarios das mesmas. Comunicaranse os resultados á CCP e en función dos acordos incorporaranse as propostas de mellora á memoria final do DO.

ESTRATEGIAS DE INTERVENCIÓN

Tenderemos a desenvolver un modelo psicopedagóxico de intervención, que implica que temos que actuar, sobre todo, dun xeito indirecto, grupal, interno, proactivo e por programas, aínda que sen rexeitar, en casos puntuais, unha atención directa e individualizada. Neste modelo é necesaria a colaboración de toda a comunidade educativa.

A acción orientadora será principalmente indirecta, potenciando a acción directa a través de mediadores (basicamente a través da acción titorial) e interna, xa que o seu desenvolvemento será competencia do profesorado do centro. En casos puntuais pode ser precisa a intervención de servizos externos ao centro, como poden ser os especialistas do EOE ou persoas doutras entidades que participen no establecemento dunha conexión entre a escola e o seu entorno.

As intervencións serán basicamente de carácter preventivo, intentando adiantarnos ás posibles dificultades que poidan atoparse e no caso de que aparezan dotar dos recursos suficientes para afrontalas.

RECURSOS E TEMPORALIZACIÓN

Serán os do centro, tanto materiais como persoais e de espazo, podendo acudir a axentes externos cando así o requira a actuación programada, procurando un rendemento óptimo e o máximo aproveitamento dos recursos existentes:

Humanos: Profesorado, titores, orientador, xefe de estudos, profesionais externos.

Do entorno: Equipos específicos de orientación, centros de recursos, centros da zona, inspección educativa, concello, empresas...

Materiais: Lexislación educativa vixente, cuestionarios e tests, programas específicos, medios informáticos e tecnolóxicos, bibliografía,...

En canto á temporalización, a avaliación inicial de necesidades e o deseño do Plan de Orientación iníciase no mes de setembro. A posta en práctica do plan e o seu seguimento iniciarase en outubro. A programación do tempo está especificada para cada actividade en cada un dos ámbitos de intervención do Plan de Orientación, sen embargo, atenderanse puntualmente aquelas necesidades prioritarias que se presenten ou demanden ao longo do curso, tendo en conta as prioridades educativas, persoais e de formación dos alumno/as. A avaliación final, propostas de mellora e comunicación de resultados realizarase no mes de xuño, ao finalizar o curso.

AVALIACIÓN DO PLAN

Os criterios de avaliación estarán referidos aos obxectivos especificados en cada un dos apartados deste documento. Cada obxectivo ten concretados os seus propios criterios de avaliación. Para a avaliación global seguiranse os seguintes pasos:

Avaliación inicial: Recollida de datos e suxestións sobre este Plan nas reunións do DO, na CCP e das aportacións Departamentos Didácticos, cando as houbese. Tamén se terán en conta os datos recollidos nas avaliacións iniciais dos grupos.

Avaliación do proceso: Recollida de información a través das reunións periódicas das Reunión do DO e da CCP e das sesión de avaliación sobre as actividades realizadas. Dando a coñecer o

estado de desenvolvemento do Plan de Orientación e analizando as dificultades que se presentan. Propoñendo os cambios necesarios.

Avaliación final: Realización dunha memoria cos datos aportados polos titores, os Departamentos e Seminarios, así como aqueles adquiridos a través de consultas, cuestionarios, entrevistas, contraste de experiencias, etc. Esta memoria incluirá:

Enumeración das actividades realizadas e o seu grao de eficacia e cumprimento.

Unha síntese reflexiva sobre os logros acadados,

As dificultades atopadas,

Os factores que influíron nas dificultades,

Os aspectos que será necesario modificar e mellorar

As propostas de innovación necesarias.

Os criterios de avaliación empregados serán os seguintes:

Adecuación á normativa vixente e bases teóricas.

Adecuación ás finalidades establecidas.

Grao de relación entre o asignado e o acadado.

Grao de relación entre o acadado e os medios aplicados.

Satisfacción dos destinatarios.

Axuste ás necesidades detectadas.

Reformulouse en función das necesidades que se foron detectando.

Comprensividade.

Utilidade.

Funcionalidade.

Grao de adecuación a situacións reais e concretas

En canto os procedementos e instrumentos de avaliación empregaremos cuestionarios para a recollida de datos, entrevistas, análise de documentos, observación participante e análise de tarefas, xunto coas reunións, sobre todo as do departamento de orientación e as da CCP.

BIBLIOGRAFÍA

Álvarez Álvarez, *Actividades Matemáticas con materiales didácticos*. Ed Narcea. 1996.

Barody, *El pensamiento matemático de los niños*. Ed Visor 1993.

Bruer T., *Escuelas para pensar*, Ed paidós. 1993

Burón Javier, *Motivación y aprendizaje*. Ed Mensajero. Bilbao, 1994.

- Díaz Aguado, M^a Luisa, *Programas de educación para la tolerancia y la prevención de la violencia en los jóvenes*. Ed Ministerio de trabajo y asuntos sociales. 1999.
- Fabra, M^a Luisa, *Técnicas de grupo para la cooperación*. Ed ceac. 1992
- Fernández Sierra, *Orientación profesional y curriculum de secundaria*. Ed Aljibe. 1993.
- Fuensanta Hernández, *Aprendiendo a aprender*. Ed GDE.1994.
- Garaigordobil L., *Intervención psicológica con adolescentes*. Ed Pirámide. 2000
- Gil Martínez, *Manual de orientación y tutorías*. Ed Praxis.1997.
- Gómez e.all, T.T.I. *Procedimientos para aprender a pensar*. Ed EOS.1991
- Huerta, Elena e.all. , *Programa de estimulación de la comprensión lectora*. Ed Visor.1994.
- Huerta, Elena e.all. , *Tratamiento y prevención de las dificultades lectoras*. Ed Visor.1995.
- Jiménez Ortega, *Método práctico de técnicas de estudio*. Ed Visor. 1994
- Megía Hernández, Miguel, *P.I.H.* Ed cepe.2002
- Michelson e.all *Las habilidades sociales. Evaluación y tratamiento*. Ed Marínez Roca.1987.
- Newman, D. *La zona de contrucción del conocimiento*. Ed Morata.1998
- Pallares, *Técnicas de grupo para educadores*. Ed ICCE. 2002
- Riart Vendrell, *Elegir una profesión* Ed EUB 1998.
- Torre Puente, J.C., *Aprender a pensar y pensar para aprender*. Ed Narcea.1997.
- Vallés, Antonio, *Modificación de conducta del alumno problemático*. Ed Marfil.1997.
- Varios (compilación) *Ética y educación en Valores*. Ed Praxis.
- Varios (compilación) *La acción tutorial en educación secundaria*. Ed praxis.1993.
- Verdugo Alonso, *Personas con discapacidad*. Ed S.XXI
- Vidal, Arándiga, Nuñez, *Formación y orientación laboral*. Ed EOS. 1995.
- Villa Bruned, *La animación de grupos*. Ed Praxis.1998.

En Ourense, a 11 de OUTUBRO de 2022

2

Xefa do Departamento de Orientación

Asdo.: Noelia Alén Barja.

PROTOCOLO COVID

Curso 2022-2023

IES Blanco Amor de Ourense

ANEXOS: PUBLICACIÓN NA PÁXINA WEB

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ieseduardoblancoamor/>

- PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID. ACTUALIZACIÓN.
- PLAN DE CONTINXENCIA.

PLAN DE IGUALDADE

Curso 2022-2023

IES Blanco Amor de Ourense

PLAN DE IGUALDADE

I.E.S Eduardo Blanco Amor

“A Educación non só se produce a través da palabra, está presente en todas as nosas accións, sentimentos e actitudes”.

MARÍA MOLINER

ÍNDICE:

1. Introducción
2. Marco Lexislativo
3. Fase Previa
4. Grupo de Traballo
5. Características do Centro
6. Diagnóstico de Situación
7. Principios Orientadores
8. Obxectivos
9. Medidas Concretas de Actuación
10. Avaliación, Informe Anual e Memoria
11. Días a celebrar
12. Recursos en Rede
13. Actividades

1. Introdución:

O plan de igualdade do centro é un documento no que se recolle un conxunto de actuacións, medidas e accións cuxo principal obxectivo é implementar a coeducación na práctica pedagóxica do noso centro educativo. É un documento realista e operativo que debe contemplar o compromiso público da comunidade educativa, accesible para todos e todas, con obxectivos afíns aos establecidos no plan de igualdade e prevención da violencia de xénero, cuxa concreción é responsabilidade do programa de igualdade e educación afectivo-sexual da Consellería de Educación.

Este plan de igualdade é unha estratexia planificada, flexible e revisable para o curso 2020-21.

A educación é parte esencial no logro e empoderamento das mulleres, en transmitir valores e actitudes que contribúan á eliminación na desigualdade entre sexos. De aí a importancia que ten como ferramenta de cambio social. É máis que nunca necesaria unha reflexión desde as prácticas docentes. A formación do profesorado é básica e primordial se se quere chegar a unha boa práctica docente coeducativa en igualdade. O profesorado é un modelo de referencia para o alumnado. A linguaxe, a forma de relacionarse, a actitude

que se toma nas aulas e nos espazos comúns do centro, inflúen directamente no comportamento dos alumnos e alumnas.

Para favorecer un bo traballo nas clases baseada na igualdade, é fundamental traballar conxuntamente coa Comunidade Educativa. Non só a escola ten a obriga de traballar por unha sociedade máis xusta, na que os roles sexuais non discriminen as persoas; a familia, xunto co centro son os axentes máis próximos onde se proporcionan modelos de condutas e comportamentos que a sociedade reforza.

A invisibilización da muller na contribución cultural da escola é tan evidente que, aínda sendo maior o tanto por cento de mulleres que se dedican á práctica educativa, á cultura, á política, á economía etc., non se fai referencia ó seu traballo nos contidos curriculares.

Coa invisibilización das mulleres, as rapazas non teñen referentes nin modelos que seguir.

O persoal docente debe propoñer referentes tanto ás rapazas como aos rapaces que sexan exemplos de superación, estudo e éxito para alumnas e alumnos.

En consecuencia é necesaria unha reflexión desde as prácticas docentes. A formación do profesorado é básica e primordial se se quere chegar a unha boa práctica docente coeducativa en igualdade.

O obxectivo deste Plan de Igualdade é que o profesorado adquira as habilidades necesarias para identificar os aspectos sexistas e que se promova a igualdade de xénero nas aulas, transformando os espazos comúns educativos en zonas de socialización, que compartan nenas e nenos.

A metodoloxía que se propón pretende potenciar ao máximo as capacidades do profesorado, favorecendo a súa participación, o intercambio de ideas e o consenso, expresando os distintos temas dunha forma **aberta, activa, motivadora e vivencial** para conectar coas necesidades e intereses do noso alumnado.

Que é a Coeducación? Decálogo da Educación segundo Elena Simón:

A Coeducación é a mellor e máis moderna fórmula que coñecemos para que nenas e nenos crezan pensando e comprobando que as mulleres e os homes son seres humanos completos e equivalentes, que so se distinguen polos seus órganos sexuais e de reprodución.

A Coeducación rectifica as aprendizaxes incompletos que antes tiñan homes e mulleres, cos que elas non podían antes ser autónomas por non poder nin saber gañarse a vida e eles, por non saber atender e cubrir as súas propias necesidades cotiás, afectivas e vitais.

A Coeducación pretende que nenos e nenas aprendan todo o necesario para coidar e coidarse e para saber estar en disposición de gañarse a vida

A Coeducación intenta que nenos e nenas poidan xugar e divertirse sen sufrir rexeitamento.

A Coeducación procura o respecto aos gustos e necesidades singulares propias e alleas.

A Coeducación da oportunidade para as boas relacións e unha comunicación satisfactoria, sen abusos por parte de ninguén.

A Coeducación é garantía de corresponsabilidade e cooperación para terminar cos papeis das mulleres ou de homes en exclusiva e para facer posible un satisfactorio proxecto propio de vida seguindo as calidades persoais.

A Coeducación prepara para unha vida de relación humana xusta, pacífica e saudable.

A Coeducación fai máis fácil a elección de estudos, oficios e profesións sen atender ao sexo co que se naceu, senón en base ás calidades e gustos como persoa.

A Coeducación considera “o feminino” e “o masculino” en igualdade de trato e de condicións, para que se poda aprender e apreciar tanto en nenos coma en nenas.

2. Marco Lexislativo:

- Estatuto de Autonomía de Galicia, artigos 4 e concordantes.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en Igualdade das mulleres de Galicia.
- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade.
- Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller.

- VII Plan Estratégico de Galicia para a Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020

3. Fase Previa:

O paso previo para elaborar un Plan de Igualdade é o compromiso de TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA.

A temporalización da posta en práctica será de dous cursos lectivos.

1º curso:-Abordaranse estratexias xerais.

- Elaboración e realización dunha enquisa a toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado, persoal non docente, familias) para así facer un diagnóstico real na situación do noso centro.

- Observación e reflexión sobre a comunicación administrativa, utilización dos espazos comúns
...

2º curso:

- Engadir ás estratexias xerais medidas concretas que respondan a realidade do IES Blanco Amor.

4. Grupo de Traballo-Comisión de Igualdade:

Coordinadora do Equipo Directivo: Concha Álvarez

Presidenta da Comisión de Igualdade: Ana Pita (elixida no Consello Escolar como representante do profesorado, xunto con Mª del Rosario Díaz González, representante do persoal non docente, Dámaso Lorenzo Barreiros, representante do alumnado, e Castor Velo como representante das familias).

Profesoras colaboradoras: Esperanza Estévez e Julia Quintas

Alumnado e Profesorado: todo

Familia: todas

Persoal non Docente: todos

4. Características do Centro:

Localización do Centro: O noso centro atópase no barrio da Ponte, con moita identidade dentro do Concello de Ourense, e que foi independente ata o ano 1948. O alumnado era tradicionalmente do barrio e respondía socialmente á clase media. Nos derradeiros anos apréciase unha maior diversificación na procedencia do alumnado: inmigración de procedencia hispana, africana e asiática.

Datos obxectivos: O I.E.S Blanco Amor imparte a formación de Secundaria Obrigatoria e Bacharelato (este último diúrno e nocturno), Bacharelato STEM, Bacharelato bilingüe e plurilingüe.

- Instalacións: polideportivo cuberto, pista cuberta, xardín (con distintas especies de plantas e árbores, é o pulmón verde que nos osixena acotío), biblioteca, cafetería, laboratorio de ciencias, laboratorio de física e química, aulas de informática,...
- Desglose:
 - N° de alumnos na ESO: 209
 - N° de alumnas na ESO: 194
 - N° de alumnos no BACH diúrno: 73 (nocturno: 17)
 - N° de alumnas no BACH diúrno: 88 (nocturno: 20)
 - N° de alumnos inmigrantes: 13
 - N° de alumnas inmigrantes: 11
 - N° de profesores: 25
 - N° de profesoras: 45
 - N° de persoal non docente homes: 3
 - N° de persoal non docente mulleres: 7
 - **N° de alumnos e alumnas de bacharelato STEM: 23**
 - **N° de alumnos de bacharelato: STEM 07**
 - **N° de alumnas de bacharelato: STEM 16**

6. Diagnóstico:

O I.E.S Eduardo Blanco Amor réxese por un Plan de Convivencia consonte á Lei 4/2011 de convivencia e participación da Comunidade Educativa (DOGA Nº136), en conformidade do Decreto 8/2015 que desenvolve esta lei en materia de Convivencia Escolar (DOGA Nº 17).

Están fixadas ademais as normas de funcionamento.

- Respecto ao comportamento no Centro: aprender a respectar cada un dos elementos ou obxectos que o forman como parte da aprendizaxe en conxunto.

7. Principios Orientadores:

Os principios orientadores e obxectivos en termos de igualdade deben incluír desde o uso da linguaxe con perspectiva de xénero nos documentos do centro ata o desenvolvemento de acción de prevención e erradicación da violencia de xénero.

1. Principios Orientadores: Igualdade entre homes e mulleres
2. Non discriminación de ningunha opción
3. Respecto aos Dereitos, Deberes e Liberdades de homes e mulleres
4. Empoderamento
5. Transversalidade na E. específicas de cada centro e que son imprescindibles para unificar os criterios de actuación segundo os principios recollidos no Proxecto Educativo.
6. Entre as normas básicas de convivencia na aula e no Centro destacamos:
7. Respecto ás demais persoas: respectar a identidade, integridade e dignidade de todos os membros da comunidade educativa.
8. Educar na Diversidade
9. Participación
10. Corresponsabilidade
11. Uso de materiais non sexistas
12. Resolución pacífica de conflitos

13. Interseccionalidade

8. Obxectivos Xerais:

- Integrar o principio de Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres na nosa práctica docente a través de actividades.
- Educar en Igualdade afastándonos de estereotipos, prexuizos e discriminacións por razóns de sexo ou orientación sexual.
- Fomentar a reflexión sobre o papel da muller e o home nunha contorna igualitaria.
- Garantir a Igualdade de oportunidades no ámbito escolar.
- Fomentar a representación equilibrada de nenas e nenos nas aulas
- Velar porque o noso centro educativo transmita unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes
- Actuar nas situación de acoso e violencia de xénero

Obxectivos Específicos:**Ámbito da linguaxe e comunicación:**

- ❖ Potenciar o uso dunha linguaxe inclusiva tanto nos documentos de comunicación interna coma externa do centro escolar.
- ❖ Favorecer unha linguaxe inclusiva nas relación interpersoais.

Ámbito de estereotipos, roles de xénero e corresponsabilidade:

- ❖ Visualizar a influencia dos roles de xénero nas condicións de vida, nas oportunidades e as posibilidades de desenvolvemento persoal
- ❖ Substituír estereotipos por imaxes reais nas que homes e mulleres sexan valorados por igual
- ❖ Sensibilizar ao alumnado sobre a importancia da corresponsabilidade

Ámbito dos Materiais e Recursos Didácticos:

- ❖ Fomentar o uso de materiais que non presenten linguaxe, contido, ou imaxes sexistas propoñendo alternativas cando se detecten elementos deste tipo.

Ámbito dos Espazos e Xogos:

- ❖ Establecer un reparto equitativo para o uso e desfrute dos espazos comúns e xogos por parte de nenos e nenas.

Ámbito de Resolución de Conflitos e Prevención de Violencia de Xénero:

- ❖ Fomentar formas de estar e convivir baseadas no respecto, o diálogo e a empatía.
- ❖ Traballar na prevención de situacións de violencia.

9. Medidas Concretas de Actuación:

- EQUIPO DIRECTIVO/ VICEDIRECCIÓN:

- Incluir no programa de actividades eventos de sensibilización sobre temas de xénero: charlas, debates,...

- Uso dunha lingua non sexista e inclusiva na documentación do centro, recursos e materiais didácticos, carteis do centro, páxinas web, comunicación coas familias.

- Tamén se contemplará nos diferentes documentos, que configuran o Proxecto educativo do centro ou a Programación xeral anual -como son o o Plan de convivencia, o Plan de acción tutorial e o Plan de formación do profesorado- nas actividades complementarias e extraescolares que están programadas.

- DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS:

- Compromiso de elaborar as programacións didácticas contemplando a igualdade de xénero e a significación da figura feminina no seu currículo.

- Coidar o vocabulario eliminando expresións estereotipadas que fan alusión a un xénero ou a outro. Reflexionando sobre elas cando se produzan.

- Fomentar actuacións interdiscipliniais entre departamentos analizando e creando debate sobre a igualdade dende as diferentes áreas de coñecemento.

- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN- TITORÍA

-Creación dun programa para traballar en titoría sobre cuestións de xénero. Sensibilizar ao alumnado para detectar os estereotipos de xénero e os factores de discriminación así como as condicións creadoras de desigualdade:

-Educación en valores non sexistas.

-Deconstrución de roles de xénero.

-Educación afectivo sexual, tendo en conta as diferentes orientacións sexuais.

- Sensibilizar ás familias da importancia da labor conxunta de toda a comunidade educativa á hora de cambiar os arquetipos asociados ao xénero. Facer o seguimento as actividades propostas as familias.

- ALUMNADO.

-Sensibilizar ao alumnado da necesidade da actuación consciente neste tema.

-Solicitar a implicación de todo o alumnado dende a titoría e os diferentes departamentos didácticos, estando abertos as súas iniciativas e propostas. Que o alumnado adquira un rol activo e decisivo no proceso.

- BIBLIOTECA:

-Crear un BANCO DE RECURSOS na Biblioteca incluíndo listado de recomendacións de temática histórica, sociolóxica e psicolóxica, que analicen e reflexionen sobre as características da desigualdade entre os xéneros e as pautas de cambio. A disposición de toda a comunidade (alumnado, profesorado, persoal non docente, familias)

- FAMILIAS:

-Informar na primeira reunión de titoría, reunión con todas as nais e pais, do **Plan de Igualdade** e da proposta de participación que propomos as familias

-Inspirar dende as titorías temas de reflexión familiar . Integrar as familias como membros da comunidade educativa interiorizando a necesidade da interacción . O alumnado nas horas de titoría será o transmisor das ideas e conclusións traballadas en familia.

- PROGRAMAS DO CENTRO QUE TERÁN COMO OBXECTO, ENTRE OUTROS A IGUALDADE:

-Clube de Lectura: crear un grupo de debate literario co especial obxectivo de analizar roles sexistas e consecuencias deles.

-Oratoria: prestar atención especial a temáticas de igualdade. Propor concursos de debate con público que poda ao final opinar tamén.

-Deporte feminino: Fomentar a participación das alumnas en competicións e utilización de zonas comúns deportivas.

- CREAR UNHA COMISIÓN DE IGUALDADE

O Consello Escolar creará unha Comisión de Igualdade formada por un representante de cada colectivo(profesorado, alumnado, persoal don docente, familia).

Terá as seguintes tarefas:

-Aprobar a enquisa.

-Aprobar o diagnóstico.

-Examinar e debater propostas.

-Aprobar o plan.

-Realizar o seguimento do plan.

- SESIÓNS INFORMATIVAS PARA O CLAUSTRO E ANPAS.

10. Avaliación, Informe Anual e Memoria

1.- Seguimento ao longo do curso: rexistrando as actividades dos departamentos, vicedirección, titorías.

2.- Avaliación: Analizando o grado de seguimento das iniciativas, grado de coordinación dos diferentes actores e logros conseguidos.

3.- Memoria ao final de curso: informe de todo o realizado e valoración final. Propostas de mellora.

11. Días a Celebrar:

23 de outubro: Día da Biblioteca.

25 de novembro: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

30 de xaneiro: Día Escolar da Paz e Non Violencia.

11 de febreiro: Día Internacional da Muller e Nena en Ciencia.

8 de marzo: Día Internacional da Muller.

21 de marzo: Día Internacional contra o Racismo e a Xenofobia.

23 de abril: Día do Libro.

17 de maio: Día Internacional contra a Homofobia.

12. Recursos en Rede

- Museos en feminino: <https://museosenfemenino.es/>
- Mulleres con ciencia: <https://mujeresconciencia.com/>
- Educando en igualdade: <http://www.educandoenigualdad.com/>
- Instituto da muller: <http://www.inmujer.gob.es/>
- Mulleres en Galicia: <http://igualdade.xunta.gal/es>
- Xuventude: <http://xuventude.xunta.es/>

13. Actividades:

PROXECTO DE INNOVACIÓN EDUCATIVA POLA IGUALDADE EN MÚSICA.

PROFESORA: JULIA QUINTAS ÁLVAREZ.

PROPOSTA PRÁCTICA PARA OS ALUMNOS/AS DE MÚSICA DE 2º ESO Curso 2022-2023:

XUSTIFICACIÓN:

A través da materia de música, podemos facer unha pequena aportación á educación na igualdade entre homes e mulleres. As mulleres tiveron que superar importantes dificultades marcadas polas diferenzas de xénero existentes dende a Antigüidade ata actualidade en tódolos campos da música, tanto como compositoras ou como intérpretes. Na historia da música apenas se mencionan ás mulleres que destacaron en calquera eido da música. O papel desenvolvido pola muller na historia da música foise silenciando durante séculos debido aos patróns sociais imperantes que impediron que a muller tivese o recoñecemento que lle corresponde na música.

Namentres houbo mulleres que fixeron fronte ás inxustizas e loitaron por ter un oco na música como compositoras ou como intérpretes. Estas mulleres abriron o camiño para unha maior igualdade profesional e sociocultural cos homes na música. Por iso é importante recuperarlas do inxusto olvido de épocas pasadas, xa que foron pilares fundamentais na historia da muller na música.

Hai numerosos exemplos de mulleres destacadas na música. Para os alumnos/as de 2º ESO seleccionamos tres delas, Maddalena Casulana, a primeira muller que

publicou a súa música, Francesca Caccini muller compositora pioneira como fundadora dunha escola de canto e autora da primeira ópera composta por unha muller, e Elizabeth Claude Jacquet De La Guerre a primeira muller compositora francesa de importancia.

1º TRIMESTRE:

Descrición da actividade:

Os alumnos/as de música de 2º ESO farán unha procura de información en internet sobre Maddalena Casulana, realizarán unha reseña sobre a súa biografía e obra, e unha conclusión relativa á aportación á igualdade entre mulleres e homes desta primeira muller que publicou a súa música. Cada rapaz/a ilustrará a súa reseña cunha fotografía de Maddalena Casulana.

O 20 de decembro Día Internacional da Solidaridade Humana, exporase as reseñas e conclusións de tódolos/as alumnos/as sobre Maddalena Casulana en cartulinas decoradas a tódala Comunidade Educativa do IES Blanco Amor de Ourense nas distintas dependencias do centro.

2º TRIMESTRE:

Descrición da actividade:

Os alumnos/as de música de 2º ESO farán unha procura de información en internet sobre Francesca Caccini, realizarán unha reseña sobre a súa biografía e profesión, e unha conclusión relativa á aportación á igualdade entre mulleres e homes desta muller compositora pioneira como fundadora dunha escola de canto e autora da primeira ópera composta por unha muller. Cada rapaz/a ilustrará a súa reseña cunha fotografía de Francesca Caccini.

O 8 de marzo día Internacional da Muller, exporase as reseñas e conclusións de tódolos/as alumnos/as sobre Francesca Caccini en cartulinas decoradas a toda a Comunidade Educativa do IES Blanco Amor de Ourense nas distintas dependencias do Centro.

3º TRIMESTRE:

Descrición da actividade:

Os alumnos/as de música de 2º ESO farán unha procura de información en internet sobre Elizabeth Claude Jacquet De La Guerre, realizarán unha reseña sobre a súa biografía e profesión, e unha conclusión relativa á aportación á igualdade entre mulleres e homes desta primeira muller compositora francesa de importancia. Cada rapaz/a ilustrará a súa reseña cunha fotografía de Elizabeth Claude Jacquet De La Guerre.

O 24 de maio Día Internacional das Mulleres pola Paz, exporase as reseñas e conclusións de tódolos/as alumnos/as sobre Elizabeth Claude Jacquet De La Guerre en cartulinas decoradas a tódala Comunidade Educativa do IES Blanco Amor de Ourense nas distintas dependencias do centro.

CONCLUSIÓN:

Estes traballos dos alumnos/as de música de 2º ESO visualizarán a loita pola igualdade destas mulleres compositoras e intérpretes, e todos reflexionaremos sobre como eliminar os estereotipos que favoreceron o desigual recoñecemento do talento musical polo simple feito de ser muller ao longo da historia da música.



Proxecto de Igualdade en Oratoria. profesora: Marga Seara.

Proposta práctica para os alumnos/as de de 2º ESO:

Semana de debates baixo o lema “Somos Iguais-Somos Diferentes”. Os roles de xénero na vestimenta, nas tarefas do fogar, no deporte,...

Temporización: 1º trimestre.

Proxecto de Igualdade en Inglés.

Profesoras involucradas: todo o departamento, que está formado integramente por mulleres.

Alumnos: ESO e Bacharelatos

Temporización: todo o curso

Actividades propostas:

- Lectura (e análise) dun poema escrito por unha autora británica (temporalización: 8 de marzo).

- Análise da representación mediática dos e das adolescentes. Poderíamos centrar cada trimestre nun tipo de medio de comunicación que sexa importante nas súas vidas. Por exemplo, películas ou series (1º trimestre), publicidade (2º trimestre) e cancións (3º trimestre). Tamén podería valorarse cambiar algún destes temas por redes sociais ou cómics, entre outros. Este tipo de actividades permiten traballar os estereotipos e axudalos a ser conscientes da influencia que os medios teñen en como se ven a eles e elas mesmos e en como se relacionan cos demais. Podería ser interesante de 2ºESO en adiante (temporalización: ao longo do curso).
- Realizar unha serie de mini-biografías titulada “Women who changed the world”. O alumnado podería realizar unha pequena presentación dalgunha muller que tivera unha gran influencia nalgún aspecto que consideren importante. Por exemplo, dar a coñecer a Emmeline Pankhurst, a líder das sufragettes. Poderíase preparar unha presentación polos corredores ou outros espazos. O obxectivo das presentacións destas mulleres sería dar a coñecer por que foron importantes, o que fixeron.

***ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E
COMPLEMENTARIAS***

Curso 2022-2023

IES Blanco Amor de Ourense

Programa EduExchanges

DEPARTAMENTO DE INGLÉS

EDUEXCHANGES PRESENCIAL 22-23

O Departamento de Inglés elaborou un **proxecto educativo** (con tarefas dirixidas a traballar como comunicar información importante sobre el@s mism@s, de autoconecemento del@s mesmos para poder transmitir tanto de forma oral como escrito), para preparar ós alumn@s cara a vivencia dunha experiencia de intercambio con alumn@s estranxeiros dun colexio do Reino Unido. De este modo, un grupo de 20 alumn@s de 4º de ESO (seleccionado entre todas as solicitudes) podería viaxar o centro educativo estranxeiro para vivir unha estadía dunha semana, e tamén recibiríamos no noso centro a eses alumn@s estranxeiros.

A **participación** neste proxecto xurde da visión de que a lingua inglesa é unha ferramenta de comunicación moi importante dentro do noso centro (existencia de seccións bilingües, pluribach e incluso SteamBach) e unha ferramenta esencial no futuro do alumnado. Ademais, cremos que é moi importante permitirlle ó noso alumnado a participación en proxectos que favorezan a mellora da comunicación lingüística en lingua inglesa.

Para xustificar a nosa participación, podemos mencionar unha serie de **razóns**:

- a) En primeiro lugar, consideramos que a participación no programa de intercambio sería unha oportunidade magnífica que nos permitiría proporcionar ao noso alumnado oportunidades reais para o uso da lingua inglesa que complementen e amplíen o traballo desenvolvido na aula. Dado que os contextos nos que o noso alumnado pode empregar o inglés como unha ferramenta comunicativa á marxe do centro educativo son bastante limitados, este proxecto preséntasenos como unha oportunidade única tanto para brindarlles máis ámbitos para a práctica do idioma como para amosarlles a utilidade real desta lingua para as súas vidas.
- b) En segundo lugar, cremos que, ao facilitar aos estudantes un contacto directo con outras realidades, o devandito programa contribuiría de xeito moi positivo a ampliar o coñecemento do noso alumnado sobre a cultura, a historia, as tradicións e a sociedade doutros países, axudando a promover o respecto e a comprensión mutua que tan necesarios resultan para formar cidadáns que sexan capaces de facer fronte aos retos da nosa sociedade actual.
- c) Asemade, pensamos que este proxecto sen dúbida contribuiría a ampliar o coñecemento e interese do noso alumnado pola súa propia cultura, historia e tradicións, creándolles a necesidade de investigar, seleccionar e tratar aquela información que despois transmitirán aos seus intercambios. Deste xeito, os nosos alumn@s converteranse nos mellores embaixadores da nosa cultura e tradicións galegas.
- d) Finalmente, outra das razóns que motivan a nosa solicitude é que consideramos que a natureza do proxecto se adecúa á perfección ás

motivacións que presenta o noso alumnado de 4ºESO, que mostra un interese especial tanto por entablar e manter relacións sociais cos seus pares (incluso doutros países) como por viaxar fóra das nosas fronteiras. Deste xeito, pensamos neste programa como unha ferramenta especialmente útil para fomentar o interese do noso alumnado pola participación en proxectos académicos.

En canto aos **obxectivos de aprendizaxe**, podemos citar os seguintes:

1. Mellorar todas as destrezas comunicativas na lingua estranxeira do noso alumnado, con especial fincapé na produción oral (speaking and listening).
2. Favorecer o desenvolvemento das competencias sociais e cívicas.
3. Proporcionar un entorno óptimo para que o noso alumnado desenvolva un traballo colaborativo a múltiples niveis (profesorado, compañeiros do centro, compañeiros do intercambio).
4. Promover o desenvolvemento da iniciativa persoal.
5. Conseguir que o alumnado constrúa a súa propia aprendizaxe de maneira que esta resulte significativa.

Creemos que o alumnado obtería importantes **beneficios** da súa participación neste proxecto que lle acompañarían ao longo da súa vida tanto a nivel académico como persoal.

- En primeiro lugar, esperamos que o intercambio contribúa ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa en lingua inglesa, permitíndolle mellorar todas as destrezas, en especial aquelas relacionadas coa produción, que tanto traballo precisan nun contexto non inmersivo como o noso.
- En segundo lugar, pensamos que empregar o inglés nun contexto real como unha ferramenta que brinda acceso a realidades novas e interesantes axudaría a reforzar no alumnado a idea de que o coñecemento desta lingua non só é algo útil a nivel académico, senón tamén imprescindible para o seu futuro persoal e profesional.
- En terceiro lugar, esperamos que ao remate do proxecto o alumnado non só desenvolvese unha actitude de tolerancia, respecto e interese polos aspectos culturais, históricos e sociais propios da comunidade de intercambio, senón que tamén afondase no coñecemento da súa propia cultura e que desfrutase no seu papel de embaixadores da nosa comunidade.
- Polo que respecta ao resto da comunidade educativa, o profesorado directamente vinculado no proxecto obtería unha experiencia moi positiva que sen dúbida redundaría na súa labor docente á marxe desta actividade.
- En canto ás familias, consideramos que se beneficiarían en tanto membros dunha sociedade que sumaría cidadáns máis conscientes da necesidade de entendemento mutuo neste mundo intrinsecamente interconectado no que vivimos. Finalmente, cómpre salientar que as familias e a comunidade

educativa tamén serían partícipes dos resultados do proxecto ao ser testemuñas dos avances dos seus fillos.

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

Intercambio institutos E. Blanco Amor (Ourense) e Cidade de Antioquía (Xinzo de Limia) con Lycée Jean XXIII (Quintin/France).

Datas aproximadas: 15-29 marzo.

15-23 marzo: estancia coas familias de acollida francesas (excursiones/visitas a Nantes, Mont. Saint Michel, Vannes, Carnac...).

23-29 marzo: estancia en París (visitas Tour Eiffel, Museo Orsay, Opera Garnier, Montmartre, Museo Picasso, Quartier Latin, Invalides....). Noite en Burdeos (28).

Profesoras acompañantes IES Blanco Amor: M^a Magalí Baladrón Zeeh y M^a José Prada

Número aproximado alumnado: 20 (alumnado de 4º ESO)

Actividades dos Departamentos



ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES Programación Anual



IES Eduardo Blanco Amor
Curso 2022-2023



Consideración Previas

Neste curso 2022-2023, a melloría da situación da Pandemia e o levantamento de case todas as restriccións, fai que pouco a pouco poidamos levar a cabo actividades complementarias e extraescolares. Actividades que son tan enriquecedoras para o alumnado e que contribúen ao seu desenvolvemento académico e emocional.

Protocolo Covid

Durante o curso 2022-2023 non haberá un protocolo específico de adaptación ao contexto da Covid-19 no ámbito educativo. Non obstante, será preciso observar unha serie de recomendacións:

1. Ventilación de espazos. A axeitada ventilación tense amosado como unha medida de saúde e hixiene eficaz na prevención de diferentes enfermidades e a redución da propagación aérea de patóxenos. Realizaranse tarefas de ventilación cruzada frecuente nas instalacións. É recomendable ventilar por espazo de polo menos 15 minutos ao inicio da xornada, 15 minutos ao remate de cada xornada (mañá e tarde), durante os recreos, e durante as clases e entre estas sempre que as condicións climatolóxicas o permitan. As recomendacións xerais de ventilación vixentes en cursos anteriores seguen a ser válidas.

2. Hixiene de mans e hixiene respiratoria Promoverase o lavado de mans regular, especialmente antes e despois de comer, despois de ir ao baño e logo dos recreos. De igual xeito deberase gardar unha axeitada hixiene respiratoria polo que ao tusir ou esbirrar cubrirase a boca e o nariz coa cara interior do cóbado ou cun pano.

3. Uso de máscara: A máscara utilizarase no transporte escolar de acordo ao previsto con para o transporte con carácter xeral. Recoméndase o uso da máscara: • A persoas que presenten síntomas compatibles coa Covid -19. • A persoas con criterios de vulnerabilidade, especialmente en situacións de alta incidencia comunitaria. • A persoas que presenten sintomatoloxía respiratoria, con ou sen sospeita de Covid-19. En todo caso porase especial coidado en coidar e previr a estigmatización das persoas que, con condicións de risco de Covid-19 ou por decisión persoal, utilicen máscara.

4. Actuación ante síntomas compatibles e casos positivos de Covid-19 Os centros educativos non son considerado ámbito vulnerable polo que non está indicada a realización de probas diagnósticas salvo para aquelas persoas que cumpran os criterios de vulnerabilidade previstos nos protocolos de vixilancia da Covid-19.

Escolas pola tarde

BALONCESTO: como todos os anos os nosos alumnos entrenan no noso polideportivo este deporte. Coordinación a cargo de José Ortega.

TEATRO: Marga Varela dirixe desde hai varios anos o talentoso grupo de teatro do Blanco. Son varios premios os acadados ata o momento. Cada vez ten máis alumnos que demandan esta actividade.

PATINAXE: O clube Meigas Rodas dirixe esta actividade que se ubica no patio cuberto.

BÁDMINTON: pese a demanda de alumnos este ano non vai poder manterse por problemas da Escola de Bádminton.

CAPOEIRA: presentamos esta nova disciplina o ano pasado dado o seu importante papel no desenvolvemento físico e psíquico entre a xente nova. Este ano continúa e tendo máis alumnado interesado. Horario mércores e venres de 18h a 19h.

Departamentos



Departamento de Matemáticas

- **Visita delegación INE**, para 1º bach, sobre marzo, a cargo do prof. Benjamín Macía.
- **Olimpiada 2º ESO**, mes de abril, prof. Benjamín M.
- **Canguro Matemático**, para todos os niveis.
- **Rally Matemático**, para a ESO, mes de marzo. Prof. Benjamín M.
- **Olimpiada Matemática Española**, da ESO a BACH, mes de xaneiro, prof. Carlos Ferreiro.
- **Pangea** para todos os niveis
- **Construcción Esponja de MENGER**, para a ESO, de outubro ata abril, a cargo da prof. Rosa Gómez.

Departamento de Educación Física

- *Xornadas de Capoeira*, a celebrar na primeira semana de outubro para alumnado da E.S.O no polideportivo do centro.
- **Bádminton**: a celebrar toos os sábados de xaneiro- no I.E.S Otero Pedrayo-, para 2º e 3º E.S.O
- **Curso de Orientación**, a celebrar en abril, destinado a todos os grupos da E.S.O. Prof: Ernesto L.
- **Tenis de mesa**, a celebrar en maio, destinado a todos os grupos da ESO. Prof: Ernesto L.
- **Escalada**, para o mes de maio, para 4º ESO. Prof: Ernesto L.
- **Edu-Saúde, Mércores 18-19h. Tennis de mesa e bádminton. Prof: Ernesto L.**

Departamento de Música

- Proxecto para fomentar a **IGUALDADE**: a cargo de Julia Quintas entre o alumnado de 1º ESO de obradoiro de música e para facerse eco das **MULLERES SILENCIADAS NO EIDO MUSICAL**. 1º trimestre adicado a Beatriz de Día a celebrar no 22 de novembro, Día de Santa Cecilia. 2º trimestre adicado a Antonia Louise Brico, a celebrar o 8 de marzo. 3º trimestre adicado a Ana Kiro, a celebrar o 17 de maio, Día das Letras Galegas.

Departamento de Inglés

- **Thanksgiving Day:** Cuarto xoves de novembro. Os grupos da ESO, farán un Thankful Tree e pegarán nel, follas de agradecemento.
- **Bonfire Night:** 5 de novembro. Podemos relacionala coas fogatas do San Martiño (11 de novembro). Para todos os cursos. Recitar algún poema como “Remember, Remember”. Ou ver algún vídeo sobre a festividade.
- **Christmas Time:** Os cursos da ESO farán Christmas Cards, con premio incluído e publicación das gañadoras no portal web.
- **Martin Luther King:** Para celebrar o Día dos Dereitos Humanos (17 de xaneiro)
- **St. Valentine’s Day:** Día do Amor e da Amizade. O alumnado escribiría notas de amizade para darlle a amigos ou familia.
- **Mardi Gras:** disfraces que salienten a mulleres relevantes da historia, da arte, da cultura, da literatura... tales como Mary Shelley, Bronte Sisters, Frida Kahlo, Agatha Christie, Amelia Earhart, Harriet Elisabeth Beecher...
- **St. Patrick’s Day:** toda a comunidade educativa levará posto algo de cor verde en honor da cultura irlandesa.
- **Viaxe cultural a algún país anglofalante:** todavía por determinar. Datadas posibles: 3 ao 7 de xuño
- **EduExchanges:** virtual e presencial. Pendente de confirmar.

Departamento de Latín e Grego

- **O Ourense Romano** (3 horas en horario lectivo con unidade didáctica). Dirixido a 3º e 4º de Cultura Clásica.
- **Visita ao Campamento de Aquis e o Centro de Interpretación**, Aquis Oríginis, mansio. Miliarios de Portela. Castro de Armeá.
- **Participación no Festival de Teatro Clásico**, Auditorio de Ourense. Como todos os anos asistiremos a unha traxedia grega e a unha comedia romana.

Departamento de Biología

- **Zoo de Marcelle ou Visita á reserva de Amigos da Terra en San Mamede**. 1º ESO. Abril ou Maio 2023. A cargo da profesora Irene Traba.
- **Visita ETAP de Ourense**. 3º ESO. Marzo 2023. Prof: J. Bascoy.
- **Charlas ofertadas polo Concello**. 4º ESO. Prof: F. Boán
- **Visita ao Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas, Illas Cíes**. 1º bacharelato. Maio 2023. Prof: Rafael González.

Departamento Tecnoloxía

- Visita á planta de PSA, para 1º e 2º bach, cara finais da 1ª avaliación
- Visita a CIE Automotive. 4º ESO e 1º e 2º bach, mes de decembro
- Visita ao Parque Tecnolóxico.

Departamento de Galego

Actividades do Concello:

- **Coñece a túa Cidade**: Ourense Literario para 3º ESO, a cargo da profesora Carmen Trigo.
- **Coñece a túa Cidade**: A Cidade Medieval de Ourense, para PMAR a cargo da profesora Pilar Pajarín.
- **Coñece a túa Cidade**: A Cidade Medieval de Ourense, para 4º ESO, a cargo da profesora Fina Rguez e Pilar Varela.
- **Coñece a túa Cidade**: Ourense Literario, para 3º ESO, a cargo da profesora Carmen Trigo
- **Tertulias Literarias**: Tertulia en galego, para 1º bach, a cargo da profesora Mª Soledad do Muíño.

Departamento de Filosofía

- **Educar en Xustiza:** 1º bach a cargo de Inmaculada Gándara
- **Visita CGAC:** 4º ESO a cargo de prof. Xaquín Silva
- **Excursión a Coruña:** **xornada de convivencia de titorandos**, 3º ESO prof. J. M. Domínguez
- **Excursión a Salamanca,** visita cultural universitaria. 2 bach, prof encargado J.M. Domínguez
- **Clube de lectura:** para 3º ESO, os xoves no 1º recreo a cargo do profesor J.M. Domínguez
- **TDAG:** Para 1º bach. Prof. Inmaculada Gándara. (Febreiro).
- **EYP:** Para 4º e 1º bach. Prof. Inmaculada Gándara. (Marzo).
- **Charlas de CIMO (Os Riscos de Internet),** para 1º ESO en setembro. Prof. Asunción de la Fuente
- **Olimpiada Filosófica:** de 3º a 2º bach. 30 novembro. Prof. J. M- Domínguez

Departamento de Xeografía e Historia

- **Viaxe cultural a Madrid** dirixida ao alumnado de Historia da Arte de 2º de bacharelato. Museo do Prado, Museo Raíña Sofía, Museo Thyssen, Museo Arqueolóxico Nacional, Caixa Forum e Fundación March. Temporización: finais de marzo ou comezos de abril.
- **Proxecto Terra**: para 3º ESO. Visita a Ferrol e Fraguas do Eume. Dous días no mes de abril.
- No segundo trimestre, o departamento colabora co proxecto **Educación Responsable**, en termos de potenciar o estudo da arte con sensibilidade e creatividade.
- Visita, xunto co dpto de Grego, ao **Ourense Romano**: Baixa Limia, Celanova, Santa Comba, Aquis Querquennis...

Departamento de Economía

Como actividade complementaria, o departamento de Economía levará a cabo un **obradoiro de Economía** dentro do marco do CP Innova, para alumnos de 4ºESO, 1º e 2º de Bacharelato. Está encamiñado ao alumnado que desexe afondar na aprendizaxe desta materia, curse ou non calquera das materias do departamento.

Departamento de Lingua Española

- **Tertulias Literarias do Concello**. (A cargo da profesora Avelina González).
- **Ourense Literario** (actividade do Concello), a cargo da profesora Avelina González.
- **Visita á Biblioteca Pública Nós**. Alumnado 1º bach, prof: Avelina González

Plan Lector

O decreto 133/2007 no seu anexo 5 sinala que:

*Os centros educativos deberán elaborar e incluír nos seus proxectos educativos de centro, **proxectos lectores** que integren todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura e da escritura e á adquisición das competencias básicas.*

No noso Centro o proxecto lector inclúe **media hora de lectura libre e diaria** para o alumnado. Cada semana lemos a unha hora distinta: primeira semana, á primeira hora, segunda semana, á segunda hora, e así sucesivamente. O alumnado debe traer o libro ou cómic da súa casa. Recordamos que é necesario tratar de cumprila.

O día elixido para comezar as lecturas é o luns, 3 de outubro.

Profesoras encargadas do Plan Lector, M^a José Álvarez (Tecnoloxía), Sira González (Física e Química), M^a Victoria Linares (Matemáticas. O coordinador é Manuel Ruido (Lingua Castelá e Literatura).

Contratos-Programa

Edu-Saúde

Mércores 18-19h

Tenis de mesa e bádminon

Dtpo de E.F (Ernesto Larrea)

Departamento de Orientación

- **Programa “A Ponte”** charlas ABAU para 2º bach.
- **Visitas informativas** para 4º ESO aos I.E.S Laboral, Antonio Faílde e I.E.S Vilamarín.
- **Plan Proxecta**, sección “Quérote”.
- **Técnicas de Relaxación**, para 2º bach.
- **Charlas Cruz Vermella**, condutas alimentarias para 3º ESO, maltrato e igualdade para 2º ESO.
- **Visita a unha axencia de colocación**, para 4º ESO
- **Talleres de Autoestima**, para 1º ESO

Actividades STEM

- **Charlas e Coloquios** como outros anos ademáis de **SESIÓNS FORMATIVAS** xunto con:
 - ❑ Universidade de Vigo: Facultade de Filoloxía Inglesa
 - ❑ CINTECX
 - ❑ Universidade de Santiago: CIMUS, CIQUS, Facultade de Matemáticas, Facultade de Física
- **Actividades relacionadas co DÍA DA MULLER E A NENA NA CIENCIA**

Actividades STEM

- o día 11 de febreiro:

DÍA DA MULLER E A NENA NA CIENCIA.



Día da Muller e a Nena na Ciencia




Actividades nas Titorías e outras clases

- PROGRAMA “Coñece Ourense” dirixido pola Deputación de Ourense.
- Visita á Biblioteca Pública Nós. Alumnado 1º bach. Prof. responsable: Avelina González
- Concellería de Saúde: Temas: Alcol, Internet e os seus Riscos, Alimentación e Saúde, Habilidades Sociais, Violencia entre Iguais... cursos: 1º ESO
- Tertulias Literarias e Ourense Literario: a cargo da profesora de lingua española, Avelina González.

Encontros de familias e profesorado



ES Blanco Amor



DATAS:

18, 19, 20 de outubro

HORARIO:

19:30 a 20:30

INTERVENEN

D^a. María Jones

D^a. Inmaculada Gándara

D. Carlos Ferreiro

Contidos

A túa familia, en positivo.

Ferramentas para conciliar a vida familiar e laboral.

O móbil: úsalo ou che usa?

Obxectivos

Procurar un espazo de encontro, formación e reflexión para nais/pais e Educadores.

Metodoloxía

Cada sesión constará de:

- Exposición teórica.
- Análise de caso práctico ou taller.
- Diálogo e preguntas.

Actividades sobre a Potenciación da Lingua Galega

- 23 de febreiro, DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO. Uns alumnos e alumnas seleccionados pasan polas clases para recitar poemas desta poeta.



Actividades organizadas por Vicedirección

PLAN DIRECTOR:

Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e os seus contornos.

Temática solicitada: Novas Tecnoloxías, Drogas e Alcol, Bandas Xuvenís, Violencia de Xénero e Acoso Escolar.

Para todos os cursos da E.S.O

Festas e Días Especiais

DÍA DA PAZ 21 setembro

DÍA UNIVERSAL DA INFANCIA 20 novembro

DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO 25 de novembro

CONMEMORACIÓN DA CONSTITUCIÓN E DO ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA do 30 de novembro
ao 7 de decembro de 2020

DÍA INTERNACIONAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE 3 decembro

DÍA DE LA DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS HUMANOS 10 decembro

DÍA INTERNACIONAL DA EDUCACIÓN 24 xaneiro

DÍA ESCOLAR DA NON VIOLENCIA E DA PAZ 30 xaneiro

DÍA DA MULLER E A NENA NA CIENCIA 11 de febreiro

DÍA INTERNACIONAL DA MULLER 8 de marzo

DÍA DAS LETRAS GALEGAS semana do 16 ao 20 de maio

Conclusión

Ao longo do curso xurden actividades que imos engadindo a estas expostas. Atendendo sempre á diversidade o noso alumnado, buscamos todas aquelas iniciativas que contribúan ao seu desenvolvemento académico e emocional, así como todas aquelas que fomenten os valores de convivencia máis reseñables, para facer dos nosos alumnos e alumnas cidadáns, dos que nos poidamos sentir orgullosos.